

terra *e* tempo

revista galega de pensamento nacionalista

Entrevista a
**María do Carme
García Negro**



Sistema de Financiamento en 2004

As nossas prioridades para o rural

A situación industrial en Galiza

De Alexandre Bóveda a Moncho Reboiras

Ciclo progressista na América Latina

Betanzos e as súas Mariñas

DOSSIER | **CARTA DE CASTELAO**



6



48



73



97

sumario

Opinión

4 [Iria Aboi Ferradás]

Entrevista

6 **María do Carme García Negro**
[Roberto Vilameá Ponte e Hadrián Gómez Vázquez]

Economía

16 **Resultados da liquidación do Sistema de Financiamento en 2004**
[Xosé Díaz e Díaz]

27 **As nosas prioridades para o rural**
[Bernardo Valdês Paços]

39 **A situación industrial en Galiza**
[Xoán Manuel Bazarra Agulla]

48 **Urbanismo e Vivenda (II). O prezo da vivenda**
[César Mosqueira Lourenzo e Carme Da Silva Méndez]

Cultura

64 **Vixencia dos textos filosófico-políticos de Ramón Vilar Ponte**
[Francisco Rodríguez Sánchez]

67 **De Alexandre Bóveda a Moncho Reboiras**
[Xoán Carlos Garrido Couceiro]

Internacional

73 **Ciclo progressista e luta pelo socialismo na América Latina**
[Ronaldo Carmona]

83 **A Sujeita**
[Luís Fazenda]

Viaxes

89 **Betanzos e as súas Mariñas**
[Xesús Torres Regueiro]

DOSSIER | CARTA DE CASTELAO A RODOLFO PRADA

98 **Un documento excepcional de Castelao**
[María Pilar García Negro]

99 **Castelao a Rodolfo Prada. Treito da carta do 10 de abril de 1947**

UN NACIONALISMO VESTIDO POLO FORRO



carta do presidente

Podemos interpretar que a Facultade de Ciencias Políticas das universidades actuais ten a misión de formar cadros dirixentes para rexer o goberno dos Estados. Virían ser, estas Facultades, a substitución das outrora chamadas polo franquismo “Escuelas de Mando”. Que non se ofendan quen poidan tomar esta caricatura como descalificación profesional. A miña pretensión vai polo camiño de alertar sobre o perigo, aberto ou agachado, de reducir a confrontación política a un problema tecnocrático. Suprimidos os intereses e as opcións de clase, a loita partidaria fica reducida a contrastar a maior ou menor eficiencia dos métodos aplicados ao mesmo e único modelo. Escoltemos os debates parlamentares. Atendamos ás declaracións dos voceiros políticos nos medios de comunicación. A ciencia rematou coas clases, paso primeiro para decapitar a liberdade. ¿Non foi Marx quen retrasou o fin das mesmas á fase final do comunismo? Nen histórico nen científico; materialismo inxenuo o do autor d’ O Capital. Acabouse a economía capitalista ou socialista. Só existe a economía en estado puro.

Por moi suxerente que sexa o tema para o adoutramento revolucionario (meigas fóra!), non vou aproveitalo neste sentido. Quero referirme a unha consecuencia colateral da concepción tecnocrática: a prevalencia dos criterios técnicos –por suposto, nunca desprezábeis– para a escolla de altos cargos de Goberno. Dar primacía á formación profesional sobre a firmeza ideolóxica. Despotismos ilustrados á parte, pergúntome eu de que escola científica tomaría o Marqués de Pombal a fórmula para expulsar de Portugal os xesuítas, abolir a escravitude no Brasil, fundar escolas, reconstruír Lisboa. Correspóndelle ao político definir os obxectivos e o modelo de sociedade en base ás credenciais entregadas polo povo. É o técnico un simples operario ao servizo dos obxectivos escollidos. En ningún país se accede a un Ministerio através de concurso-oposición. Os pioneiros da revolución cubana, os que devolveron ao mambí o latifundio, estudaron na súa maioría nas escolas da guerrilla.

Baixemos á realidade. Á realidade na que me movo eu, na que nos movemos nós, na que se move o nacionalismo. ¿Son diferenzas de método ou conceptos distintos sobre Galiza os que separan os nacionalistas das outras forzas políticas? Mesmo que, infelizmente, algunhas mensaxes eleitorais se dilúan no puído tópico do emprego, dos edéns para a vellice, da suba das pensións, o certo é que nunca atoparemos rival na reivindicación da dignidade nacional, na denuncia da nosa dependencia, da reclamación dos dereitos inherentes a unha patria soberana. Non esquezamos que Galiza sempre existiu e perdurará como nación, ou nunca será nada. En todo caso, un simples accidente xeográfico. Por iso, para traducir en acción de goberno a confianza recibida en votos, o nacionalismo nunca atopará fóra da matriz ideolóxica os xestores da súa alternativa. Non existen en política reciclaxe nen cursiños acelerados de militanza. Existe vocación e compromiso cunha clase e cun país.

Claro que, á marxe dun erro de plantexamento ou doutras malévolas intencións que polo de agora omito mencionar, tamén se pode caír na tentación de procurar en casa allea o que na pro-

pria abunda, debido a unha abusiva aplicación dun aperturismo que cada quen interpreta de xeito diferente. A este concepto, que prolifera como tópico en documentos congresuais, aínda nunca se lle fixaron os límites da súa dimensión semántica. Para moitos significa proselitismo militante. Aínda que errónea, esta tradución non dá pé a interpretacións tan elásticas e ambiguas como as que caben na palabra de apertura. O proselitismo transmite á sociedade o patrimonio ideolóxico sen aditamentos, aínda que escollendo as vías de máis doada penetración. É un dos elementos consubstanciais desa loita que os nacionalistas adoitamos empregar. Para o nacionalismo galego, de insuficiente introdución social, a urxencia máis premente é a de captar prosélitos, obxectivo no que o número de afiliados nunca poderá suprir a calidade militante.

Apertura. Bendita apertura. ¿De que portas e fiestras? ¿A que hóspedes? ¿A que correntes, pois unhas ventilan e outras producen bronquite ideolóxica? Estes e moitos máis son os interrogantes que provoca un concepto que precisa de acoutamentos, pois sen eles corre o risco de converterse en comodín de oportunistas políticos. Tamén eu pratiquei as miñas aperturas na longa traxectoria militante. Son necesarias e aproveitan cando van correctamente conducidas. ¿É apertura esperar pola mañá e almorzar cunha candidatura nacionalista encabezada por alguén que a noite anterior se deitou no leito do PP? Máis que apertura semella unha auténtica violación. Abofellas que os compañeiros que deron hospedaxe a sionistas cometeron o erro por excedérense na consigna aperturista. Hóspedes que tomaron o albergue como seu, e que agora demandan xustiza dunha lei española que priva a Galiza da súa propia lei. Esperpentos maiores veremos se non embrizamos o cabalo desbocado.

Malia as eivas e perigos de entregar cargos e prebendas a adventicios, unha organización sólida, con órganos de dirección dotados de autoridade e firmeza ideolóxica, ten o vigor suficiente para impedir que o intruso non se demande da disciplina e intereses do partido que o apadriña. Non está aquí o problema. Non hai agarimo máis aquecedor que o que sai do forno onde se coce o pan. Existe un inconveniente novo que pode xurdir. Por inxenuidade, analfabetismo político ou intencións malévolas que máis arriba insinuei, tamén se pode cometer o erro de introducir de esguello nos postos de mando partidarios a quen primeiro se meteu de esguello nas tarefas de goberno. Os argumentos a prol de semellante dislate son tan irrisorios que mesmo resultan ridículos para convencer a ningún incauto. Trataríase –segundo a teoría peregrina– de integrar o neófito nos debates dos centros encargados da toma de decisións, para a súa formación e para a mellor asunción da liña política a seguir. Falando claro, converter o Consello ou Comité (por darlle un nome) nunha Facultade na que se admiten alumnos como ouvintes. Aberrante. Unha dirección política confiada aos criterios de aprendices. Unhas revolucións tomadas por un sanedrín de catecúmenos, pois nelas participa con voz, con voto e con intereses este noviciado.

Prefiro o concepto *transformador*, pois o de *esquerda* está agora invadido polos *okupas* da progresía. A coherencia nacionalista esixe, portanto, manter en alerta todos os resortes que nos protexen da invasión ideolóxica

¿E que intereses? É opinión xeneralizada no pensamento político que as alcatifas amornan os devezos combativos, mesmo naqueles militantes curtidos nas trincheiras revolucionarias. Por iso, aquí e na Patagonia, agás nos reximes autocráticos, tanto a esquerda como a dereita procuran non subordinar as executivas partidarias á primacía de membros vinculados ás tarefas de goberno. Non se poden hipotecar os intereses de partido –ou sexa, os do segmento social que este representa– aos intereses persoais que abrochan no exercicio de determinadas funcións. De Aristóteles a Marx a existencia dos intereses criados non é unha invención do Nobel español que os levou ao escenario. E se isto vale como criterio de aplicación a militantes de longa e incorrupta traxectoria, de militantes que entraron pola vocación de serviren e non para medraren, ¿que non diremos daqueles que tomaron o carné a cambio de moqueta?

O nacionalismo, ademais de loitar pola liberación dun povo sometido, por definición é unha forza política transformadora da sociedade, e, como tal, sometida ao permanente fustrigamento do sistema, inclusive naquelas versións en aparencia máis conciliadoras. Prefiro o concepto *transformador*, pois o de *esquerda* está agora invadido polos *okupas* da progresía. A coerenza nacionalista esixe,

portanto, manter en alerta todos os resortes que nos protexen da invasión ideolóxica. Se algo medrou este movemento non foi por mansa sumisión, senón por rebeldía. Troia non sucumbiu polas armas de Agamenón, senón polos invasores do cabalo. Entronizar cabalos nas cúpulas dirixentes pode converter en idólatras aos que se proclaman libertadores. Algunha vez escoitei –non sei a quen– que existe un proxecto para transformar o nacionalismo nun prazo de dez anos. ¿Transformalo en que? ¿Non será talvez a transformación do fuxitivo, que, para despistar o seu perseguidor, virou o casaco do revés e vestiuno polo forro? Un nacionalismo vestido polo forro é un nacionalismo que se bate en retirada. Se é humano desfalecer, e, portanto, desertar, a traizón, ademais de covardía, é unha vileza de bergantes.



BAUTISTA ÁLVAREZ

Xente nova e leña verde... que facer para non ser fume

[Iria Aboi Ferradás]



Dende hai uns anos a mocidade galega ven sufrindo unha metamorfose a nivel sociolóxico. Un cambio que está a afectar a concepción que se tiña da mocidade no relativo ao seu pensamento, inxedanzas e necesidades, tendo consecuencias visíbeis nas nosas manifestacións actuais

Por unha banda ten mudado a valoración que ten a mocidade sobre o país ou mesmo a súa percepción a respecto do idioma e os nosos sinais de identidade. Nese sentido hai que destacar o alto grao de españolización que sofre a nosa sociedade e nunha maior medida a mocidade. O ensino, tal e como historicamente analizou o nacionalismo galego, é unha das maiores ferramentas coas que conta o sistema para incidir negativamente sobre a conciencia da xente nova, por iso non é raro que haxa mozos e mozas analfabetos lingüísticamente, que non son quen de desenvolvérense no noso idioma ou que non teñen un mínimo contacto cos elementos que conforman a nosa realidade nacional. Malia que a reivindicación ou percepción sobre o propio se modificou, séguense reproducindo (seguímonos atopando) os prexuízos históricos cara o idioma ou a cultura entre a xente máis nova. Tamén hai que sinalar que estamos sufrindo a consecuencia das primeiras xeracións de pais e nais monolingües en español, xente nova que reproduce máis á perfección –se cabe– a eliminación do noso idioma da crianza dos cativos (salvo excepcións de xente comprometida). Mesmamente a universidade, que sendo un espazo españolizador coma o resto do ensino, supuña –non hai moitos anos– nalgúnhas áreas de coñecemento ligadas ao país (filoloxía galega, historia, económicas) un “espartar” para moita mocidade cara unha concienciación política e a un activismo militante, mudou radicalmente. Mais hoxe isto non é así, e o continuo agromar en canto a participación e activismo cultural, dinamismo estudantil, reivindicación e concien-

ciación na universidade ten murchado progresivamente, e atopamos unha situación cualitativamente diferente: estudantes de filoloxía galega diglósicos nunha ampla maioría, nulo apego ao país, esmorecemento da actividade cultural e da dinámica do asociacionismo estudantil na universidade, menor capacidade mobilizadora das organizacións estudantís e da incidencia no conxunto do estudantado universitario, etc. Dificultades todas, que condicionan en grande medida unha etapa fundamental no desenvolvemento da mocidade galega.

Por outra banda, hai que sinalar que tradicionalmente a mocidade sempre foi catalizadora de novas tendencias e permisiva a respecto da introducción social de determinados fenómenos novidosos na sociedade. Mais este feito agacha actualmente unha homoxeinización cultural na vestimenta, nos gustos musicais, no xeito de relacionárense... Nesta sociedade “moderna”, por poñer un exemplo, calquera tribo urbana (hip-hopeiros, pijos, he-avies, popeiros...) pode atopar o seu espazo sen desentonar nas grandes cadeas de moda.

O feito de se estender os avances tecnolóxicos ou determinados servizos a nivel xuvenil (internet, teléfonos móbiles, mp3, i-pods) induce a que moita xente nova teña a percepción de estar nun nivel social medio por estaren cubertas determinadas “necesidades básicas”, cando o certo é que os indicativos socioeconómicos reflicten que en moitos casos a situación sociolaboral da mocidade (emprego precario e temporal, paro, situación da vivenda...) é moi negativa a respecto das condicións que tiveron que soportar os seus pais.

Existe unha tendencia ao consumismo masivo ou ao individualismo non só no ensino ou no mundo do traballo senón tamén nas relacións persoais (chatear, enviar sms, coñecer xente por internet...) que se ten agravado coa mercantilización progresiva do



lecer. O fenómeno do botellón non deixa de ser a constatación deste feito, como o exceso dun mecanismo de socialización mal entendido e mercantilizado. Lonxe de parecer un feito espontáneo da mocidade e non controlado ou programado non deixa de ser máis que unha actividade enmarcada nas pautas do sistema (mesmas horas, días, bebidas en vilas e cidades moi afastadas entre si) e que contribúe a ter unha mocidade máis despreocupada dos temas que lle afectan. A campaña mediática que se ten desatado por parte de determinados sectores sociais (que predican unha dobre moralidade respecto ao consumo de alcohol) serviu para fomentar unha visión paternalista e criminalizadora dunha mocidade á que supostamente só lle preocupa saír na fin de semana, para que aumentara a rebeldía e a mobilización da mocidade arredor dunha práctica socialmente debatida como reacción ao prohibicionismo e ao moralismo pero non para aumentar a conciencia do que realmente se agocha tras este fenómeno e súa progresión entre a mocidade.

Malia que todo pareza “desfazar” existe unha concienciación por parte da mocidade dos seus principais problemas que non vai acompañada dunha implicación activa e continuada (baixo nivel de participación xuvenil, escaso nivel de activismo estudantil- reformas ensino, aumento de carga lectiva, obrigatoriedade de asistencia a aulas, minoritario nivel de sindicación, o “todos son iguais” instalado comunmente na percepción da xente). Existe unha situación apática entre a xente nova a respecto da resolución dos seus problemas, que cambia cando lle afecta máis directamente. Mais isto non implica necesariamente baixo grao de concienciación, senón outro xeito de ver as prioridades vitais ou en que adicar o tempo, ou mesmo implicarse naquilo que esta pouco connotado socialmente (equipos de fútbol, comisións de festas,...). Un cambio de prioridades acompañado dun cambio de referentes como puidemos ver nas grandes mobilizacións que su-

friu o noso país. Algúns destes momentos marcaron un antes e un despois na conciencia da mocidade galega e asentaron certos valores socialmente aceptados ou “progres”, máis isto non supuxo un avance substancial na súa identificación co país, ou mesmo co nacionalismo. Mais o contrario, serviu para que outras forzas políticas recuperaran o seu perfil, sen que a mocidade de hoxe tivera en conta a súa actuación política anterior máis recente e cuxas consecuencias se reflicten nos comicios electorais.

A defensa do ecolingüismo, da mestizaxe (música, roupa, libros e revistas, internet, intercambios, ...) valores de grande acollida a nivel xuvenil, non deixan de ser en moitos casos máis que a edulcoración do imperialismo e a deformación dun mal entendido ecoloxismo cultural que non atende a reivindicación do propio, fóra do exercicio militante ou consciente, e que redundará máis aínda nunha mocidade máis desmobilizada e confusa.

Neste artigo quixemos expor todas as dificultades e cambios que se teñen dado nos últimos tempos, mais tamén hai motivos para a esperanza. Non enumeraremos as accións a emprender agora para facer fronte ao novo contexto. Teremos que polas en práctica, a crítica se non vai acompañada de alternativas que se poidan verificar é un puro exercicio de moralismo. Por iso, malia todo o citado anteriormente, a mocidade galega ten grandes potencialidades e o nacionalismo ten a responsabilidade de recuperar o seu espazo a nivel xuvenil, sendo non só a referencia política se non a referencia en todos os niveis no camiño dunha sociedade cada vez máis normalizada. Nese sentido non só é necesario o traballo in-xente das organizacións xuvenís senón tamén do nacionalismo no seu conxunto para mudar certas cuestións estruturais de relevancia, para impulsar a todos os niveis á mocidade galega como futuro do país e para que o nacionalismo galego sexa a referencia para todas as mozas e mozos.

Existe unha tendencia ao consumismo masivo ou ao individualismo non só no ensino ou no mundo do traballo senón tamén nas relacións persoais que se ten agravado coa mercantilización progresiva do lecer

María do Carme García Negro



“Os países que neste momento están manifestando maior crecemento fanno con apoios no sector servizos vinculados aos sectores produtivos, que xeran un tecido moi ben integrado, complementario do segmento industrial”

(Lugo, 1950). Doutora en Ciencias Económicas e Empresarias, é profesora titular desde 1989 no departamento de Economía Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela (USC). No ámbito académico dirixe o Grupo de Investigación de Economía Pesqueira e Recursos Naturais, cuxas liñas principais de traballo son a Economía Pesqueira, a Economía Feminista, a Economía de Galiza, Enerxía, Recursos Naturais e Medio Ambiente, temáticas sobre as que ten diversas publicacións editadas. Entre as investigacións do grupo salientan os informes anuais relativos á valoración económica dos danos producidos na pesca a causa da marea negra do *Aegean Sea* —estudo pioneiro— e as

táboas *input-output* da pesca e da conserva de Galiza publicadas pola Xunta de Galiza. Participou activamente nos movementos político-sindicais dos anos 70 como integrante da UTEG (Unión de Traballadores do Ensino de Galiza) e colaboradora do SGTM (Sindicato Galego de Traballadores do Mar), hoxe integrantes da CIG (Confederación Intersindical Galega). Foi Secretaria da Asociación Cultural “O Galo” de Santiago e dirixente da Asemblea Nacional-Popular Galega (AN-PG) até a súa autodisolución en 1982, participou no proceso de fundación do Bloque Nacionalista Galego (BNG) pasando a formar parte do Consello Nacional desta

ROBERTO VILAMEÁ PONTE

HADRIÁN GÓMEZ VÁZQUEZ

formación política pola que foi candidata electoral en diferentes ocasións. Na Unión do Povo Galego (UPG), de cuxo Comité Central e Secretariado Político formou parte, ocupouse —entre outros labores— da dirección da súa revista, o “Terra e Tempo”, entre 1995 e 2004.

Entre 1990 e 1994 foi Directora do Centro de Documentación Europea da USC e forma parte, desde o ano 1997, do Consello Científico do Instituto para o Desenvolvemento Económico de Galiza (IDEGA). É membro fundador do Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos de Xénero (CIFEX) da USC.



—As empresas de enclave, consumidoras de abundosos recursos naturais e con emprego de man de obra barata, xa non atopan as vantaxes que había fai máis de 30 anos na Galiza, en concreto as máis consumidoras de enerxía eléctrica ameazan con deslocalizarse. O modelo galego de base agraria, subministrador de alimentos baratos tampouco se mantén como estaba configurado. A emigración actual con ser grave, non reviste as proporcións cuantitativas que si tivo en amplos períodos do século XX. En definitiva, as características tradicionais do modelo económico e industrializador galego están variando. Que está acontecendo? Estamos nunha fase de transición, cara onde?

—En primeiro lugar, conviña non mesturar na análise económica o que son as decisións estratéxicas das empresas con aquelas anunciadas como medidas de presión política. A min paréceme que non é digno de crédito pensar que a compañía Alumina-Aluminio asentada en San Ciprián se vaia trasladar. A capacidade instalada, os investimentos, a capacidade de produción, os mercados buscados, a existencia dun porto feito a medida e a man de obra cualificada vaian desaparecer por un máis ou menos acaído prezo do quilowatt, que en todo caso sempre pode ser negociábel.

O que si é certo é que no panorama mundial actual, se Alumina-Aluminio neste intre tivera que tomar unha decisión, como a que tomou hai trinta anos, instalándose en Galiza, hoxe tería emprazamentos alternativos. Iso é totalmente certo, como certo é, que ao mellor, tendo en conta os propios procesos produtivos, tal e como están hoxe instalados en San Ciprián, se podería chegar a empregar coxeneración ou outra forma de produción de enerxía, xa que é unha industria na que os procesos técnicos que se coñecen neste momento, son enormemente consumidores de enerxía eléctrica. Creo que neste caso concreto e neste tipo de

relación co poder político debemos situalo no plano das ameazas para manter unha situación de privilexio no pago das tarifas que constituiron parte do contrato feito co Estado para a súa instalación aquí. Que sexa posíbel ou que sexan capaces entre o poder autonómico, con quen se veu até este intre, e co poder central en conseguir situacións semellantes de privilexios nas tarifas eléctricas só para estas industrias teremos que velo coa evolución dos propios feitos. O que é certo é que cada vez é máis difícil lograr vantaxes por privilexios, estando situados física e economicamente en contextos de legalidade do mercado comunitario.

É certo, como dicía antes, que dende que se instalaron esas compañías, mudou completamente o panorama mundial. Pero tamén hai que poñer ao lado disto outra variábel. Neste momento Galiza é un país industrializado, con todos os índices ao uso que se poidan empregar a respecto da definición de país industrializado. Ademais é unha industrialización, ás veces, de tipo moi curioso, con industrias punteiras dende a perspectiva tecnolóxica a industrias que están producindo mercadorías absolutamente indispensábeis tanto no mercado de abastecemento de bens intermedios como dos bens de consumo final, pero maduras.

E isto que quere dicir? Pois por algunha razón, no reparto de papeis na escena industrial déronse unha serie de circunstancias na nosa economía que provocaron que certas instalacións industriais e os tecidos produtivos xerados arredor do que era de moi pequena importancia no PIB galego, mudara de significado. Digamos que visto desde a perspectiva da creación do produto, somos un país industrial, non unha potencia industrial. Os países que neste momento están manifestando maior crecemento fanno con apoios no sector servizos vinculados aos sectores produtivos, que xeran un tecido moi ben integrado, complementario deste segmento in-

Sempre que non sexamos quen de controlar todas as fases do produto dende a xeración de materia prima até a colocación no mercado estamos a abandonar un segmento dese sector produtivo

dustrial. E nós seguimos a ter eses vínculos menos extensos, con redes máis pequenas, cun tecido menos vivo. É o que marca unha debilidade ou vulnerabilidade que tamén está pendente de actuacións que están fóra da nosa capacidade de decisión.

No caso da industria moi madura tamén temos puntos vulnerábeis porque as decisións que se toman no escenario mundial poden nun momento determinado favorecer por razóns de localización, de uso de subvencións, de proximidade do mercado, o establecemento de factorías en Galiza, ou pode –polas mesmas razóns– desmontalas, e non hai poder político equivalente que impida ese funcionamento do mercado. Digamos nese sentido, nin no ámbito autonómico nin no goberno estatal semella que nunca estivemos moi favorecidos polas súas decisións e nas políticas da Comunidade Europea a presenza ou a capacidade que temos de que nos escoiten é, como todos sabemos, moi reducida.

Facendo referencia á pregunta que sitúa o modelo de base agraria como en desaparición poderíamos repreguntarnos se propositalmente o abandonaríamos, eu diría que non. Sería preciso garantir manter en Galiza o conxunto do valor que se pode engadir á materia prima agraria. Así, sempre que non sexamos quen de controlar todas as fases do produto dende a xeración de materia prima até a colocación no mercado, estamos a abandonar un segmento dese sector produtivo que cae en mans de quen é capaz de aproveitarse dese valor engadido. Deste xeito, a desgraza do noso campo é que neste momento desapareceron todos os elos da cadea produtiva que eran capaces de garantírnos chegar a ese obxectivo. Non quere dicir que estexa perdido a longo prazo nin que non sexa recuperábel pero neste momento tal e como funcionan as cousas somos vendedores de materias primas e o resto da cadea produtiva está fóra do país e fóra do noso control. E os prezos remuneran nada máis que mercadorías a través do poder económico do

mercado, non da vontade do poder político. Non hai nos mercados actuais ningunha regulamentación. Non se pode, porque nin funcionan así as cousas, nin dende o poder político autonómico non se pode regulamentar un mercado que é comunitario ou mesmo mundial.

En cambio, si se podía paliar a caída paulatina de tecido produtivo porque todo o que se evite de caída produtiva do sector a medio prazo, pode ser recuperábel. Se desaparecen as explotacións agrarias despois de que teñamos todas convertidas en casas de turismo rural ou rutas de sendeirismo non hai nada recuperábel, porque xa se criou un uso alternativo.

—Galiza é a base orixinaria dunha importante empresa do sector eléctrico, agora estase a expandir a produción de enerxía eólica e de inmediato vaise pór en funcionamento a gasificadora en Mugarbos e que abre –en principio– novas posibilidades para o fomento da industrialización. Sen embargo, polo xeral, observamos que a presenza do capital galego –público ou privado– nas empresas que explotan estes recursos é mínima. As iniciativas políticas públicas que se toman para beneficiarnos como país destes recursos atopanse con enormes dificultades para a súa materialización. Hai algo que facer para mudar esta perspectiva?

—Eu, se me permites, rectificaría a primeira parte da formulación da pregunta: Galiza nunca tivo enerxía propia. Foi dos monopolios e así segue a situación. O sector enerxético no mundo capitalista está en mans de quen está, e estivo nalgunha ocasión en mans de certas empresas públicas, pero hoxe son todo compañías privadas monopólicas. Podemos comezar o razoamento dende esa base. A compañía monopólica ou ben aquela que sen ter o tamaño e as características desa empresa monopólica –no senso marxista de poder e capacidade dentro do mercado– é hexemónica, sósense nesa posición aproveitando determinadas circunstancias de merca-



María do Carme, entre María Pilar García Negro e Bautista Álvarez

do. No momento en que nace unha nova ponla de creación de capacidade enerxética, como pode ser no caso das eólicas ou como pode ser no caso das do gas, volven apropiarse deses subsectores para non perder posicións. A capacidade de intervención tarifaria rematou co intre en que as empresas formaban parte do público. Dende o momento que formamos parte dun mercado único, comunitario, estamos presididos pola cínica defensa da competencia comunitaria que quere dicir que non se pode abusar da posición de dominio pero si se permite certo dominio. Por esa vía, dende o poder político autonómico e mesmo dende o estatal non hai nada que facer. Polo tanto, cal sería a única posibilidade de alternativa?, que sería antinatura ou de imposible verificación, case se me permites, pensar que se podía crear unha empresa pública produtora de enerxía, pois sería imposible chegar a ter, a curto ou a medio prazo, tamaño para –a través dos mecanismos de mercado– acordar cos outros operadores existentes prezos para manterse nunha situación de competencia. Acreditar que é posible entrar nese mercado é estarmos trabucados historicamente e descoñecer como funciona a competencia monopólica. E volto a comentar que Galiza nunca tivo enerxía. Era de Fenosa e de Endesa fundamentalmente, ou sexa de dous ou tres monopolios.

—Iache formular tamén unha alternativa que tamén é de difícil verificación, e aínda vimos un exemplo

co recente cambio de propiedade no accionariado de Unión Fenosa, cal é favorecer grupos empresariais galegos na explotación enerxética.

—Pero é que Fenosa nunca foi un grupo empresarial galego! Iso é unha reversión da historia que se está a ver agora e que eu nunca entendín. Formouse en tempos do franquismo, de orixe e natureza privada, vinculada ao capital bancario pero de existencia e proxección mundial. Moito antes de pasar pola integración, Fenosa estaba a participar en negocios a nivel mundial, e deu pasos para amarrar moi ben os dereitos de instalación para o futuro cunha planificación para os seguintes 50 anos. Se hoxe examinamos os dereitos de instalación controlados por Fenosa –mesmo nas minicentrais– darémonos conta da capacidade de ocupación real en termos económicos, en termos de dereitos adquiridos, sobre o territorio galego. Fenosa pasou por procesos de integración, de diversificación e de concentración con outras compañías. O mesmo tamaño que teña neste momento débenos dar a idea sobre pensar as posibilidades de que vaia asentarse as súas bases sobre a propia realidade galega. É un dos monopolios presentes no Estado español pero con presenza ou capacidade de proxección a nivel mundial. E dende logo con todos os ingredientes dunha compañía destas características.

—A capacidade pesqueira do noso país é enorme. Sen embargo, teñense dado debates importantes na nosa sociedade a respecto da instalación de piscifactorías en zonas sensíbeis da costa galega. Ti que estás moi en conexión con todos eses sectores económicos e os estudaches detidamente, pensas que é posible compatibilizar as cuestións de carácter ambiental, é dicir a protección de determinadas áreas de valor ecolóxico coa instalación de piscifactorías?

—Eu aí, considero que hai que facer unhas precisións antes de comezar. Primeiro, eu denomino industria pes-

Hai interese en que países do sur europeo teñan unha regulamentación o máis ampla posíbel, para ser porta de acollida de toda aquela inmigración que pode contribuir ao abaratamento do salario medio comunitario

queira ao conxunto de todo o sector pesqueiro, que inclúe a pesca extractiva, a distribución, comercialización e a transformación. Polo tanto nese caso, a acuicultura, o marisqueo e a miticultura forman parte do sector pesqueiro. Está todo interrelacionado e temos a sorte de que en Galiza si se criou tecido comercializador e transformador, e que se sentaron as bases de complementariedade por unha parte e de realización do valor por outro no interior da nosa propia economía. E iso permitiu medrar cara adiante. Insisto, é todo industrial, comezando polo marisqueo e se queremos rematar pola grande pesca conxeladora que se identifica con enormes buques conxeladores.

A existencia dese tecido completo na nosa economía é o que permitiu medrar, reproducirse e superar crises, e parte desa economía está formada pola piscicultura mariña que non hai dúbida ningunha de que é un adianto dende o punto de vista innovador, criador de capacidade, e garante dos subministros para o abastecemento do mercado de alimentos. Até aí nada que dicir. Até que punto nós teremos que tomar unha decisión, nun momento determinado e decidir a que queremos adicar as rías e a que queremos adicar o mar costeiro? Se é a manter un sector produtivo extractivo de peixes capturados no mar, adicalos a un mercado de fresco que pode ser incluso de bens de luxo ou esquecerme porque hai outros usos que non compatíbeis. É dicir, vou especializarme e vou manter o uso do mar litoral, dunha parte das rías ou do meu mar máis exposto ou sería cuestión de decidir a instalación de enormes piscifactorías cunha capacidade produtiva que multiplique por catro, por cinco ou por seis os milleiros de toneladas que neste intre se están a producir. E iso sería unha decisión política a tomar, tendo en conta todo o que existe hoxe e todo aquilo que podo poñer en cuestión como alternativa tomando a decisión da piscicultura. E por que digo da falta de compatibilidade? Porque como sa-

bemos todos nas penínsulas ou nos cabos que usan as grandes piscifactorías non se pode acceder. E se non podo ter acceso, a partir de aí, nese punto non se pode pescar nin empregar ningún embarque. E pode que se diga que non fai dano e que eses lugares son moi idóneos para a instalación de piscifactorías se non se sae a pescar. Pero todavía ninguén aclarou que pasa coas augas residuais desas enormes piscifactorías e como afectan ao ecosistema das rías e das correntes que a partir de aquí se desenvolven. Imos facer a partir de aí un suposto: que non afectan nada. Pois habería que determinar entón que lugares se adican á instalación de piscifactorías, aquelas que non interfiran para ningún outro tipo de actividades que se consideren que non son imprescindíbeis para o resto da nosa vida nesta comunidade, instalar aí as piscifactorías sen problema.

Pero que iso non signifique pensar que a partir dese momento vou ter resolto como país e como tecido industrial pesqueiro o aprovisionamento do mercado de alimentos. Porque de momento o único cultivo mariño que en Galiza ten éxito e é compatíbel co marisqueo, coa pesca de baixura, é a miticultura, o cultivo do mexillón. Deste xeito, os que toman as decisións de política pesqueira terán que sentarse nunha mesa e falar para saber que queremos facer coas rías. Cando se demostre que todas as actividades son compatíbeis, deberá deseñarse o mapa das mesmas.

Como ves, empreguei polo medio algo que pode pasar desapercibido que é a categoría de escala. Sempre que estemos a falar de enormes piscifactorías teño máis dúbidas e reservas cara a súa instalación. En cambio pequenas piscifactorías de nivel reducido, toma de auga de tipo reducido e controlábel son completamente distintas. Teñen outra natureza. Volvo repetir que de calquer xeito os aportes agardados da piscicultura que é un cultivo intensivo de peixes, e que segue dependendo



a nivel mundial da pesca extractiva para os seus insumos, fariame ser moi prudente nunha toma de decisión á lixeira a este respecto.

—Falaches antes precisamente da necesidade de compatibilizar a instalación destas industrias co mantemento do ecosistema. Na altura da catástrofe do Prestige fixéranse diversas avaliacións das consecuencias que iso podería ter, non xa a curto prazo, senón a longo prazo e que eran dificilmente previsíbeis nese momento. Agora, co paso do tempo e máis datos enriba da mesa, habería que rectificar esa primeira avaliación onde se preveían cambios importantes no ciclo biolóxico e nas capturas ou pensas que aínda non hai datos concluintes.

—Neste momento acabamos de rematar un estudo que observou os desembarcos na Costa da Morte e na Ría de Vigo dende 2002, ano da marea negra, até fin do ano 2005. Así, xa observamos unha serie de fenómenos que nos dan a capacidade para poder aseverar que a marea negra afectou gravemente ao conxunto do ecosistema. E afecta grevemente por dúas vías: Unha, a vida dos propios recursos e outra, porque ao non poder ter mecanismos económicos que palién o dano á renda dos afectados, convírtese o ingreso indemnizatorio nun ingreso complementario, nunha compensación pola caída da renda. As estratexias dos que pescan inciden de novo negativamente sobre as especies que quedan menos desfavorecidas, é dicir, que se suman unha serie de efectos tanto biolóxicos como económicos e sociais sobre o futuro das propias especies. E son absolutamente graves e negativos os resultados da nosa análise a respecto da conduta, e do resultado da marea negra sobre as especies.

—O 25 de Marzo de 2007, cumpríronse 50 anos da Constitución do Tratado de Roma que deu pé á fundación da Comunidade Económica Europea e —desde entón— déronse transformacións, integracións e crises do proceso de integración euro-

pea, por certo crises que xa son periódicas, pouco novidosas. Estamos atravesando agora un paron nese proceso, a que se debe?

—Ben, en primeiro lugar eu quería explicarme dende unha perspectiva procesual. O feito de que albisquemos cal vai ser o resultado final dun procesoe que as tendencias dominantes orienten ao resultado final, non quere dicir que non se dean os paróns e contradicións momentáneas: a min parécenme naturais no propio tipo das relacións que se dan en sociedade. Así, na perspectiva comunitaria fracasou a unión que levaría á constitución dun supreeestado, a unión política. A outra, a económica, a integración e a unificación do mercado comunitario, leva a veces velocidades espantosas. Non pensemos máis que dende que está implantado o euro a velocidade que tomou a modificación dos prezos relativos, mesmo dos alimentos en España, pon os prezos medios españois próximos aos dos países europeos de maior nivel de renda. E xa esa aproximación foi velocísima. Que sexa máis ou menos percibida polo cidadán medio ou máis ou menos observábel coas estatísticas ao uso non é relevante senón o que importa é ese, ao meu xeito de ver, camiño cara a consolidación dun mercado único. Entón nese senso, dentro do que poden dar de si eses procesos, este non parou.

A velocidade de movemento dos capitais dentro dese mercado, mesmo antes da Unión Económica e Monetaria e agora cunha moeda única, cunha autoridade monetaria central e aínda con todos os mercados pouco regulamentados, é evidente. A deslocalización intracomunitaria ten unha velocidade tamén espantosa. A absorción, fusión e concentración económica tamén. Temos casos moi evidentes que se están dando agora mesmo en sectores que antonte eran públicos como pode ser o eléctrico. Deste xeito nese terreo, vistas as cousas no plano exclusivamente económico, paréceme que o proceso non ten parada, nin parece que estexa conxelado ningún dos seus aspectos.

Que sucede? No terreo político si está detido. Aí é un campo de contradicións terribéis porque a medida que ese mercado se fai máis unido, único e máis sólido, parece como se as prerrogativas, potestades e papeis das autoridades políticas comunitarias tiveran que ser cando menos do mesmo tamaño para abranguer o ámbito dese mercado. E iso non sucedeu. Só son naquela parte onde o seu aspecto é desregulamentador, é dicir, eliminador das eivas para que o mercado se consolide e funcione. Pero non dende o punto de vista de regulamentar ou poñerlle couto ao fundamentalismo do mercado. Nesa parte non hai autoridade comunitaria, non existe, non foi creada. Parece como se o mandato, a hexemonía do poder exclusivamente económico tivera moito a ver no parón dese proceso porque significaría tomar conciencia do mesmo e poñer couto a algún tipo de cousas que é necesario poñerlle trabas, entre elas o mundo das regulamentacións laborais.

É máis, hai interese en que países do sur europeo teñan unha regulamentación o máis ampla posíbel, para ser porta de acollida de toda aquela inmigración que pode contribuir ao abaratamento do salario medio comunitario. Está perfecto. Se existe unha autoridade comunitaria algo tería que regulamentar a medio prazo sobre os dereitos laborais dos traballadores no mercado único, pero de momento non interesa. Porque ese proceso precisa polo propio funcionamento da competencia a nivel mundial levar pasos acelerados rexidos única e exclusivamente polas leis do mercado. E así se manifesta cando escoitamos algunha autoridade política, e cando se lle pregunta, por exemplo: Vostede cal cre que é a solución, responden "As leis do mercado". Polo tanto, ti que fas? Ti tamén estás gobernado polas leis do mercado? Depositamos a nosa confianza na túa representación política para que agora me digas que a lei de mercado manda máis ca ti? Que fas ti logo como depositario da soberanía? Do ana-

co de soberanía que tés, da pouca soberanía que tés. Que fas? Mirar como o mercado manda sobre ti. Para iso non fai falta que estexas aí. Xa me dirixo directamente aos donos hexemónicos do mercado.

—Estás dicindo que hai interese en que non haxa un poder político único na UE?

—Si. De momento parece que dende o punto de vista da solidificación da Unión Económica e Monetaria, funciona mellor, é máis veloz, dese xeito. Porque ao funcionamento do mercado habería que poñerlle couto por parte do poder político.

—Partimos do suposto que é moi difícil actuar sobre regras que a propia dinámica económica determina. Precisamente, un dos aspectos que se están abordando nos Parlamentos tanto no galego como no español, son leis de igualdade e promoción social das mulleres. Correxir lexislativamente este desequilibrio é difícil mais, a maiores disto, a lóxica económica xoga permanentemente en contra das iniciativas a promover. Semella que no plano do entramado lexislativo estamos dotándonos de instrumentos necesarios para que esa igualdade se poida efectivizar, mais: Realmente pensas que iso é a solución ou ten uns límites importantes?

—Eu o que poño en cuestión é que na sociedade na que vivimos se poidan dar solucións a cuestións de igualdade en termos de grupos, xa que o capitalismo é por definición criador de desigualdades. Porén a desigualdade e a violencia forman parte de maneira estrutural da nosa sociedade, da que estamos a sufrir e padecer, vivindo e movéndonos e ao mellor na que rematamos a nosa vida activa e biolóxica sen que muden as condicións. Iso non quere dicir que os poderes públicos fagan deixazón dos deberes, non intentando contarrestar inxustizas, desigualdades evidentes, pautas creadoras de marxinalidade e violacións das propias leis do mercado máis evidentes. Que iso sexa a a solución?. Non, o capitalismo non o so-

Se a finalidade que
persegues é promover
e determinar accións
políticas que induzan
ao cambio social o teu
obxectivo non poden
ser só atender os
resultados electorais



luciona a política. Cando se derrote, ou veña revolucionariamente mudado por outros sistemas, acabouse o capitalismo. Non sabemos como será o outro. Pero neste vai haber sempre pautas creadas pola propia capacidade económica de aumentar e de facer medrar as desigualdades, creando no mercado de traballo estratos, segmentos e fragmentos. E se aproveitan todas aquelas características persoais ou propias dos grupos que poidan ser interesantes para criar estes segmentos. Algunhas veces poden ser de localización, outras de xénero, outras de raza, outras de relixión, outras de lingua, outras culturais, ... E eses todos compoñentes fan que finalmente o mercado de traballo apareza segmentado, fragmentado, dividido e con desigualdades creadas que se reproducen período a período según van funcionando as cousas na sociedade.

Que ten que facer o Estado? Evidentemente tratar de paliar, prohibir ou impedir a violación dos dereitos de acceso e igualdade de condicións de todos os traballadores no mercado de traballo. Pero as desigualdades das que participamos as mulleres e a posición pretérita na sociedade non depende só, non ten só como base única o funcionamento do mercado de traballo. Senón que ese é un dos aspectos. A propia reprodución desas condicións de desigualdade pode apoiarse en bases que non teñen nada que ver co mercado de traballo, como poden ser as relacións afectivo-sexuais, o reparto dos papeis familiares na crianza dos fillos, no coidado dos vellos. En aspectos de tipo cultural de uso e disfrute do corpo, convertíndoo nun obxecto,... que fai que a xente non teña un proxecto de vida como individuo san e enteiro, senón fixándose nos seus componentes.

—Xa para rematar, unha pregunta que relaciona directamente a economía coa política. A nivel estatal comprobamos que incluso o Goberno español tivo grandes dificultades para influir na OPA sobre ENDESA. Mais o problema que temos actual-

mente no caso do Goberno galego é que nin temos os instrumentos necesarios. É dicir, por un lado temos que ter vontade de cambio a nivel das políticas económicas, de carácter industrial ou de desenvolvemento do medio rural. Por outra banda, téis que contar cos medios que che permitan pór en marcha ese cambio, que xa son limitados no caso do poder autonómico. A maiores téis o problema dos socios do Goberno que tamén ao final queiras ou non son unha forza que traballa nunha outra dirección. Así, nesta coxuntura, semella que non hai espazo de acción. Porque a vía é en todo caso incrementar o teu poder, é dicir, manter os teus principios políticos e intentar agrandar o espazo político e social onde teñas repercusión. Pero estamos nunha posición moi complexa, atravesados por 3 ou 4 problemas ao mesmo tempo, francamente, non sei como dende o ámbito político se poden facer cambios económicos de envergadura ou que a xente valore en todo caso que ti es distinto porque estás a intentar facer algo cualitativamente diferente e iso aínda sabendose sometido á dinámica dos procesos electorais. Entón, nesta tesitura, coa túa experiencia como economista que ve claramente os problemas políticos, hai marxe para actuar?

—A pregunta é tan complexa que precisaría un tratado enteiro de política. Imos ver, en primeiro lugar, eu creo que non deberíamos confundir capacidade de acción institucional con capacidade política. A min paréceme que se confundiu o medio co fin. Se a finalidade que persegues é promover e determinar accións políticas que induzan ao cambio social a favor do conxunto de todos os cidadáns galegos, sobre todo aqueles do conxunto de persoas máis desfavorecidas pola súa situación relativa, o teu obxectivo non poden ser só atender os resultados electorais. Nin coa instalación nas institucións se promove o cambio.

Analicémolo historicamente e noutro senso. A política determínase empregando fundamentalmente dúas variábeis: Unha, as accións positivas e propositais dos que teñen capacidade de goberno. Outra, a acción que dende a organización social activa e dende a oposición determina e modifica a vida política global. O que é imposible é contar con éxito electoral, cun socio fiábel, con poucas alternativas de cambio social e promover cambio social. É imposible que sen unha moi boa presenza social, que haxa un apoio colectivo, forte, unánime e vivo a favor do cambio social. Que iso sexa realmente sentido, querido e promovido, e que iso cree a súa vez unhas condicións de cultura política e de movemento social demandador con poder institucional ou non dese cambio. Aí, a acción política das organizacións políticas pode ser favorable á implantación desa capacidade ou paralizadora desa capacidade. Polo tanto se é paralizadora desa capacidade e non tes un enganche, de moi pouco vale que estexas nas institucións, agás que nas institucións teñas tal marxe de poder político, que só actuando como autócrata che dé capacidade de promover un cambio que lle dé a volta á situación como un calcetín. Non é o caso tampouco e si tes outra vulnerabilidade; o papel subordinado, ao formares unha alianza que en lugar de te favorecer, aínda te debilita. Se abandonas a outra liña que tiñas que é crear esa capacidade social de organizar ese movemento que como unha masa de auga lenta vai collendo máis espazos de terra seca, mal vexo a capacidade de muda social desa alternativa política. Se ademais lle engadimos a contradición enorme que hai pois unha vez que tomaches esa única vía abandonando as outras, tes necesidade de para te manter, facer uso da interpretación dunha variábel que é decisiva, que é a variábel electoral, cada vez terás que degradar máis o contido das túas alternativas para vender unha mercadoría que sexa máis homologábel no

mercado. Por ser abundante convértese en querida e en barata pero non nun instrumento dun cambio.

Entón o que vexo tamén é que aínda que vexamos enorme o poder dos monopolios, que pensemos que é tal, eu nunca deixaría deducir que hai que quedarse paralizados, con medo e respecto. Senón que o cidadán que aparentemente vive esmagado baixo o poder dos monopolios, sempre posúe dereito a unha vida digna no seu país, e sempre posúe capacidade de organizarse e de lograr o cambio social a través da acción política. É máis, non penso que en termos relativos sexa peor este tempo que outros en que esa capacidade organizativa conseguiu mudar a sociedade ¿ou pensamos que eran mellores as condicións das mulleres que traballaban na conserva no Vigo de comezos do século XX?

O que non ten xustificación para min é que desde a instalación nas institucións se contribúa á anestesia ou á paralización da capacidade dos cidadáns, así como a fuxida das alternativas de creación de conciencia ou de capacidade de organización mobilizadora dos cidadáns.

—**Xa que logo, acreditas que o obxectivo último sería socializar o poder económico actual.**

—Iso xa non estou en condicións de cho responder. Creo que só podó dicir que o capitalismo é un sistema de organización da produción histórico, con data de nacemento e con data de defunción. Que alternativa poida vir por aí? Pois ao mellor tampouco estamos nun bo momento para pensar, dados ou resultados sociais e políticos que tiveron sociedades que viviron o inicio dese proceso de abandono, que significaron ademais na historia da humanidade un enorme paso cara adiante como derrota de condicións terribes da escravitude, pero non parece que os tempos crien condicións de mimética para voltar a modelos dese tipo. Ao mellor polo que supuxeron de propio fracaso dun intento ■

De momento o único cultivo mariño que en Galiza ten éxito e é compatible co marisqueo e coa pesca de baixura é a miticultura, o cultivo do mexillón

Resultados da liquidación do SISTEMA DE FINANCIAMENTO en 2004

Seguindo a tónica habitual, é dicir, coincidindo co comezo do período das vacacións, a mediados de 2006, vén de se publicar o Informe de Liquidación do Sistema de Financiamento para as CCAA do réxime común do Ministerio de Economía (MINECO) correspondente ao exercicio de 2004. Informe de liquidación sobre o que, malia a súa importancia, resultaría completamente ilusorio agardar a máis mínima referencia –non digamos análise– nos medios “de información” multimedia presentes no noso país, tan atarefados normalmente en negar a súa realidade nacional.

XOSÉ DÍAZ DÍAZ

Economista. Autor de múltiples traballos sobre o sector naval, o mercado de traballo e de pensións, o sector enerxético e perspectivas financeiras

OS RESULTADOS PARA “RICOS” E “POBRES”. Xa que ao Sistema de Financiamento, ao seu significado e operativa, nos temos referido noutras ocasións (*Terra e Tempo* nº 135), aproveitaremos este Informe de Liquidación para subliñar os seus principais resultados, así como tentaremos que a través deste exercicio concreto se fagan máis evidentes as eivas do vixente Sistema de Financiamento desde a óptica do noso país.

O actual sistema de financiamento, a súa concreta configuración, non é máis que unha das derivadas do peculiar modelo descentralizador do Estado español, consecuencia directa da nunca ben ponderada, inequívoca, incontestábel e incombustíbel Constitución de 1978, que partindo do principio de negación da xenuína realidade plurinacional do Estado, erixe como soberanía única, orixinal, indiscutíbel e indubidábel a so-

beranía estatal, identificada na nación española, unha e indivisible.

Portanto, non debería estrañar que a través do mesmo se pretenda coar ás agachadas a ideoloxía básica, primaria, do españolismo radical ou moderado, que resumiremos na consabida e recorrente falacia de que a existencia do noso país depende da existencia e xenerosidade do Estado, dada a súa (non á deles) inutilidade conxénita, de orixe, para se valer por si propio. O que resulta para eles tan evidente como que é o sol quen xira arredor da Terra, unha verdade *radical* nos tempos baixomedievais. Por iso turrán contra o máis mínimo avance no noso autogoberno, non digamos a nosa soberanía plena.

Non obstante, o sistema de financiamento non é máis que o instrumento a través do cal se financian as competencias/servizos transferidos ás diferentes CCAA. Este financiamento, no caso do sistema en vigor, realízase por medio dos ingresos tributarios procedentes dunha cesta tributaria que integra unha parte dos impostos estatais, dos que os principais en termos cuantitativos son cedidos ou territorializados tamén de maneira parcial, nunhas porcentaxes iguais para todas as CCAA do réxime común. O modelo completa os recursos cunha transferencia adicional positiva, no caso de que cos recursos tributarios procedentes desa cesta non se cubra o custe de subministración dos servizos, ou cunha transferencia negativa no caso contrario. Esta transferencia é entón o elemento de peche do sistema (a diferenza entre as necesidades de gasto e os ingresos derivados da cesta tributaria) e non por casualidade, denomínase Fondo de Suficiencia.

Tamén e como transferencia hai que incluír a garantía dinámica (temporal) existente no sistema a respecto tan só do servizo sanitario, e que afecta ás CCAA nas que os recursos que achega o modelo para a Sanidade medran menos, nun ano dado e en relación co ano base, que o crece-

mento do PIB estatal. A súa contía é moi cativa relativamente ao conxunto de recursos do sistema, sendo Galicia unha das CCAA que sempre até o de agora (liquidación do ano 2004) se viu afectada pola mesma. Así vemos que na liquidación de 2004, en relación co ano base do sistema (1999), os recursos para a sanidade galega medran un 35.3% mentres que o PIB estatal o fixo nun 41.4%, o que dá lugar a un incremento nestes recursos galegos de 107.1 M€ (o 1.7% dos recursos totais que lle achega o sistema neste ano). Ademais esta garantía afectou no ano 2004 a todas as CCAA agás a murciana e a madrileña, sendo o monto total da mesma de 592.8 M€, polo que Galicia se leva o 18.1% dela, un elemento máis indicador do desapropiado, para o noso país, da configuración inicial do sistema, e sobre todo na súa evolución temporal.

Resulta evidente que os recursos totais que procura o sistema de financiamento poderían ser na súa to-

O sistema de
financiamento non é
máis que o instrumento
a través do cal se
financian as
competencias/servizos
transferidos ás
diferentes
Comunidades
Autónomas



LIQUIDACIÓN DO SISTEMA DE FINANCIAMENTO EN 2004 (M€)

CCAA	RECURSOS TRIBUTARIOS	TRANSFERENCIAS		RECURSOS TOTAIS
		F. Suficiencia	G. Sanitaria	
Catalunya	12602.8	2118.1	73.1	14794.0
GALIZA	3190.2	2842.5	107.1	6139.8
Andalucía	9541.5	6961.4	64.8	16567.6
Asturias	1472.5	845.1	55.3	2372.9
Cantabria	860.7	540.5	7.5	1408.6
A Ríoxa	459.3	295.2	5.4	759.9
Murcia	1648.0	867.3	0.0	2515.2
C. Valenciana	6887.2	2050.8	0.2	8938.2
Aragón	1986.2	862.2	30.4	2878.9
Castela-A Mancha	2167.8	1849.6	17.3	4034.6
Canarias	1182.7	2503.7	53.1	3739.6
Estremadura	1001.0	1504.9	40.6	2546.5
Illes Balears	1979.0	-185.7	38.7	1832.0
Madrid	12077.0	-143.4	0.0	11933.5
Castela e León	3334.7	2394.9	99.3	5828.9
RÉXIME COMÚN	60390.6	25307.0	592.8	86290.5
% GALIZA/RC	5.3	11.2	18.1	7.1

talidade quer recursos tributarios quer transferencias estatais, sen que por iso se modificase a contía dos recursos totais. Mais é ben sabido como o conxunto do españolismo académico e político pretende derivar desta específica conformación dos recursos do sistema (división en ingresos tributarios e transferencias), sobre todo no noso país, dúas 'verdades' esenciais para os seus obxectivos políticos: a) as CCAA que teñen un Fondo de Suficiencia positivo son alcumadas como 'pobres', de maneira que b) unicamente poden financiar os servizos a elas transferidos grazas á 'solidariedade' das CCAA alcumadas como 'ricas'. O simple papel aritmético que xoga o Fondo de Suficiencia como elemento de peche do modelo convérteo descaradamente nunha póla máis, e non a menos importante, da frondosa árbore que ten como froitos os recorrentes conceptos ideolóxicos da 'Galiza subvencionada' e da 'solidariedade estatal',

que presentan ao noso como un país inútil, e que tanto dano producen nun amplo segmento da poboación galega, afectando manifestamente á súa propia autoestima e pretendendo coutar ou mostrar como inviábel calquera perspectiva de futuro fóra do contexto actual.

O cadro seguinte resume os recursos que achega o sistema no ano 2004 para cada unha das CCAA, sendo de agardar que o mesmo sirva, de maneira práctica, para pór de manifesto a falacia de semellantes 'verdades' e o carácter sinxelamente ideoloxista destas vulgaridades/barbaridades 'científicas', expresión máxima da bazofia ideolóxica españolista disfrazada como 'ciencia'.

Como vemos, todas as CCAA teñen un Fondo de Suficiencia positivo agás os casos das Illes Balears e de Madrid. Así a identificación de CA 'pobre' como aquela que precisa de Fondo de Suficiencia para completar os recursos cos que financiar os servizos transferidos (educación, sanidade, xustiza, servizos sociais, ...) remata nun auténtico desatino factual e intelectual, tanto máis grave cando a todos estes elementos hai que lles supoñer que deberían coñecer o significado e alcance do vixente sistema de financiamento autonómico de réxime común. Cataluña que percibe en termos absolutos un Fondo de Suficiencia (2.118 M€) que equivale ao 78% do galego sería segundo esta 'teoría' unha das máis 'pobres' do Estado español. Concretamente, e atendendo ao volume do Fondo de Suficiencia sería a quinta CA máis 'pobre' do Estado, logo de Andalucía, Galiza, Canarias e Castela e León!

É verdade que co modelo que implica o novo Estatut, que non muda a esencia do vixente, e que se xeneralizará a todas as CCAA, ocorrerá que ao medrar a porcentaxe de cesión dos impostos principais que integran a cesta impositiva, os maiores recursos tributarios veranse acompañados dunha diminución dos Fondos de Suficiencia polo que, automaticamente, todas as

CCAA pasarán a ser moito menos 'pobres' e mesmo no caso catalán, posiblemente cun Fondo de Suficiencia nulo ou quizais lixeiramente negativo, converterase xa nunha das comunidades 'ricas', acompañando nesta cualificación a Madrid e ás Illes Balears. Como se pode comprobar, de lle facer caso a estes farsantes 'científicos', non hai nada máis doado que 'transformarse' dunha comunidade 'pobre' a 'rica', grazas á maxia implícita no trebello do modelo de financiamento. Por que non facer un sistema que financie as necesidades de gasto unicamente con ingresos tributarios, eliminando os Fondos de Suficiencia, e con iso convertendo en 'ricas' todas as CCAA? Para que traballar, producir e innovar?

E que queda da imaxe recorrente de que as comunidades 'ricas' contribúen para que as outras, as 'pobres' sexan capaces de financiar as súas necesidades? Primeiro, decatémonos de que, malia as diferenzas de dimensión de todo tipo, as Illes Balears teñen un Fondo de Suficiencia negativo (a devolver ao Estado) superior ao madrileño, indicando, de acordo co españolismo académico, que as illas son máis 'ricas' que o territorio onde se localiza a capital do Estado. Claro que ambos os Fondos de Suficiencia negativos totalizan 329.1 M€, polo que unicamente significan o 15.5% do Fondo de Suficiencia positivo catalán ou o 1.3% dos 25636.1 M€ que totalizan os Fondos de Suficiencia de todas as CCAA que o teñen positivo. Pretenderán acaso facernos a demostración matemática de que $329.1 > 25636.1$, como aqueloutra demostración (falsa lóxicamente) que nos ensinaron de cativos, segundo a cal un número enteiro calquera era igual a calquera outro, facéndose así 'racional' por exemplo, trocar pesos por catro pesetas?

OS FLUXOS FISCAIS ENTRE GALIZA E O ESTADO. Pero avancemos coas 'verdades' do españolismo académico e político a respecto do sistema de financiamento. No cadro anterior comprobamos que os recursos totais que o



sistema de financiamento achegou a Galiza no ano 2004 foron de 6139.8 M€. Se miramos nos Anexos o Informe de Recadación Tributaria da Axencia Estatal (AEAT) dese ano, atopámonos con que a recadación nas Delegacións galegas por todos os impostos do sistema fiscal español (que son máis que os que se integran na cesta tributaria do sistema de financiamento) achega soamente 4571.2 M€. A través disto, o españolismo, incansábel, sinálanos a evidencia manifesta da 'solidariedade' estatal, xa que fronte a unhas necesidades de gasto de 6139.8 M€, a recadación nas delegacións galegas é unicamente de 4571.2 M€. *Poor* 'academicismo' españolista. Non ten remedio.

A cuestión chave é: Reflicte este Informe Anual da AEAT os impostos soportados polos galegos nese ano; reflicte realmente o que o estado arrepaña como impostos aos galegos? Os mesmos españolistas irredentos son plenamente conscientes que se trata de dúas cousas ben diferentes, mais desprézanos, pasan olímpicamente diso, non lles parece relevante nin importante, pois do que se trata é de afirmar contra vento e maré os feitos 'evidentes' da 'solidariedade' estatal e da Galiza 'subvencionada'. Son ben conscientes, eles si, de que se perden estas armas, perden toda a razón da súa existencia, da súa fe, das súas crenzas. Quedarían totalmente desarmados. O pobo galego fariase máis libre, algo que non están dis-

Intervención de Lois Diéguez e Manuel María na festa de Lánca de celebración da supresión da Cota Empresarial Agraria



Manifestación contra o sistema de Imposto de Bens Inmóbeis (IBI) que é unha mostra de figura impositiva que non se axeita á realidade deste país

postos a aceptar. Hai pois que manter a calquera prezo as aparencias, hai que negar a realidade, a verdade.

En troques, parecería que todo galego normal debería estar interesado en coñecer a realidade, é dicir, en coñecer, sequera dunha forma aproximada, por non resultar doada nin posíbel a exactitude plena neste ámbito, dada a inexistencia dun sistema fiscal propio e exclusivo galego, dado o espazo estatal de que formamos parte, a unicidade do seu sistema fiscal, e o comportamento de determinados impostos nun contexto de mercado máis amplo que o simplemente galego. Moitos si coñecen que as sedes das empresas públicas ou de organismos estatais, da maioría das grandes empresas privadas, industriais ou de servizos, con presenza na Galiza, están localizadas fóra de Galiza e moi maioritariamente en Madrid, polo que os tributos resultantes do imposto de sociedades, do IVA, das súas operacións co exterior, ou as retencións dos seus traballadores, non se realizan nas delegacións galegas da AEAT. Por isto, este Informe non serve ren para indicarnos cales son os impostos totais que soportan os galegos como consecuencia do sistema fiscal español, como nos indica que segundo o mesmo significarían unicamente o 3,3% da recadación total estatal. Xa nos gustaría. Da mesma maneira que nel se reflicte que neste ano 2004, nada menos que o 45% da recadación total por todos os impostos se concentra en Madrid,

cando o PIB deste territorio significa o 17,4% do total español, case tres veces menos, facendo evidente unha incongruencia flagrante, unha imposibilidade, sobre todo tendo en conta o paupérrimo carácter progresivo do conxunto do sistema fiscal español.

Porén e afortunadamente, o Informe de Liquidación do Sistema de Financiamento, para o caso dos impostos que se integran na cesta de tributos, non utiliza o criterio de distribución territorial que mantén o Informe de Recadación Tributaria da AEAT, consciente da súa irrealidade e por obedecer a outras finalidades estatísticas, que resultan inapropiadas para considerar adecuadamente os impostos realmente soportados polos habitantes dos diferentes territorios do Estado español. Deste Informe de Liquidación podemos obter a recadación xeográfica real da maioría dos impostos que compoñen a cesta tributaria, agás nos casos do IVA e dos Impostos Especiais, para os que dadas as súas características ben coñecidas, utiliza para a súa distribución territorial uns índices de consumo específicos, consciente de que por medio deste procedemento se aproxima moito máis á carga tributaria real dos mesmos nas diferentes nacións e rexións que compoñen o Estado español.

No sistema de financiamento en vigor, negociado a fins do ano 2001 e resultado, basicamente, dun acordo entre o PP e CiU, os impostos que compoñen a cesta tributaria, así como a súa porcentaxe de cesión / te-

SISTEMA DE FINANCIAMENTO Recursos tributarios ano 2004 (M€) GALIZA

IMPOSTO	% Ces/Terr.	SdF Rec/Terr	Resto Recad/Terr	TOTAL Soportado
Cedidos tradicionais ⁽¹⁾	100	691.2	–	691.2
IRPF	33	842.7	1675.2	2417.9
IVA	35	1013.2	1881.5	2894.7
IIEE de Fabricación ⁽²⁾	40	418.4	627.6	1046.0
IE Electricidade	100	66.2	–	66.2
IE Matriculación	100	70.7	–	70.7
V. polo miúdo Hidrocarburos (estatal e autonómico)	100	87.8	–	87.8
SdF: TOTAL		3190.2	4184.3	7274.6

(1) Sucesións e doazóns, Patrimonio, Transmisións patrimoniais, Actos xurídicos, Taxa sobre o xogo, e taxas afectas aos servizos transferidos.

(2) Alcol e bebidas derivadas, Cervexa, Produtos intermedios, Hidrocarburos, Labores de tabaco.

territorialización e volume, foron no ano 2004 para Galiza, os que se mostran no Cadro a continuación:

Obviamente este cadro non contempla a totalidade dos impostos soportados polos galegos, xa que quedan fóra do mesmo o resto de impostos do sistema fiscal español non integrados no Sistema de Financiamento, nomeadamente o imposto de sociedades, de primas de seguros, de tráfico exterior, rendas de non residentes... De maneira aproximada pero ben máis real que o que indican as cifras de recadación do Informe da AEAT, adoptaremos o criterio de que a carga soportada polos galegos por estes impostos non integrados no Sistema de Financiamento, equivale ao 6% da recadación real estatal dos mesmos, elevándose entón, no ano 2004, a 1822.4 M€.

Como resultado final, obteriamos que a carga tributaria que os galegos soportamos como consecuencia do sistema fiscal español é a seguinte:


- Polos Impostos integrados no S. de Financiamento 7.274,6 M€
- Polos Impostos non integrados no S. de Financiamento 1.822,4 M€
- TOTAL 9.097,0 M€

Obviamente esta é a cifra que hai que confrontar cos 6.139,8 M€ que achega a Galiza o sistema de financiamento, o que nos mostra un diferencial, contra Galiza, de 2.957,2 M€. Unha realidade ben diferente da que nos quere presentar o españolismo académico e político, a través da comparación que saben inadecuada, anticientífica, que vimos anteriormente, no seu afán por nos manter permanentemente na situación equivalente á dos escravos satisfeitos coa súa situación, en tanto que inimigos frontais do 'Denantes Mortos Que Escravos' do noso Castelaio.

E tamén é doado acreditar que os recursos tributarios integrados no Sistema de Financiamento para Galiza (3190.2 M) significan unicamente un 35% da carga impositiva total galega.

Adicionalmente, e como sabemos, ademais do réxime común ao que nos referimos aquí, existe o foral, vasco e navarro, cos seus sistemas de concerto e convenio. Como exemplo e no ano 2005, as tres facendas forais vascas (aquí non parece existir problema ningún co número de axencias tributarias propias) recadaron un total de 11.265,5 M€, resultando o cupo a pagar nese exercicio ao Estado español en 1.204 M€. Unha equivalencia galega aproximada, debería ter deixada reducida a diferenza que antes vimos de maneira radical. Mais isto é fariña doutro costal, sobre todo para o españolismo académico e político, empeñado nos absurdos, nas loitas contra dos muíños de vento habituais, de inventar dezasete nacións no Estado español. Eles, xa se sabe, non gustan dunha cunca de caldo galego. Toman dezasete caldos de catro variedades para xustificaren a calquera prezo a estrutura político-institucional estatal actual.

A EVOLUCIÓN TEMPORAL PERVERSA DO SISTEMA PARA GALIZA. Un sistema de financiamento, sobre todo tendo en conta as prédicas recorrentes relativas á 'igualdade' persoal e territorial que seica caracterizan a Constitución española se obviaamos a teimuda realidade, debería fundamentarse nun principio de suficiencia que garantise os recursos necesarios para ofrecer uns servizos públicos do mesmo (o máis parecido posíbel) nivel e calidade, cuxo custo de subministro é moi diferente en ca-



Panfleto de 1932 contra o Estatuto Catalán. Como se ve os argumentos e mesmo os boicots non son novos e o españolismo sempre soubo explotar os logros nacionalistas como agravios comparativos para encerrar odios que tan bo rédito electoral lles dá a curto prazo e que tan traxicas consecuencias tivo no pasado

da CA, condición básica que non se tivo en conta na formulación do modelo vixente. Así no momento de se implantar, no ano base, resulta crucial que se tome en consideración na configuración do modelo a situación de partida de cada territorio, o nivel de desenvolvemento relativo, o custo real de subministración dun nivel e calidade dados de prestación dos diferentes servizos públicos, así como a garantía dunha evolución temporal dos recursos que faga viábel o necesario proceso de converxencia que neste ámbito debe producirse entre as diferentes CCAA do estado. Malia a confusión reinante, o outro principio básico, o de autonomía, non ten a ver esencialmente con cuestións cuantitativas, senón coa cuestión principal de que a configuración do modelo estea sustentado na capacidade propia de disposición do gasto e do ingreso de acordo coas eleccións propias de cada territorio, vale dicir, que exista realmente autonomía fi-

nanceira, unha condición sine qua non da existencia de autonomía política efectiva. Aspecto este que o modelo actual contempla a niveis certamente paupérrimos (malia a recorrente propaganda de sermos 'o estado máis descentralizado do mundo', unha 'auténtica envexa mundial'), e que está por tanto situado no cerne dos debates actuais a respecto das reformas estatutarias, por facer causa directa do repartimento vertical do poder político dentro do Estado, o que, non por casualidade, ten alporizado ao conxunto do españolismo académico e político e aos seus transmisores mediáticos, poñéndose en primeiro plano o seu empeño en coutrar calquera posibilidade de permitir un avance, sequera moderado, cara a unha estrutura xurídico-política estatal que recoñeza a plurinacionalidade real existente.

Do lado cuantitativo, se no momento inicial existen diferenzas de nivel e calidade na subministración dos diferentes servizos polas CCAA, unha cuestión indubidábel, é moi importante observar se a evolución temporal do sistema de financiamento permite dar solución gradual desas diferenzas. Este non é o caso do modelo en vigor, que como vemos no cadro a continuación para o caso galego, está conformado estruturalmente dunha maneira que provoca un agudo proceso de diverxencia, empeorando relativamente a súa situación inicial. Xusto o contrario do que debería ser. Mais isto non preocupa aos nosos españolistas, pola contra, parécelles fenomenal pois daquela avánzase cara un modelo fundamentado no principio de capitación, que en tal consiste a súa ilusión e propaganda igualizadora, mantendo unha ficción de igualdade que na realidade supón a consolidación permanente da desigualdade. Curiosamente, de practica- ren unha coherencia 'global', deberían defender coa mesma contumacia a igualdade de ingresos a nivel persoal, para que todo estea establecido en termos identicamente iguais. Mais is-

RECURSOS TOTAIS (M€). Sistema de financiamento en vigor

Territorio	Ano Base	LIQUIDACIONES			Δ% SOBRE 1999		
	1999	2002	2003	2004	2002	2003	2004
GALIZA	4274.4	5301.4	5717.6	6139.8	24.0	33.8	43.6
Cataluña	9187.6	12111.5	13342.4	14794.0	31.8	45.2	61.0
Madrid	6846.6	9594.9	10798.6	11933.5	40.1	57.7	74.3
Réxime Común	54905.2	71317.2	78527.2	86290.5	29.9	43.0	57.2
Diferenzas de GALIZA con:			Cataluña		-7.8	-11.4	-17.4
			Madrid		-16.1	-23.9	-30.7
			R. Común		-5.9	-9.2	-13.6

to considéranos absolutamente irracional e demencial por razóns ben obvias: como eles e a súa actividade improdutivo, inane, inútil, de simple sucursal do españolismo rancio ou non, van gozar dos mesmos ingresos que o común dos mortais galegos produtivos que, desenvolvendo a súa actividade, fai avanzar ao país!?

Vemos aquí nitidamente que a evolución do sistema, dos seus Recursos Totais que é o que realmente vale para o financiamento dos servizos e non as ficcións aritméticas, desconsiderando a situación na orixe (no ano base), é moi negativa para Galiza, e agrávase a cada ano que transcorre, nomeadamente na súa comparación con Madrid, malia esta 'rica' comunidade ter un Fondo de Suficiencia negativo. Reflicte isto un proceso de diverxencia ou de converxencia? Deixámolo para que se pronuncien os españolistas, que non o farán. Para nós faise evidente que o sistema vixente é completamente desapropiado (e inasumíbel) para o noso país, mesmo deixando a un lado as importantes cuestións ideolóxicas subxacentes.

A maior abundamento, vemos que se Galiza representaba o 7.8% dos recursos totais do sistema de financiamento de réxime común no ano base, no último exercicio liquidado, 2004, só representa o 7.1% (-0.7 puntos porcentuais). Pola contra, as cifras equivalentes para Cataluña pasaron do 16.7 a 17.1% (+0.4), e as de Madrid, do 12.5 ao 13.8% (+1.3). Unha maneira de comprobar a importante perda de recursos para Galiza, consiste en comparar os recursos totais reais que lle chegou o sistema e os que resultarían dunha situación na que eses recursos totais tivesen medrado á mesma taxa media que o conxunto das CCAA do réxime común.

Á vista disto, mais parecera que a nosa Galiza é tan 'rica' que se permite asinar un Sistema de Financiamento que implica estas *regalías* pola súa parte cara ás outras CCAA, nomeadamente a 'pobre'

RECURSOS TOTAIS GALIZA (M€)	2002	2003	2004	TOTAL 2002-04
1. REAL achegado polo Sistema de Financiamento	5301,4	5717,6	6139,8	17158,8
2. Segundo taxa crecemento medio do Réxime Común (RC)	5552,4	6112,4	6719,4	18384,2
1 - 2 =	-241,0	-394,8	-579,6	-1225,4

Madrid. Até onde chegaremos facheando de tanta solidariedade, que logo por riba, se nos predica de maneira invertida!

Afondaremos algo máis nesta cuestión chave, tomando en conta a desagregación dos recursos totais do sistema en transferencias e ingresos tributarios, que como xa describimos noutro lugar resulta unha das cuestións esenciais para o españolismo deducir os seus ideoloxemas básicos negadores das potencialidades do noso país, de deixárllelas exercer, para o manter nunha posición de permanente dependencia, como albo de xustificación e permanencia eterna do actual Estado español.

O Fondo de Suficiencia de cada ano, no caso máis xeral de ser positivo, calcúlase multiplicando o seu valor no ano base por un coeficiente (1.3325 no ano 2004) que reflicte a evolución dos ingresos tributarios do estado cedidos total ou parcial-

% Transferencias sobre RC	1999	2002	2003	2004	Δ% 04-99
GALIZA	11.40	11.45	11.43	11.39	38,81
Cataluña	8,46	8,54	8,50	8,46	38,82
Madrid	-1,43	-1,42	-1,02	-0,55	-46,30
RÉXIME COMÚN (M€)	18646,2	22824,8	24637,6	25899,9	38,90

(As transferencias negativas madrileñas son moi pequenas en termos relativos, pasando de 267.1 M€ en 1999 a 143.4 M€ en 2004).

% R. Tributarios sobre RC	1999	2002	2003	2004	Δ% 04-99
GALIZA	5,93	5,54	5,38	5,28	48,82
Cataluña	20,99	20,96	20,87	20,87	65,63
Madrid	19,62	20,45	20,51	20,00	69,77
RÉXIME COMÚN (M€)	36259,1	48492,4	53889,6	60390,6	66,55

DIFERENCIAL DE CRECEMENTO GALEGO-SdF (%)

CONCEPTO	Diferencial Δ% sobre 1999		
	2002	2003	2004
RECURSOS PER CAPITA			
Con Cataluña	-2.1	-1.8	-4.1
Con Madrid	-6.8	-9.2	-11.9
Co Réxime Común	-0.9	-1.7	-3.2
% RECURSOS/PIB			
Con Cataluña	-5.7	-8.3	-11.4
Con Madrid	-8.8	-14.1	-17.4
Co Réxime Común	-1.8	-4.3	-6.5

mente, e que é o mesmo para todas as CCAA de réxime común nesas circunstancias. O Fondo de Suficiencia, como elemento de peche do sistema, varía unicamente sobre este patrón indicado para se axustar no caso de producirse algunha nova transferencia, e aínda que tal foi o caso, o seu monto non é significativo en relación co volume total de recursos do sistema de financiamento. Desta maneira, a parte dos recursos que significan as

transferencias mantense relativamente constante ao longo do tempo, e por tanto non é aquí onde está a causa do proceso diverxente que produce o actual sistema, como nos indica o cadro seguinte para Galiza:

Como consecuencia, o funcionamento perverso do sistema para Galiza depende da evolución dos recursos tributarios que integran a cesta, para os que, ademais, non está establecida no modelo ningunha garantía de evolución temporal, provocando o relativo empeoramento progresivo na subministración dos servizos públicos. Se xa existían diferenzas negativas na orixe, estas agrándanse cada ano que pasa en contra de Galiza e a prol das outras CCAA, nomeadamente a 'rica' Madrid, como xa vimos.

Podería pensarse que isto non acontecería no caso de nos referir ao financiamento *per capita* ou a proporción dos recursos totais sobre o PIB, tan queridos polos nosos españoлисты, veñan ou non a conto, tendo en conta o peor comportamento galego na evolución relativa da súa poboación e do seu PIB. Mais é de tal nivel o grao de deterioro galego que nin sequera este é o caso cos datos reais, como mostra o cadro a continuación para o caso galego:

Non resultará esta realidade suficientemente contundente para os nosos españoлисты académicos e políticos? Si, seguramente, mais parécelles formidábel, por canto desta maneira poderán continuar acreditando nas súas 'teses' recorrentes da 'Galiza subvencionada', do 'estado solidario', e parvalladas equivalentes. Esperta ferro! ■

¹ Que non o hai que dicir agacha a pregunta fulcral: Quen financia o Estado? Segundo coñecemos polos españoлисты non é máis que unha especie de Espírito Santo no quilómetro cero madrileño.

² Para o caso dos territorios con Fondo de Suficiencia negativo, este coeficiente no ano 2004 foi de 1.3294 3 1.3325 para as Illes Balears e Madrid, respectivamente.

LIQUIDACIÓN 2004

IMPOSTO	CONSUMO Coeficiente	LIQUID. 2004	GALIZA (M€)		
		Recadación Real Estatal	BASE Galega LIQ. 2004	AEAT RECADAC.	
AEAT					
IRPF		48,385,821	2,417,915	1,808,758	Retencions empresas con sede fóra Galiza
SOCIEDADES		26,019,921	1,015,577	1,015,577	Empresas con sede fóra Galiza
SOBRE A RENDA DE NON RESIDENTES		1,395,414	27,243	27,243	
IMPOSTO SOBRE O PATRIMONIO		30,371	1,001	1,001	
RESTO CAPÍTULO I		2,343,025	0,178	0,178	
CAPÍTULO I		78.174,552	3.461,914	2.852,757	
IVA- Participación territorializada	6,503	44.507,353	2.894,744	1.564,710	Empresas con sede fóra Galiza
ESPECIAIS - Participación territorializada		17.512,768	1.112,273	54,071	
Alcool e bebidas derivadas	5,341	842,338	44,995	7,816	
Cervexa	4,785	233,244	11,163	7,189	
Produtos Intermedios	6,506	18,337	1,193	0,034	
Hidrocarburos	6,923	10.122,793	700,867	32,964	
Labores do Tabaco	5,245	5.487,044	287,818	0,00	
Electricidade	8,187	809,014	66,237	6,068	
PRIMAS DE SEGUROS		1,233,149	0,954	0,954	Empresas con sede fóra Galiza
TRÁFICO EXTERIOR		1,153,786	70,262	70,262	Empresas con sede fóra Galiza
RESTO CAPÍTULO II		107,172	0,204	0,204	
CAPÍTULO II		64.514,228	4.078,437	1.690,201	
TAXAS DE XOGO			0,126	0,126	
OUTRAS TAXAS			1,337	1,337	
RECARGO APREMIO E OUTROS			12,082	12,082	
XUROS DE DEMORA			9,036	9,036	
SANCIÓNS TRIBUTARIAS			5,664	5,664	
CAPÍTULO III		1.152,827	28,245	28,245	
SUBTOTAL		143.841,607	7.568,596	4.571,203	
CEDIDOS (Na súa totalidade) - RC		20.420,161	849,639		
Sucesións e Doazóns Patrimonio (Xestión AXE). Transmisións Patrimoniais Actos Xurídicos Taxa sobre o Xogo		17.182,161	635,511		
Taxas afectas aos servizos transferidos (CN)		766,115	55,680		
Sobre determinados Meios transporte (X. AXE)		1.471,263	70,700		
Vendas minoristas Hidrocarburos. Estatal (X. AXE)		828,046	56,158		
Vendas minoristas Hidrocarburos. Autonómico		172,575	31,590		
TOTAL		164.261,768	8.418,235	4.571,203	
INGRESOS PROPIOS (Dereitos recoñecidos nos Orz. Galegos Consolidados 2004)			310,655		
Tributos Propios			24,245	CI	
Taxas, prezos e outros			214,252		
Ingresos Patrimoniais			9,730		
Desinvestimentos			62,427		
A) INGRESOS TOTAIS XERADOS NA GALIZA			8.728,889	SF	DIF
LIQUIDACIÓN ORZAMENTOS CONSOLIDADOS GALEGOS 2004 (MINECO)				6.139,820	2.589,070
DEREITOS RECOÑECIDOS NON FINANCEIROS			8.325,295		
Dos que: (Créditos Iniciais)					
Participación das CCLL nos ingresos do estado (PIE-CCLL)			661,097		
Fundo de Compensación Interterritorial (FCI)			163,942		
Fundos Comunitarios			547,240		
Subvencións estatais finalistas			217,099		
Outras Transferencias condicionadas			124,741		
B) RESTO			6.611,176		
EXCEDENTE : A) - B)			2.117,713		

EVOLUCIÓN DO SISTEMA DE FINANCIAMENTO LIQUIDACIÓN ANO 2004

M€ INGRESO	CCAA DE RÉXIME COMÚN (RC)				
	1999	%	2004	%	2004/1999
(1) Antigos cedidos + Taxas (100%)	6.984,07	12,72	17.948,28	20,94	2,570
(2) IRPF (33%)	10.674,85	19,44	16.903,48	19,72	1,583
(3) IVA (35%)	10.757,11	19,59	15.577,57	18,18	1,448
(4) Impostos Especiais (IIEE)	7.222,07	13,15	8.960,63	10,46	1,241
De fabricación (40%)			6.681,50	7,80	
Sobre Electricidade (100%)	7.222,07	13,15	807,86	0,94	1,241
S/Det. Medios Transp. (100%)			1.471,26	1,72	
(5) Minorista de Hidrocarburos (100%)	620,96	1,13	1.000,62	1,17	1,611
FUNDO DE SUFICIENCIA	18.646,16	33,96	25.307,04	29,53	1,357
SUBTOTAL	54.905,22	100,00	85.697,62	100,00	1,561
(6) Garantía Sanidade			592,84		
TOTAL	54.905,22		86.290,46		1,572

M€ INGRESO	GALIZA				
	1999	%	2004	%	2004/1999
(1) Antigos cedidos + Taxas (100%)	357,57	8,37	691,19	11,46	1,933
(2) IRPF (33%)	556,20	13,01	842,74	13,97	1,515
(3) IVA (35%)	716,95	16,77	1.013,16	16,79	1,413
(4) Impostos Especiais (IIEE)	474,51	11,10	555,35	9,21	1,170
De fabricación (40%)	357,76	8,37	418,41	6,94	1,170
Sobre Electricidade (100%)	50,50	1,18	66,24	1,10	1,312
S/Det. Meios Transp. (100%)	66,25	1,55	70,70	1,17	1,067
(5) Minorista de Hidrocarburos (100%)	44,23	1,03	87,75	1,45	1,984
FUNDO DE SUFICIENCIA	2.124,94	49,71	2.842,52	47,12	1,338
SUBTOTAL	4.274,39	100,00	6.032,71	100,00	1,411
(6) Garantía Sanidade			107,11		
TOTAL	4.274,39		6.139,82		1,436
% Galiza / CCAAs	7,79		7,12		

CCAA DE RC					
Ingresos tributarios	36.259,06	66,04	60.390,58	69,99	1,666
(7) Transferencias	18.646,16	33,96	25.899,88	30,01	1,389
TOTAL	54.905,22	100,00	86.290,46	100,00	1,572
GALIZA					
Ingresos tributarios	2.149,46	50,29	3.190,19	51,96	1,484
(7) Transferencias	2.124,94	49,71	2.949,63	48,04	1,388
TOTAL	4.274,39	100,00	6.139,82	100,00	1,436

- (1) Con capacidade normativa (5) Rendemento definitivo
 (2) Con capacidade normativa (6) Unicamente no trienio 2002-2004 (PIBpm nominal). Modificado Reforma Conferencia de Presidentes 2005
 (3) Imputación segundo índice consumo (7) Fondo Suficiencia + Garantía Sanidade
 (4) Idem, agás no I. Matriculación que son rendementos definitivos

OBSERVAR:

- O Fondo de Suficiencia medra de acordo co ITEn, sendo portanto igual tal medre para todas as CCAAs de RC. agás no caso de novas transferencias e modificación impositiva polo Estado dos tributos que compoñen a cesta.
- Da inadecuación do sistema para Galiza dá conta exacta o feito de que o Fondo de Suficiencia signifique case o 50% dos recursos totais fronte ao 34% como media para o conxunto das CCAAs. De feito para os casos de Madrid e Illes Balears é negativo. Isto no Ano Base 1999.
- Como o ITEn (1.3325) medra por baixo dos ingresos tributarios, o F. de Suficiencia reduce progresivamente a súa participación na financiación das necesidades. Aínda que este diferencial é moito menor no caso galego: no conxunto cae 4,43 puntos mentres na Galiza só 2,59 puntos.
- Os Ingresos tributarios medran MENOS na Galiza que no conxunto das CCAAs (18,1 puntos, nada menos).
- Isto implica que o incremento de recursos totais na Galiza É INFERIOR ao conxunto das CCAAs. No 2004 respecto a 1999 (ano base) os recursos galegos medraron o 43,6% en tanto que no conxunto das CCAAs de RC foi do 57,2%, é dicir, 13,5 puntos menos, moito peor que o acontecido nos anos anteriores.
- Isto empeorará a cada ano que pase como comprobaremos nas liquidacións futuras. **MENUDA NEGOCIACIÓN!** A extrapolación deste comportamento significaría que se os recursos galegos do SdF significaban o 7,8% dos do réxime común, no ano 2010 situaríanse no 6,4% e no ano 2020 no 5,3% unicamente, amostráranos unha evolución e unha situación simplemente insostible para o noso país. **MODIFICAR O VIXENTE SISTEMA DE FINANCIAMENTO É UNHA CUESTIÓN PRIORITARIA PARA GALIZA!!**
- De non se así terá efectos negativos para o sostemento da calidade dos servizos públicos esenciais, nomeadamente a Sanidade, como se explica noutra parte.

FUNDO DE SUFICIENCIA

Indicador da 'solidariedade' estatal segundo os partidos estatais e do bó que lle resulta a Galiza manterse nunha situación de dependencia (o escravo satisfeito da súa situación). Presenta unha imaxe invertida da realidade. MIXTIFICACIÓN. Indicador parcial da situación de dependencia política galega para nós.

FONTE: Ministerio de Economía e Facenda

As nossas prioridades para o rural

Há mais de um ano que o governo formado pelo BNG e o PSOE tomou possessom e em consequência que o BNG assumiu a responsabilidade da Conselharia do Meio Rural (CMR). Nom surpreendo a ninguém se digo que o programa de governo com o que o BNG se apresentou às eleições e o próprio contrato de governo bipartito constituim as guias fundamentais da actuaçom de governo da CMR.



BERNARDO VALDÉS PAÇOS

Professor de Economia Aplicada da

Universidade de Santiago de

Compostela. Autor de diversos trabalhos

sobre agricultura e política agrária.

Assessor da Conselharia do Meio Rural

AS EXPECTATIVAS. Tampouco deveria surpreender a ninguém se digo que mais alá do que se especifica no programa do BNG cada um de nós tem as suas próprias expectativas sobre o que vai fazer a CMR e as nossa própria avaliaçom sobre as que deveriam ser as prioridades da nossa açom de governo no meio rural e nas outras áreas nas que temos responsabilidades de governo. Em base a estas expectativas olhamos as decisoms ou



a falta delas e ponderamos as declaraçons ou os silêncios das pessoas que ocupam postos de direcçom.

De facto tenho a impressom de que o juízo que cada um de nós faga do labor da Conselharia do Meio Rural ao final da legislatura vai depender em boa medida das expectativas que previamente se criara. Tenho também a impressom de que no processo de construcçom das nossas expectativas moitas vezes nom temos em conta o contexto no que nos situamos, o conjunto de elementos que condiciona a nossa açom de governo. Além disto nom é excepcional que nesse processo de formaçom das expectativas, mesmo nos militantes do nacionalismo, influam mais os nossos rivais políticos ou os grandes meios de comunicaçom que as nossas próprias análises ou o que se recolhe no programa de governo. Para ser mais preciso nom deveria falar dumha impressom porque se pode interpretar como um pressentimento e nom o é, seria mais exacto falar dumha conclusom derivada das opinions, das conversas, dos juízos ouvidos ao longo destes últimos meses.

Se calhar há quem pense que esta referência ao contexto resulta extemporânea. Nada mais longe da realidade, nom só é recomendável que consideremos o conjunto de elementos que condiciona a nossa açom de governo à hora de avaliá-la mas seria umha irresponsabilidade que as pessoas que tenhem postos de responsabilidade nas áreas de governo nom os tivessem

em conta; da mesma forma que a direcçom de umha organizaçom política que nom pondere adequadamente as circunstâncias nas que desenvolve a sua actividade está condenando ao fracasso a essa organizaçom.

Sem ánimo de ser exaustivo vou-me referir brevemente a alguns elementos importantes que condicionam a nossa actuaçom à frente da CMR, e sublinho o de meio rural porque nom vou referir-me a aspectos de grande importância mas que afectam ao conjunto da nossa açom de governo (o facto de estar num governo de coligaçom no que a maioria é do PSOE, o âmbito competencial do governo de Madrid, a restricçom orçamentária nas conselharias do BNG, a debilidade social do nacionalismo,...).

Em primeiro lugar é obrigado assinalar os limites que impom a Política Agrícola Comum à nossa açom de governo. Lembremos que o sector agrário é praticamente o único no que a UE tem umha política única, centralizada e de obrigado cumprimento. Sabemos ademais que esta política resulta especialmente prejudicial para a agricultura galega.

Em segundo lugar nos próximos anos vai haver umha reduçom substancial dos recursos comunitários para desenvolvimento rural que chegam a Galiza. Podemos fazer umha ideia da relevância do recorte se temos em conta que estes recursos estavam cofinanciando um amplo abano de actuaçons: incorporaçom de moças/os, modernizaçom de exploraçons, mel-



hora genética, investimentos agro-industriais, concentración, infra-estruturas rurais, política florestal, medidas agro-ambientais,...

Em terceiro lugar o decurso das negociacións no seo da Organización Mundial do Comercio está desenhando un cenário preocupante para algúns dos principais sectores da agricultura galega. As ofertas dos negociadores comunitarios no que se refere a reducións da axuda interna à agricultura e da protección en fronteira fronte às importacións, unidas ao compromiso de suprimir as subvencións às exportacións² que a UE aceptou na declaración ministerial de Hong Kong nos colocan ante un horizonte de maior inestabilidade nos mercados de produtos agroalimentares.

Em cuarto lugar é importante non esquecer a situación do mundo rural galego na actualidade e a debilidade do capital galego na agro-industria, aspecto este último de especial relevancia se temos en conta que un dos nosos obxectivos é incrementar o valor acrescentado que se gera na Galiza partir das materias-primas agrarias. O caso da industria láctea converteu-se no exemplo paradigmático. Nom é o mesmo falar da creación do Grupo Lácteo Galego hoje que antes da crise de LARSA ou da de Leyma.

A necesidade de ter en conta o conxunto de elementos que condiciona o noso labor nom pode levar-nos a eludir a responsabilidade que asumimos. Aliás nom todos os condicionantes som de carácter negativo, entre os

positivos é obrigado mencionar a demostrada capacidade de resistencia e iniciativa de moitas/os agricultoras/es e persoas que viven no meio rural ou o que para nós é un facto, a produción agro-alimentar é unha produción de futuro embora haja que adaptá-la às novas circunstancias.

Este artigo limita-se a tracejar as grandes rasgos as que van ser as nosas prioridades na gestom da CMR, sem embargo desde a óptica do nacionalismo a nosa actuación à frente da CMR nom deve avaliar-se unicamente em termos da gestom diária, a análise política deve ir mais alá. Nom é este o lugar e pessoalmente tampouco me considero o mais capacitado para fazê-lo. Porém nom está de mais dizer que a CMR pretende fazer política no mais amplo sentido da palabra e nom unicamente gestom. O noso labor à frente da CMR e das outras conselharias deve servir, entre outras cousas, para evidenciar a necesidade de governarmos os nosos asuntos, de confiarmos nas nosas capacidades e para que cada vez seja maior o número de galegas/os que se questionam a configuración actual do Estado, noutras palabras, desde a CMR também cumpre construirmos país socialmente.

A PARTICIPAÇÃO SOCIAL. Unha das reivindicacións históricas do nacionalismo foi a de levar a democracia às relacións entre a administración e as organizacións de produtoras/es agrarias/os. Precisamente a primeira lei aprovada polo Parlamento nesta legislatura foi a de criação do Consello Agrário Galego a proposta da CMR. Este configura-se como o órgano de participación, aconselhamento, diálogo e consulta da Administración Galega em matéria agraria e de desenvolvemento rural. No Consello Agrário Galego están representados os sindicatos agrarios mais representativos da Galiza. A criação deste organismo estava recollida no programa de goberno do BNG; com ela pretende-se criar un instrumento eficaz para a participación das organizacións que re-

Lembremos que o sector agrário é praticamente o único no que a UE tem unha política única, centralizada e de obrigado cumprimento. Esta política resulta prejudicial para a agricultura galega



presentas às/aos produtoras/es agrárias/os e favorecer o diálogo entre estas organizaçõs e a administraçõs.

A aposta polo diálogo nom sem plasmou unicamente na criaçõs do Conselho Agrário Galego também se evidenciou no impulso de diversos foros sectoriais entre os que salientam pola relevância económica e social da produçõs e polos resultados a Mesa do Leite e diferentes Mesas do Vinho³. Com estas mesas a CMR pretende impulsionar um foro de diálogo e negociaçõs permanente entre os distintos elos da cadeia de produçõs e transformaçõs dos produtos agrários de maior relevância na Galiza, com o objectivo de dar-lhe transparência e de equilibrar as relaçõs interprofissionais nos distintos sectores e procurar alternativas para a soluçõs dos problemas que podam afectar aos distintos agentes.

Alcançárom-se acordos sobre um modelo de contrato nas mesas do vinho de quatro das cinco denominaçõs de origem; estes modelos fórom homologado pola CMR e contemplam um preço para a uva das variedades autóctones. Com isto pretende-se garantir um preço para as uvas de castes autóctones das/os viticultoras/es profissionais.

A problemática do sector lácteo foi sem dúvida a que mereceu umha maior atençõs por parte dos meios de comunicaçõs. A Revisom Intercalar da PAC aprovou umha reduçõs dos preços de intervençõs de manteiga (-25%) e leite magro em pó

(-15%) e um debilitamento global das medidas de intervençõs nos mercados. Esta reforma aprovada no seu momento com o acordo do governo do Estado deu lugar a umha reduçõs dos preços recebidos polas exploraçõs lácteas na maior parte dos Estados da UE.

Depois de mais de um ano de negociaçõs recentemente na Mesa do Leite assinou-se um acordo que:

1. Estabelece um modelo de recibo transparente e especifica os distintos prémios ou descontos que tenhem cabida no recibo.
2. Acorda umha aproximaçõs entre o preço que cobram os produtores de pequena dimensom e os de maior tamanho, é dizer, umha reduçõs dos prémios de quantidade⁴.
3. Contempla a criaçõs dum Observatório do Sector Lácteo que terá, entre outras funçõs, a de fazer um seguimento do mercado de produtos lácteos e mais concretamente a elaboraçõs dos índices de referência que se considerem adequados para o conhecimento desse mercado.
4. A parâmetros como a evoluçõs do mercado francês de produtos lácteos industriais, dos mercados internacionais de vários queijos, do mercado interior de produtos lácteos de grande consumo, etc.

Este acordo nom foi singelo, nom todos os agentes que intervenhem no sector estâm interessados; nom se pode esquecer que estamos falando dum sector no que as empresas de capital forâneo tenhem um peso muito importante. Existem pressõs muito fortes para que nom se alcancem estes objectivos e no extremo para que a própria dinâmica de negociaçõs entre sindicatos, representantes da indústria e cooperativas impulsionada pola CMR fracasse.

A CMR aprovou um decreto sobre o funcionamento dos Conselhos Reguladores das diferentes denominaçõs com o objectivo de garantir a sua autonomia ao respeito da própria



CMR, melhorar a sua eficácia e democratizar o seu funcionamento.

A INCORPORAÇÃO DE MOÇAS E MOÇOS. Nas últimas décadas produziu-se umha forte caída do emprego agrário na Galiza. O número de trabalhadoras/es agrárias/es é aproximadamente umha quinta parte do que havia quando o Estado ingressou na UE. O ritmo de destruição do emprego agrário na Galiza ao longo desses vinte anos quase duplica a média do conjunto do Estado. Na maioria das nossas comarcas rurais esta recessão não foi compensada pela criação de emprego noutras actividades dando lugar a umha queda do emprego total e finalmente a um processo de envelhecimento e de desertificação demográfica.

É previsível que nos próximos anos continue a redução no número de explorações agrárias simplesmente por razões demográficas, porque umha parte significativa das explorações galegas conta com um titular de idade avançada e não tem sucessor. Em 2003 segundo o inquérito sobre a estrutura das explorações agrícolas do INE 61% das explorações tinha um titular com 55 anos ou mais; em 59% destas não havia ninguém familiar com menos de 55 anos trabalhando⁵. Noutras palavras é previsível que nos próximos dez anos 36% das explorações galegas desapareçam simplesmente por reforma ou morte das pessoas que trabalham nelas, sem que haja transvases de mão-de-obra para outras actividades ou para a emigração.

Isto explica que a CMR fizesse umha aposta inequívoca pela incorporação de moças e moços à actividade agrária. Umha aposta que já se puxo de manifesto em 2006 aumentando a dotação orçamentária das ajudas à incorporação. Assim o número de beneficiárias e beneficiários da convocatória de 2006 multiplicou por três aproximadamente as solicitudes aprovadas em anos anteriores. Esta prioridade também se vai evidenciar nos recursos previstos para esta medida no Programa de Desenvolvimento Rural 2007-2013.

O BANCO DE TERRAS. Os dados do último Censo Agrário mostram que a Superfície Agrícola Utilizada ocupa aproximadamente a terça parte da superfície agrária galega; as outras duas terças partes estão ocupadas por superfície florestal da que arredor da metade são terrenos que não têm nenhum tipo de aproveitamento produtivo. A reduzida percentagem que representa a SAU no nosso território não se explica pelas características dos solos, é dizer, muitas das terras abandonadas ou dedicadas a usos florestais de baixa produtividade são aptas para lavoura ou para prados. Ademais o peso que tem a SAU no nosso território é muito inferior ao que alcança na maior parte dos Estados-Membros da União Europeia. No conjunto do Estado Espanhol, por exemplo, a SAU representa 62,4% da superfície frente a 34% na Galiza.



O nosso país nom pode permitir-se o luxo de desaproveitar os recursos cos que conta, nom podemos manter abandonados ou infrautilizados terrenos que som aptos para a produçom. Nom é unicamente um problema colectivo, também é um problema que lastra as perspectivas de futuro de moitas exploraçoms. O último inquérito sobre a estrutura das exploraçoms agrícolas mostra como umha hectare de SAU galega produz por termo médio 41'8% mais que no Estado, medindo a produçom em termos monetários. Sem embargo a reduzida dimensom territorial das exploraçoms galegas fai que a margem bruta por trabalhador/a agrário/a apenas supera a terça parte da media espanhola.

Se dirigirmos a nossa atençom cara o principal sector da nossa agricultura, o lácteo, comprovaremos como a escassez de base territorial repercute na conta de resultados. Em muitas exploraçoms o incremento da produçom baseou-se em níveis elevados de consumo de concentrados com o conseguinte incremento no custo unitário de produçom. Desta forma o modelo produtivo tornou-se muito sensível a variaçoms no preço do leite ou do concentrado.

É urgente actuar para frenar a perda de SAU e facilitar que as exploraçoms com vocaçom de futuro podam aumentar a sua base territorial. Um incremento da superficie necessário em muitas exploraçoms gadeiras para que podam reduzir a sua dependência dos alimentos comprados para os animais

e desta forma rebaixar os custos unitários de produçom. Com estes objectivos a CMR apresentou um projecto de lei no Parlamento para a criaçom dum Banco de Terras da Galiza (BANTEGAL). O BANTEGAL está chamado a melhorar a mobilidade no mercado da terra agindo fundamentalmente através dos arrendamentos. O Banco poderá receber prédios cedidos polas/os suas/seus proprietárias/o com o objectivo de destiná-los em arrendamento a exploraçoms em funcionamento para que aumentem a sua base territorial, à primeira instalaçom de moços ou moças, à criaçom ou ampliaçom da base territorial de cooperativas agrárias ou exploraçoms comunitárias da terra, etc. O BANTEGAL responsabilizará-se do cobro do arrendamento e do pagamento à/ao proprietária/o. A administraçom galega poderá subvencionar o custo do arrendamento dando prioridade às/aos moças/os, agricultoras/es profissionais e agricultora/es a título principal.

O mesmo projecto de lei autoriza à Junta da Galiza a estabelecer um regime sancionador sobre os prédios incultos ou abandonados radicados em Zona de Especial Interesse Agrário. Estas sançoms nom tenhem um objectivo arrecadatário mas pretendem manter a capacidade produtiva da terra, velar pola conservaçom das condiçoms ambientais e mesmo estimular a oferta de terras. Destarte nom se aplicará o regime sancionador aos prédios que fôrom cedidas ao BANTEGAL e este aceitou.

Somos conscientes de que estamos falando de problemas de carácter estrutural, que nom se vam solucionar do pé para a maõ mas precisamente por isso cumpre dar quanto antes os primeiros passos. O BANTEGAL deveria estar operativo antes de finalizar este ano para que antes do fim da legislatura tenhamos umha mostra dos frutos.

A VALORIZAÇOM DO MONTE. Nom só é necessário actuar sobre a SAU, também urge tomar medidas que permitam pôr em valor a superfí-

cie florestal. A superfície florestal representa aproximadamente as duas terças partes da nossa superfície. Os câmbios que se pretendem nom vam em muitos casos dar resultados imediatamente e unicamente vam visualizar-se os seus efeitos a médio ou longo prazo. Os ciclos de produçom, por exemplo, duram anos, décadas no caso dalgumhas espécies.

No novo período de programação, 2007-2013, a CMR vai deixar de subvencionar a florestaçom de terras agrícolas. Nom se deve dedicar nem um só euro mais dos recursos públicos a premiar o abandono de superfícies aptas para a produçom agrícola. Além disto a política de florestaçom tem de realizar-se de acordo a critérios de ordenaçom, tendo em conta as características produtivas dos solos. Em qualquer caso vai-se avançar numha política de diversificaçom de espécies incrementando notavelmente a percentagem de superfície na que se realizam plantaçons com caducifólias autóctonas.

O objectivo de aumentar a produçom de madeiras de qualidade nom é alcançável unicamente desde a óptica da plantaçom, é necessário dedicar umha maior atençom ao que vem depois da plantaçom: os tratamentos silvícolas. Para seguirmos produzindo grandes quantidades de madeira para trituraçom nom é necessário esforçar-se por melhorar os tratamentos silvícolas, mas se pretendemos produzir outras madeiras -inclusive que espécies como o eucalipto podam ser aproveitadas para usos que geram mais valor- cumpre dar-lhe o relevo que merece a essa parte do processo produtivo.

A ordenaçom da superfície a monte terá em boa conta que nom pode ser unicamente umha superfície para a produçom de madeira. A CMR impulsionará nos casos oportunos a realizaçom de planos de gestom do monte nos que se considere o seu aproveitamento agro-silvo-pastoral, nom só pola maior rentabilidade que nalguns casos podam aportar os outros produtos mas também polo interesse desde


o ponto de vista ambiental ou da prevençom de incêndios de combinar distintas actividades⁶. Neste sentido deverá ser estudado com atençom o possível aproveitamento da biomassa para a produçom de energia.

No plano legislativo vai-se abordar a elaboraçom dumha Lei de Montes da Galiza que entre outras cousas dê suporte legal à ordenaçom do monte galego com critérios estratégicos ou permita potenciar as associaçons de proprietários de forma que seja possível actuar com maior eficácia sobre os montes que nom som vizinhais. Também se vai revisar a Lei de Montes Vizinhais em Mao Comum com o objectivo, entre outros, de fortalecer o papel da administraçom naqueles casos nos que as comunidades nom tenhem vida.

Aspiramos a que nos próximos anos a política florestal seja algo mais que a política de luta contra os incêndios, porém nom podemos deixar de falar dumhas actuaçons que con-

No novo período de programação, 2007-2013, a Conselharia vai deixar de subvencionar a florestaçom de terras agrícolas. Nom se deve premiar o abandono de superfícies aptas para a produçom agrícola





somem umha quantidade importante de recursos e que durante umha parte do ano praticamente nom deixam ver a política da CMR. A ordenaçom e a posta em valor das superfícies a monte devem contribuir também a reduzir o número de incêndios, mas a repercussom nom vai ser imediata. No curto prazo vai ser necessário seguir dedicando umha quantidade importante de recursos à luta contra o lume e realizar câmbios no dispositivo de extinçom para garantir umha maior eficácia do mesmo.

A criaçom dumha empresa pública, SEAGA, é um importante elemento dessa reformulaçom. Na actualidade o número de pessoas que trabalham no dispositivo supera as 5.000 pessoas nos meses de maior risco. O nacionalismo nom pode aceitar que isto se converta numha situaçom eterna e polo tanto nom lle pode dar o visto bom à configuraçom dum corpo de funcionários ou pessoal laboral da administraçom dedicados à extinçom de incêndios de mais de 5.000 pessoas.

A CMR pretende consolidar um corpo profissional configurado a partir das pessoas que hoje tenhem umha relaçom estável com a administraçom, arredor de 1.500 pessoas. Enquanto seja preciso contratar muitas mais pessoas para a luta contra os incêndios no verao a contrataçom através dumha empresa pública permite que o emprego destas pessoas nom acabe ligado em excludiva à existência de incêndios, umha vez que esta empresa nom só se dedicará à extinçom de incêndios mas também a outros trabalhos (trabalhos silvícolas, obras diversas,...), as/os trabalhadoras/es contratadas/os poderám trabalhar noutros âmbitos. Pensemos que na actualidade a própria administraçom galega contrata a realizaçom dum amplo número de tarefas nos vários centos de milheiros de hectares de monte que administra. Nom esqueçamos que é muito difícil ter esta mobilidade funcional na própria administraçom.

A relevância da criaçom dumha empresa pública com o âmbito de actuaçom que tem SEAGA e como meio próprio da administraçom galega vai muito mais alá do âmbito florestal. A administraçom galega paga cada ano umha elevadíssima quantidade de dinheiro a umha empresa como TRAGSA que pertence à administraçom central. O nacionalismo galego sempre defendeu a existência dum sector empresarial público galego com capacidade para actuar em determinados âmbitos e sempre que sejam tarefas que nom som próprias do âmbito administrativo. A dependência dos meios próprios da administraçom central nom é compatível com o autogoverno. Neste sentido SEAGA deve configurar-se como umha importante ferramenta de actuaçom da administraçom galega para a realizaçom de actuaçoms, obras, trabalhos e prestaçom de serviços em matérias agrícolas, gandeiras, florestais, de desenvolvimento rural e em geral, intervençoms de carácter urgente ou em situaçom de emergência.

A CMR aprovou em 2006 um decreto no que se regulam medidas destinadas à prevençom de incêndios florestais. Entre outras medidas contempla-se a obrigaçom para os proprietários de terrenos situados nas faixas de especial protecçom de mantê-los livres de vegetaçom acessória à massa principal e com a massa arbórea rareada. Faculta-se à Junta da Galiza para realizar directamente os trabalhos preventivos nessas faixas de especial protecçom repercutindo os custos sobre quem corresponda. Estabelecem-se distâncias mínimas para realizar repovaçoms florestais e proibem-se as plantaçoms florestais em zonas dedicadas a lavradio, pradeira ou prado. Tendo em vista a criaçom de um regime sancionador em matéria de montes e incêndios florestais atribuem-se as competências sancionadoras. Recentemente apresentou-se um projecto de lei de prevençom e extinçom de incêndios que complete



Umha parte importante da produçom agrária galega é transformada em empresas situadas fora do nosso território e que a agro-indústria radicada na Galiza está especializada em produtos de escasso valor acrescentado

e reforce as medidas contempladas no decreto porque determinadas acuaçons exigem umha norma com rango de lei.

AS PRODUÇÕES DE QUALIDADE.

A procura de alimentos experimentou nas últimas décadas profundos câmbios que nom fôrom aproveitados polo sector agrário galego na medida do possível. As crescentes exigências dos consumidores em matéria de qualidade ou de segurança colocam-nos antes novos reptos, mas também oferecem novas oportunidades que cumpre aproveitar agindo em diversas vias.

Vai-se fazer umha forte aposta pola investigación e a melhora tecnológica. Esta prioridade já se puxo de manifesto nos orçamentos deste ano. No mesmo sentido vai a criação do Instituto Galego de Qualidade (INGACAL) dependente da CMR. Este órgão está chamado a desempenhar um importante papel na investigación aplicada, no desenvolvimento tecnológico e inovação no sector agrário e alimentar e na promoção e defesa da qualidade dos produtos alimentares galegos. O INGACAL estará também capacitado para realizar trabalhos relacionados com a certificação de produtos que lhe sejam encargados polos Conselhos Reguladores das denominações de qualidade ou prestar outros serviços a estes Conselhos.

O INGACAL estará também capacitado para exercer as funções que

se lhe encomendem em matéria de artesanato alimentar. Ao longo deste ano a CMR aprovará o decreto que regula o artesanato alimentar o que nos permitirá contar com um quadro normativo que sirva para proteger e promover a elaboração, manipulação e transformação de produtos alimentares por produtores que garantam um produto individualizado e de qualidade e em particular a elaboração de produtos caseiros permitindo o seu acesso aos mercados.

Nesta aposta polos produtos de qualidade os aspectos relacionados com a promoção vam merecer umha atenção especial, especialmente no caso dos produtos acolhidos a denominações de qualidade.

A política de valorização dos nossos produtos agrários nom se pode limitar aos produtos acolhidos às distintas denominações senom que tem de ser mais ambiciosa. Nom podemos esquecer que umha parte importante da produçom agrária galega é transformada em empresas situadas fora do nosso território e que a agro-indústria radicada na Galiza está especializada em produtos de escasso valor acrescentado. Destarte perdemos a oportunidade de gerar valor e emprego no nosso país. Além disto estamos posicionando-nos desfavoravelmente tendo em conta que na cadeia da produçom agro-alimentar cada vez é maior a parte do valor que se corresponde com a transformação enquanto a produçom agrária strictu



sensu perde peso, especialmente se falarmos de matérias-primas indiferenciadas. Para corrigir esta situação vai-se actuar dando preferência nos orçamentos às ajudas para o desenvolvimento da indústria agroalimentar, especialmente quando se trate de produções nas que existe um défice na transformação ou de empresas que pretendem instalar-se em zonas deprimidas. Ademais o esforço na investigação por parte da administração deve ter em conta também as necessidades do sector industrial e as possibilidades de desenvolver novos produtos que gerem um maior valor acrescentado. Neste mesmo sentido é necessário actuar sobre a indústria florestal, Galiza é umha potência a nível estatal na indústria da primeira transformação da madeira mas cumprir as bases para que no futuro o nosso peso seja maior nos produtos de transformação da madeira que criam mais valor.

A aposta polas produções de qualidade nom pode deixar à margem os produtos da agricultura biológica ou ecológica. Até agora Galiza apenas aproveitou as oportunidades que ofereceu a crescente procura de produtos biológicos. Para corrigir está-se actuando em vários frentes: dar-lhe preferência em diversas medidas (modernização, instalação de jovens,...) às/aos produtoras/es que querem dedicar-se à este tipo de produção, reforço das subvenções agro-ambientais para a produção

biológica, formação e aconselhamento, recuperação de variedades autóctones ou investigação.

A POLÍTICA DE DESENVOLVIMENTO RURAL. Agricultura nom é sinónimo de rural, embora no nosso país nom poda existir um mundo rural viçoso sem um sector agrário forte. As políticas destinadas ao desenvolvimento do sector agrário devem ir acompanhadas de actuações destinadas à diversificação de actividades nas zonas rurais e a melhora das condições de vida. É evidente que nestes aspectos a CMR nom é a única que tem competências, é mais em muitos aspectos recaem por completo noutras conselharias, sem embargo há âmbitos nos que esta Conselharia deve actuar. Umha parte importante destas actuações vam ter a sua plasmação no Programa de Desenvolvimento Rural 2007-2013 em medidas nalguns casos novidasas para a administração galega. Mais alá das medidas concretas cumpre salientar o câmbio na focagem que se pretende realizar. Em primeiro lugar primará-se a concentração dos recursos financeiros nas áreas mais problemáticas; neste sentido reduzirám-se os grupos de açom local⁷ restringindo-os às áreas que precisam umha atenção especial na vez de estendê-los por todo o país. Noutras palavras vam continuar os programas com a metodologia LEADER mas redefinindo o marco territorial de actuação, os critérios de funcionamento para conseguir um ca-



Um dos objectivos das pessoas que estão à frente da Conselharia do Meio Rural tem de ser não só manter a cumplicidade do corpo social do nacionalismo com o nosso labor de governo mas intensificá-la

rácter mais aberto e participativo dos grupos e garantindo uma maior tutela por parte da administração. Em segundo lugar por parte da própria administração galega actuará-se directamente com medidas destinadas a aquelas zonas mais deprimidas socialmente, comarcas que têm maiores problemas para gerar uma dinâmica desde baixo pela falta de gente, o envelhecimento, a falta de empreendedores, etc. Em terceiro lugar porá-m-se em marcha uma série de actuações dirigidas ao conjunto do território rural e geridas por parte da própria administração galega. Em quarto lugar a diferença do que aconteceu até agora os projectos de carácter produtivo e que criem emprego nas zonas rurais vão receber um tratamento preferente.


Além disto é necessário simplificar a estrutura administrativa que nestes momentos depende da Direcção Geral de Desenvolvimento Rural. Estão-se tomando medidas para coordenar a actuação da Sociedade para o Desenvolvimento Comarcal e AGADER, tendo em vista a possível integração no futuro num único organismo se assim se decide. Além disto a administração galega deve redefinir o papel das fundações comarcais e a vinculação da própria CMR com elas.

A MODO DE CONCLUSOM: A IMPRESCINDÍVEL CUMPLICIDADE. Comecei este breve artigo referindo-me a que provavelmente a avaliação

que cada pessoa faça da CMR, ou das outras, ao final da legislatura vai depender das expectativas que previamente se criasse, ajustem-se ou não à realidade essas expectativas. Da mesma forma devo acrescentar que essa avaliação vai depender em boa medida da cumplicidade que se estabeleça entre a CMR e o corpo social do nacionalismo, incluído o conjunto das/os militantes do BNG.

Um dos objectivos das pessoas que estão à frente da CMR tem de ser não só manter a cumplicidade do corpo social do nacionalismo com o nosso labor de governo mas intensificá-la⁸. A cumplicidade exige um compromisso por parte das pessoas que nestes momentos têm responsabilidades na CMR mas também exige um compromisso, em muitos casos mais difícil, por parte do corpo social do BNG.

Todos os focos estão postos nas/os as/os que ocupam cargos de direcção nas distintas Conselharias; é certo que eles assumem uma maior responsabilidade e que a sua posição exige que mantenham uma interlocução permanente com o BNG e o corpo social do nacionalismo. As suas obrigações não podem, sem embargo, levar-nos a esquecer a responsabilidade do conjunto de militantes do BNG. Como tales temos o direito e a obrigação de discutir as linhas directrices da política da CMR, de avaliar em que medida se correspondem com o recolhido no nosso programa, de fazer



as propostas que se considerem oportunas, etc. Há cousas criticáveis, nom me cabe a menor dúbida, agora bem devemos ter a intelixencia necesaria para ter em conta o contexto ao que me referim ao começo, distinguir o que som as liñas directrices de questons menores e nom cair na demagogia fácil. Para a necesaria discussom existem no BNG diversas canais e se nom funcionassem deberiamos fazer o possível para corrigi-lo, a estrutura e o funcionamento da frente merecem umha atençom preferente, especialmente agora. Sem embargo, a cumplicidade a que me referia exige mais. Todas/os entendemos que temos um compromisso com uns principios políticos que representa o BNG e evidenciamos-lo de múltiples formas (nas conversas, em diversas campanhas, na nossa participaçom em diversos foros, manifestandonos, etc.). Acaso nom cumpre amostar esse comprometimento com a nossa açom de governo quando esta se ajusta as orientaçoms definidas colectivamente? Esse compromisso mútuo, essa cumplicidade som conditio sine qua non para o sucesso da nossa açom de governo ■

¹ Este artigo tenta resumir as que vam ser as prioridades da CMR para o meio rural, nom se abordam sem embargo os aspectos que se referem à gestom interna da própria Conselharia. A abordagem desta questom sobarda o âmbito deste artigo, porém é obrigado mencionar um aspecto pola sua relevância quantitativa e qualitativa. As assistências técnicas adquirirom durante os governos do PP umha enorme importância, para o BNG é um objectivo prioritário limitar estas assistências aos casos nos que resultam estritamente necessárias pola sua natureza. A elaboraçom deste artigo nom seria possível sem as sugestoms de Xosé Manuel Puga e Alberte Branco.

² As produçoms galegas apenas se beneficiãrom destas subvençoms polo que a repercussom da sua eliminaçom seria indirecta: umha parte dos produtos doutros Estados que recebia subvençoms para ser vendida

fora da UE nom acharia saída nos mercados internacionais sem subvençoms e dirigiria-se cara aos próprios mercados comunitários, dando lugar a maiores desequilíbrios e a possíveis caídas dos preços. O crescimento no mercado do Estado Espanhol das importaçoms de produtos lácteos procedentes de França dam-nos umha mostra do que poderia acontecer.

³ Também existem mesas no caso da pataca, da carne e no florestal.

⁴ Na Galiza existem diferenças substanciais de preços entre as pequenas e grandes exploraçoms que nom tenhem a sua razom de ser na qualidade do leite, senom no facto de que as indústrias lhe estão pagando um sobrepreço, um prémio, às exploraçoms de maior tamanho. Em Dezembro de 2005 havia 835 céntimos/litro de diferença entre o preço cobrado polas exploraçoms mais grandes e as mais pequenas; menos de 2 céntimos dessa cifra explicava-se pola qualidade. Este tipo de prémios discrimina de forma importante às pequenas ou medianas exploraçoms, favorece a intensificaçom produtiva e lastra as perspectivas de futuro de muitas exploraçoms. A CMR fijo umha aposta inequívoca pola aproximaçom entre os preços cobrados polas grandes e as pequenas exploraçoms, embora saibamos que vai achar a resistência dos que se beneficiavam da existência destes prémios. Na maior parte dos países da UE nom existem diferenças de preços tam importantes e mesmo há Estados nos que os prémios por quota nom existem.

⁵ Estas percentagens estão calculadas sobre as exploraçoms nas que o titular é umha pessoa física. No inquérito de 2003 98% das exploraçoms galegas tinham como titular umha pessoa física.

⁶ Em 2006 a CMR aprovou 42 projectos singulares, estes projectos som um exemplo deste tipo de aproveitamento.

⁷ Nestes momentos há 37 grupos (16 LEADER+, 11 PRODER II e 10 AGADER) que englobam a totalidade dos municípios galegos excepto A Corunha.

⁸ Também poderiamos falar de estendê-la a sectores cada vez mais amplos da sociedade mas isso seria entrar noutro debate, aliás a cumplicidade com o que hoje é o corpo social do nacionalismo é imprescindível para conseguir essa extensom.

A situación industrial en GALIZA

Posibilidades de actuación desde a Consellaría de Innovación e Industria

Chégase ao ecuador da lexislatura na que por primeira vez a Consellaría de Innovación e Industria ten como responsábel máximo a un nacionalista. Unha consellaría que ve modificada de forma significativa as competencias que tiña co goberno anterior, xa que pasou a integrar dentro do seu organigrama, a xestión das políticas turísticas, enfatizándose deste xeito o seu aspecto como motor de desenvolvemento económico. Xunto co turismo, as outras áreas competenciais abranguen reponsabilidades en materias tan importantes como a planificación enerxética, as políticas de comercio interior, a promoción dos clusters, a Sociedade da Información ou as políticas de Investigación+Desenvolvemento e Innovación (I+D+i), sen esquecer artesanía, consumo ou comercio exterior. A gran carencia dentro das competencias é a ausencia dentro do organigrama dun instrumento de apoio financeiro ao mundo empresarial (IGAPE) e que se atopa incluído dentro doutra área competencial (Consellaría de Economía).

A NECESARIA PARTICIPACIÓN DA ORGANIZACIÓN. A Consellaría de Innovación e Industria xestiona áreas que son os eixos cardinais das propostas nacionalistas practicamente dende o seu nacemento como movemento político no inicio do século XX. O desenvolvemento industrial e a potenciación dos nosos sectores produtivos ven sendo un argumento recorrente en todos os nosos posicionamentos políticos e, como non podía

ser doutra maneira, é unha das áreas nas que máis se ten aportado dende o punto de vista teórico con traballos que fan unha diagnose da situación industrial galega identificando acertadamente os factores explicativos da realidade actual na que nos atopamos.

Toda esta bagaxe teórica consitúe unha fomación necesaria para todos e todas os que estamos comprometidos co desenvolvemento económico e industrial deste país e, polo tanto, defi-

XOÁN MANUEL BAZARRA AGULLA

Licenciado en Ciencias Económicas e en Ciencias Empresariais pola Universidade de Santiago de Compostela. É autor de varios traballos sobre localización industrial e auditorías financeiras. Asesor da Consellaría de Innovación e Industria



nen o marco xenérico dentro do cal se moverán as nosas actuacións alí onde asumamos responsabilidades de xestión económico-industrial.

Aínda sendo este un elemento importantísimo á hora de desenvolver o traballo, tampouco podemos agochar o feito de que dende o punto de vista da praxe obsérvase un certo divorcio do nacionalismo con aspectos moi importantes do mundo da industria. Quitando o que é a defensa dos dereitos das traballadoras e traballadores, eido no que o nacionalismo ten aportado moito dende o punto de vista práctico, de tal xeito que non se entendería o mundo sindical hoxe por hoxe sen esa aportación, non podemos dicir o mesmo doutros como a xestión industrial, a interlocución social co mundo empresarial, o desenvolvemento de solucións inmediatas a problemas específicos, etc.

Non é a miña intención facer aquí unha análise exhaustiva de cales son as causas deste divorcio senón unica-

mente resaltar aqueles elementos que entran dentro do nacionalismo, e que polo tanto está nas nosas mans corrixilos para que os compañeiros e compañeiras que teñen responsabilidades de goberno conten cos instrumentos necesarios para definir os pasos inmediatos a seguir de cara á aplicación dunha política xeral acorde cos principios que son elementos consustanciais ó noso proxecto político.

Dende o BNG déuselle dende sempre unha importancia fundamental ao contacto coa sociedade e á actualización das nosas propostas en función da evolución socio-económica do país. Este contacto coa realidade, de contraste do noso acervo teórico faise a través das comisións nacionais, que por mandato do Consello Nacional se encargan da elaboración de programas de actuación de tipo sectorial. As dinámicas das comisións permitirían acadar un duplo obxectivo: por unha parte, o resultado máis inmediato sería a elaboración de propostas concretas que emanan dun coñecemento práctico da realidade sectorial, e pola outra, dunha forma indirecta, a dinámica das comisións permitirían a conformación dun equipo de traballo cun coñecemento acumulativo e acostumado a colaborar conxuntamente.

Até esta última Asemblea Nacional, a Política Industrial atopábase englobada dentro da Comisión de Economía e Finanzas Públicas que abranguíña temas máis amplos que o industrial como pode ser o fiscal ou a política orzamentaria. Este carácter amplo e certas deficiencias no seu funcionamento imposibilitou aos compañeiros e compañeiras que asumiron responsabilidades de goberno contar cun instrumento que permitira unha maior concreción das liñas que se recollían no programa co que o BNG se presentou ás eleccións. Por iso foi un paso importantísimo a adaptación das áreas temáticas de traballo político ás diferentes áreas de responsabilidade dentro da consellaría, xa que deste xeito se crea unha canle de comunicación directa entre a organización e o goberno que

serve de contraste da xestión, ao tempo que aporta propostas concretas que permitan contar con follas de ruta a seguir e que concrete e perfile as liñas programáticas do BNG, tendo en conta os condicionamentos e as limitacións das institucións que se xestionan.

A NECESARIA PLANIFICACIÓN INDUSTRIAL. Como xa dixen con anterioridade, a situación industrial está perfectamente diagnosticada e as debilidades estruturais identificadas de forma clara en traballos de persoeiros de recoñecido prestixio intelectual, como son os economistas Xosé Díaz ou Xavier Vence entre outros. En todo caso, dende o punto de vista da política industrial desenvolvida polo goberno galego nos últimos anos, todos coinciden en destacar a carencia dunha política activa de defensa e promoción industrial. Ou expresado noutros termos, en materia industrial tense aplicado a política neoliberal por excelencia: a carencia da mesma. Deste xeito, a planificación de sectores tan importantes para o país como o enerxético ou o comercial, deixábase nas mans dos grandes grupos transnacionais, actuando o Goberno galego como mero executor ou no mellor dos casos, deseñando medidas paliativas para que a súa aplicación fose o menos traumática, sen cuestionar o modelo en si mesmo. Como consecuencia disto atopámonos unha administración cunha estrutura ideada para ser correa de transmisión de políticas deseñadas noutros centros de decisión e que non contaba polo tanto cos recursos humanos e materiais para acometer unha política industrial acorde coas necesidades do país. De aí que, se queremos dotar á industria galega dunha orientación que lle permita ser competitiva no contexto mundial actual, deberá ser a través da creación dun novo organismo: A Axencia Galega de Innovación e Desenvolvemento Industrial (AGIDI).

A AGIDI concíbese como o órgano de asesoramento, planificación e

coordinación da política industrial da Consellaría de Innovación e Industria e será quen impulse a transformación do noso sistema produtivo, con criterios de racionalidade flexibilidade, eficiencia e eficacia operativas para así facilitar a competitividade nunha economía mundial na que a innovación e a tecnoloxía xogan un papel cada vez máis importante. A actuación planificadora da AGIDI centrarase en catro grandes áreas fundamentais para a industria:

- **Area de Servizos Tecnolóxicos ás empresas:** ten como misión principal a de dotar de bens e servizos colectivos ás empresas. Perséguese o obxectivo de que se poidan beneficiar unha gran maioría de empresas co obxectivo de que as PEMES (a principal fonte de emprego do noso país) poidan ter acceso a servizos tecnolóxicos que lle permitan ser competitivas por medio da innovación. Con este obxectivo artellará a Rede Galega de Centros Tecnolóxicos e Laboratorios como motor e impulsor da competitividade empresarial a través da transferencia de tecnoloxía ás industrias e do asesoramento dende o punto de vista financeiro, organizativo e comercial.
- **Área de investimentos estratéxicos:** instrumento de grande importancia especializado en promover empresas en sectores estratéxicos onde a iniciativa privada se mostra insuficiente, nos sectores de base tecnolóxica ou naqueles considerados básicos, como os dedicados á produción de bens públicos e de importancia para o conxunto da sociedade galega. Igualmente, actuaríase con instrumentos públicos en sectores básicos intensivos no uso dos bens públicos (p.e. enerxía eólica, solar etc.).
- **Unidade Promoción Industrial Estratéxica:** que vai servir de apoio ás actuacións que se desenvolvan en zonas territoriais nas que exista unha forte dependencia econó-

Atopámonos unha administración cunha estrutura ideada para ser correa de transmisión de políticas deseñadas noutros centros de decisión e que non contaba polo tanto cos recursos humanos e materiais idóneos



mica dun sector industrial que se considere competitivo ou que precisa de políticas específicas para o aproveitamento de todas as súas potencialidades. O obxectivo é o de potenciar as vantaxes comparativas de cada unha das zonas para garantir a competitividade da industria a nivel internacional e impulsar o desenvolvemento homoxéneo da Galiza interior e da Galiza costeira.

A NECESARIA DEFENSA DOS NÓS SECTORES PRODUTIVOS. Se nalgún sector podemos exemplificar os efectos que as políticas de Laissez Faire teñen na nosa economía, ese é o pequeno comercio. O comercio retalista é un sector capital para a nosa economía xa que representa o 4,82% do Valor Engadido Bruto e o 10,86% do emprego, representando o pequeno comercio arredor do 50% do emprego dentro do sector comercial. Nos últimos anos este sector está a atravesar unha difícil situación froito da expansión de grandes áreas comerciais que incrementaron a súa presenza de forma paulatina coa connivencia do anterior Goberno galego que apoiaba de forma explícita esta política de medre.

Unha xestión nacionalista que defenda os nosos sectores económicos debe ter presente que a existencia dunha rede de pequenos comercios en todo o país resulta fundamental para o seu desenvolvemento económico equilibrado e para que a cidadanía poida ter acceso aos servizos máis bási-

cos. A posición de dominio de grandes superficies comerciais sitúan o poder de decisión neste sector fóra do noso país. Por iso se considerou prioritario poñer en marcha medidas normativas que, en todo caso, deben ser consensuadas co sector e estean encamiñadas a dotarnos dun marco regulador que frene este proceso liberalizador, permitindo ao mesmo tempo unha planificación acorde coas necesidades do comercio galego. Dous son os instrumentos deseñados: a Lei de Horarios Comerciais (LHC) e a Lei de Comercio Interior de Galiza (LCIG).

■ LHC. Pretende precisamente dotar ao pequeno comercio dunha ferramenta que lle permita ser competitivo no terreo da xornada comercial. O alongamento dos horarios de apertura favorecían en maior medida aos grandes grupos comerciais ao tempo que agudizaban o proceso de precarización laboral neste sector e facían menos atractiva a posta en marcha de iniciativas empresariais no sector do comercio retalista.

Entre as novidades que introduce esta lei figura a posibilidade de que os Concellos que o soliciten poidan substituír algún dos domingos e festivos hábiles para o comercio por outros que consideren máis axeitados aos intereses comerciais do seu termo municipal. En todo caso, o número total de domingos e festivos hábiles non poderá exceder de oito, desaparecendo o procedemento que



permitía aos Concellos engadir a estes, outros dous días.

Co fin de buscar o equilibrio necesario entre o abastecemento local e a conciliación da vida familiar e laboral, exclúense cinco días da posibilidade de elección dos oito festivos ou domingos hábiles comercialmente: o 1 de xaneiro, o 1 e o 17 de maio, o 25 de xullo e o 25 de decembro. Coa mesma finalidade de conciliación da vida laboral e familiar, adiántase o peche dos establecementos ás 20,00 horas nas datas do 24 e 31 de decembro.

No que respecta á liberdade horaria, preténdese reducir a 150 metros cadrados a superficie útil de venda e exposición ao público que deben posuír os establecementos comerciais para disfrutaren de plena liberdade horaria (na regulamentación actual a superficie mínima sitúase en 300 metros cadrados).

Así mesmo, a nova lei regula a especificidade comercial dos concellos turísticos, permitindo que o pequeno comercio se poida adaptar ás diferentes pautas de consumo que se dan nos turistas. Establecerase un procedemento de declaración de concello turístico, co obxectivo de que os establecementos situados na área de declaración gocen de liberdade horaria. A área proposta pode ser inferior ao territorio municipal ou incluír só unha parte dun núcleo de poboación, e a súa aprobación

corresponderalle á Consellería de Innovación e Industria.

- LCIG: Na actualidade está na fase de redacción e de contrastación co sector, pero ten previsto incluír un elemento que consideramos fundamental para a ordenación do comercio retalista. Na actualidade impera unha especie de "lei da selva" en canto á ubicación de grandes superficies comerciais, analizándose caso por caso a ubicación destes establecementos sen que se teña en conta a visión de conxunto dos efectos que ten sobre o comercio do país. Pretendemos que a LCIG modifique esta situación elaborando un mapa de saturación comercial onde se definan áreas xeográficas que están comercialmente saturadas e áreas nas que se considere que aínda contan con espazo para o medre comercial. Desta forma o sector contará cun instrumento que dea visión de conxunto ao comercio do país e permita identificar zonas que contan cun déficit en servizos comerciais e que polo tanto supoñen unha oportunidade empresarial.

Un capítulo aparte merece o sector naval e as actuacións que neste senso se levaron adiante dende a Consellería. Falar de todo o acontecido arredor do retorno á construción naval civil na Ría de Ferrol sería tema para outro artigo. En todo caso dicir que a través das liñas de traballo en-cetadas nesta área e vistos os argumentos contraditorios expostos por parte da SEPI e do Ministerio de Economía, foi posible poñer de manifesto diante de toda a cidadanía galega que é única e exclusivamente unha decisión política do goberno Zapatero a que imposibilita o desenvolvemento das potencialidades que o noso país ten neste sector industrial.

O NECESARIO REINVESTIMENTO DO BENEFICIO. Nas análises teóricas que se viñan facendo describíase a industria galega como propia dunha economía subordinada aos intereses do

O alongamento dos horarios de apertura favorecerían en maior medida aos grandes grupos comerciais ao tempo que agudizaban o proceso de precarización laboral, facendo menos atractiva ao sector do comercio retalista

Bar en Canarias. A falla de desenvolvemento industrial segue a condenar aos galegos e galegas a emigrar



poder económico central e que se caracterizaba en especial por dous rasgos definitorios: a ubicación de industrias de enclave e a da extracción de materias primas para financiar o desenvolvemento económico doutras zonas. Se ben hoxe en día o concepto de industrias de enclave e a súa existencia no noso país pode ser matizado ou discutido, a existencia de industrias adicadas unicamente á explotación e detración dos nosos recursos naturais segue sendo unha realidade, e os posicionamentos teóricos manteñen toda a súa vixencia. Dentro das nosas competencias, o sector por excelencia que responde a ese marco e o enerxético. Galiza ven sufrindo custos do medio ambiente e socio-económicos que supoñen a explotación das fontes enerxéticas en función dunha planificación estatal na que o desenvolvemento económico do noso país xoga un papel secundario fronte a outras zonas peninsulares. Anteriores gobernos do país actuaron acorde con esta planificación e incluso cando tiveron a oportunidade de modificar esta visión centralista (as actuacións en enerxías renovábeis) repetiron o mesmo esquema, perdendo deste xeito unha oportunidade histórica de desenvolver un modelo enerxético propio, acorde coas necesidades do país e respetuoso co noso medio natural.

Desde a Consellaría, marcámonos dous obxectivos básicos: o primeiro, garantir que parte do excedente que se obtén da explotación dos nosos recursos enerxéticos, se reinvista no

noso país e o segundo deseñar un modelo de xestión enerxética en función das posibilidades de desenvolvemento económico de Galiza. Para iso estamos a traballar en dúas liñas principalmente: a participación pública nos beneficios empresariais e o Plan Enerxético Galego 2007-2012.

■ A participación pública: non hai mellor instrumento económico para garantir que o excedente das actividades desenvolvidas no noso país se reinvista aquí, que a participación directa do goberno galego neses beneficios. Calquera outro instrumento está suxeito a posibles distorsións que poderían levar a que non tivera os efectos perseguidos. Con este fin estáse a traballar nunha sociedade pública que teña como obxecto social o desenvolvemento de proxectos no ámbito enerxético, ben como promotor, ben como propietario de accións no capital doutras empresas ou ben como fornecedor de apoio material ou intelectual de proxectos enerxéticos. É dicir, preténdese dotar á Administración Galega dun operador no mercado enerxético que participe dos proxectos que son promovidos pola iniciativa privada ao tempo que poida actuar de promotor daqueles proxectos que se consideran socialmente beneficiosos pero que teñen déficit de actores privados. Un paso importante neste sentido foi o Decreto polo que se regula o aproveitamento da enerxía eólica en Galiza, que está en fase de debate co sector e no que se recolle como condición para poder desenvolver proxectos eólicos a participación pública mínima do 10%.

■ Plan Enerxético de Galiza. Este plan ten como obxectivo principal precisamente desenvolver un modelo enerxético pensado para a cidadanía galega e para as necesidades competitivas da nosa industria. Preténdese que a enerxía se constitúa nun elemento dina-

mizador do resto da economía galega e non nun obstáculo, como acontece en moitas ocasións polo que a subministración de enerxía en condicións óptimas de seguridade, calidade e prezos é un obxectivo irrenunciabel. Igual de importante se considera a minimización do impacto natural da explotación das fontes enerxéticas e das redes de transporte e distribución. Para acadar este obxectivo pártase dunha análise da situación de consumo actual e as previsións de demanda futuras que precisa a industria galega para incrementar o seu nivel de competitividade, e defínense cinco grandes liñas de actuación:

- Diversificar as fontes de aprovisionamento enerxético, intensificando os esforzos tendentes a un maior aproveitamento dos recursos autóctonos e en especial do fomento das fontes de enerxía renovables.
- Máximo respecto polo medio ambiente, protexendo as zonas sensibles dende o punto de vista natural e contribuíndo ao cumprimento dos obxectivos establecidos no Protocolo de Kioto.
- Garantir a subministración enerxética de calidade a todos os cidadáns e á industria galega para o que se desenvolverán as infraestruturas enerxéticas de xeración, transporte e distribución precisas en función das necesidades presentes e futuras.
- Fomento da I+D+i no campo enerxético co obxectivo de ser máis eficiente no consumo e na xeración enerxética.
- Impulsar estratexias de aforro e eficiencia enerxética en todos os sectores.

A NECESARIA COMPETITIVIDADE INDUSTRIAL. Nunca debemos esquecer que o obxectivo último de to-

da política industrial é o incremento do benestar dos cidadáns a través dunha xestión eficaz e eficiente e esta non é posíbel senón se parte das necesidades reais do sistema produtivo galego. Con este obxectivo, os poderes públicos deberán poñer en marcha actuacións que permitan á nosa industria ser competitiva nun contexto global, ao tempo que se incrementan os niveis de emprego e se garante unha maior distribución da riqueza. Acadar estas dúas metas ao mesmo tempo non é posíbel se as actuacións que se desenvolven van encamiñadas a facer competitiva a industria a través dos custos, xa que eso suporá un baixo nivel salarial, unhas empresas cun baixo valor engadido e moito máis vulnerábel á competencia de países con custos laborais máis baixos. A competitividade da industria galega debe de ir orientada cara actividades que xeren maior riqueza, baseadas na investigación e na innovación de novos produtos que son os que permiten xerar unha maior riqueza ao tempo que crean barreiras de entrada nos mercados de tal forma que ese crecemento industrial se blinde desde o punto de vista da competencia global e poida ser sostíbel no tempo.

Como instrumento básico para deseñar esa industria da innovación e do coñecemento está o Plano Galego de I+D+i (PGIDi) que pretende fuxir de actuacións anteriores que concebían as políticas de innovación como meras axudas e transferencias que tiveron un impacto mínimo no incremento da capacidade innovadora das nosas empresas xa que a maioría delas recibían estas axudas como ingresos adicionais sen modificar a súa estratexia produtiva. Como non podía ser doutra maneira nun goberno neoliberal, a visión que se aplicaba era a de que a innovación era papel exclusivo das empresas e os poderes públicos; o máximo que podían facer era actuar subsidiariamente en función desa capacidade innovadora. O PGIDi rompe con esta visión e parte do principio de

A competitividade da industria galega debe de ir orientada cara actividades que xeren maior riqueza, baseadas na investigación e na innovación de novos produtos e crean barreiras de entrada nos mercados



que para que a industria galega acadase niveis de produtividade que a fagan competitiva internacionalmente, é preciso realizar un forte investimento público que responda a unha planificación e a unhas metas estratéxicas. O obxectivo é que o gasto en I+D da economía galega acadase o 1,5% e que este esforzo en innovación sexa feito nun 50% polas administracións públicas e a outra metade polos axentes privados, (na actualidade está no 0,86%). Só así se garante que os investimentos en I+D realizadas polo conxunto do sistema de innovación teñan expectativas de chegar ao mercado ou de ser incorporadas ao proceso produtivo.

⁷ Con toda a lexitimidade dende calquera punto de vista. Se é a colectividade a través da administración a que dá ao terreo a condición de terreo edificábel ou de urbanizábel, o lóxico e natural e que lle exixa que urbanice e edifique en prazo, regulando así a oferta. Até aquí o razoamento xurídico é universalmente asumido, pero, na práctica, nunca se efectivizou por unha vía retorcida



pero eficaz, iso é pola carencia de mecanismos áxiles e efectivos para obrigar a cumprir coas obrigas. Se a tributación impositiva fose unha obriga teórica sen mecanismos coactivos prácticos, se se tivese tanta consideración cos defraudadores como cos infractores aos prazos de urbanizar e edificar, o nivel de recadación sería mínimo.

⁸ A disparidade na protección da propiedade é absolutamente inconcebible. A uns se lle pode forzar a permutar as súas propiedades, a perdelas vía expropiación ou, inclusive condicionar o destino ao que as ten que dedicar pola vía das variadas "proteccións" existentes. Mentres tanto, aos que acadaron un claro trato de favor en canto ao valor das súas fincas, ao velas convertidas en terreos edificábeis ou urbanizábel, nin tan sequera se lle exige eficazmente que fagan o negocio nos prazos fixados. Evidentemente, non somos nós defensores dos que consideramos xa excesivos dereitos da propiedade. O que queremos resaltar é a moi diferente e inxusta vara de medir.

⁹ Non existe ningún sector que afecte propiedades privadas nas que non existan medidas para a súa mobilización moito máis contundentes que as que existen para os terreos edificábeis. Son estes os únicos que gozan dunha especial tutela legal.

¹⁰ As acusacións contra a administración veñen case sempre de posturas ultraliberais máis ou menos disfrazados. O que se pretende no fondo é que a participación pública nas plusvalías desapareza ou que o sector público entregue gratuitamente as súas propiedades ao sector privado. Contradición profunda, porque por outro lado, desde eses mesmos sectores, sempre se postula a baixada de impostos; ou máis



ben coherencia. Toda esta corrente de pensamento o que postula é a inanición da administración pública.

¹¹ Por outro lado, tampouco se debe confundir especulación con delitos comúns, xa que o tráfico de influencias, os beneficios espurios, os famosos cazos... se dan en moitos outros sectores coa contratación e execución de obra pública, concesións de servizos, contratación de persoal... Non por eso se lles pode denominar especulación e, noutros ámbitos ninguén lle aplica tal denominación. É máis, posiblemente estean máis estendidas estas prácticas delituosas en áreas alleas á construción e promoción, que neste sector. En particular, estas prácticas están moito máis implantadas en todo o que se relaciona co medio ambiente con unha sorprendente aceptación social. A nosa experiencia, común a outras moitas, demostra que foi difícil e moi conflitivo cortar de raíz este tipo de prácticas no ámbito medioambiental mentres que foi bastante fácil facelo no urbanismo.

¹² Resulta tan profunda a impotencia e a desesperación dos profesionais que se moven no mundo do urbanismo e da vivenda que, incapaces de variaren as medidas de fondo que restrinxen toda posibilidade de actuación, o único que acadaron foi introducir medidas na lexislación urbanística que fan que a Louga sexa conceptualmente moi incoherente. Por un lado, non permite actuar con axilidade a administración pública, pero por outro, introduce a inútil, inoperativa, inintelixíbel e impopular figura do axente urbanizador (ou concesión de obra urbanizadora) nun intento contraproducente de superar as intencionadas trabas de todo o paquete lexislativo neoliberal. A figura non ten ningunha repercusión práctica, pero só o feito de se postular a privatización aparente da xestión urbanística indica moi claramente por onde van as tendencias liberalizadoras. Ás asociacións de promotores "vendéronlle" que aceptaban a súa proposta na liña ideolóxica que defenden, pero sen resolverlle para nada os problemas que pretendían.

¹³ En todo caso, contando ingresos atípicos e anualidades excepcionalmente boas, nunca chegaría a 1%; centrando todos os esforzos. Por exemplo, en construír novas vi-

vendas, chegaríase a unha porcentaxe, no caso óptimo, moi inferior a 1% das vivendas novas que se constrúen cada ano.

¹⁴ Neste aspecto, o recollido no art. 177.2 da Louga parece bastante ecuánime. Falta darlle máis precisión e coherencia cos artigos dedicados aos convenios que se están a converter nunha fonte de fraude cando non de auténticos desfalcos para a administración pública.

¹⁵ Calquera Decreto, por exemplo o estatal de xullo de 2005, ou autonómico, recolle case toda a batería de medidas concretas: promoción directa da administración, axudas á adquisición, axuda aos alugueiros, actuacións en espazos públicos para a mellora da habitabilidade, eliminación de infravivenda, axudas á rehabilitación, réxime das vivendas de promoción pública e das suxeitas a algún tipo de protección, etc., etc. O problema non son estas medidas, coñecidas dende hai moitas décadas e potencialmente correctas todas elas, senón a adecuación do marco xeral, a coherencia interna destas medidas e a súa adecuación á realidade.

¹⁶ Practicamente, calquera medida concreta pode funcionar mal nuns contextos e ben noutros. Non existe ningunha actuación con garantías "a priori" de bo funcionamento. Exemplos hainos abundantes porque as políticas de vivenda teñen moitísimas décadas de impulsión e aplicación en todos os ámbitos, sen resultados universalmente concluíntes. Poñamos un exemplo actual: a U.E., a través do programa URBAN impulsou e financiou a rehabilitación de vivenda en zonas urbanas degradadas con certas condicións sociais. A primeira avaliación dos resultados foi tan dramáticamente negativa que a U.E. prohibiu radicalmente dedicar máis fondos a calquera rehabilitación de vivenda, rectificando pola forza dos feitos o que parecía un programa con todos os beneplácitos "conceptuais".

No caso do alugueiro privado, si existe a posibilidade real de que o alugueiro sexa bastante menor que a amortización, e, aínda así, sexa rendíbel para a propiedade. A revalorización do ben favorece esta situación, imposíbel para a administración que, en ningún caso, vai poder efectivizar as posibles plusvalías mediante a súa incorporación ao mercado.

ANEXO: Análise da relación entre a repercusión do solo e o prezo final da vivenda

ANTECEDENTES. Como soporte necesario, ou cando menos conveniente, do traballo que realizamos, tentamos dende hai máis dun lustro facer un seguimento do mercado inmobiliario, entre outros factores, dos prezos dos terreos edificábeis e das vivendas, a través da recollida de diferentes datos aos que pode ter acceso pola documentación presentada no Concello ou por consulta á inmobiliarias ou promotores. Resulta relativamente doado acadar unha aproximación realista dos prezos finais no mercado das vivendas. Bastante máis difícil resulta acadar unha aproximación verosímil dos prezos dos terreos edificábeis, dato que se escrituran erráticamente, ás veces case a prezo real e outras con porcentaxes moi elevadas en negro (ou, cando menos, a sospeita está moi presente). O que xa é case que imposible é buscar unha relación aproximada entre a repercusión dos terreos edificábeis e o prezo final da vivenda xa que os datos ou ben se perdían nunha relacións inextricábeis ou ben eran case imposíbeis de relacionar. As disonancias entre datos e a dispersión que presentaban non daban para moito máis que unha apreciación cualitativa e grosso modo, suficiente para bastantes fins, pero non para establecer unha relación cuantitativa solvente.

Consultadas diversas fontes do sector, baixo unha aparente catarata de datos, sempre se transmitían máis perturbacións que relacións estábeis: o prezo dos baixos, as garaxes, os faiados, a calidade da construción, uns datos en metros útiles, e outros en construídos nas dúas acepcións que ten este concepto e que despois aclararemos. Durante cinco anos fomos recollendo estes datos brutos e, a partir da súa análise, máis cualitativa que cuantitativa, foise afinando unha serie de conceptos e variábeis que, en principio, tiñan a finalidade de poder homoxeneizar e poder realizar comparacións obxectivas e numéricas entre os que se recolleran nunha segunda xeira.

METODOLOXÍA. Na definición das variábeis a ter en conta, o traballo de agrupación e simplificación, asesorados por profesionais do sector, foi a tarefa máis laboriosa. Os conceptos máis importantes que resultaron son os seguintes:

- Terreo edificábel ("solar"): terreo urbanizado apto para edificar. O estudo dos terreos incluídos en polígonos, tanto de solo urbano non consolidado como urbanizábeis, déixase fóra, cando menos até que adquiren a condición de terreo edificábel.
- Repercusión do terreo edificábel: os terreos edificábeis non se mercan pola súa superficie de terreo, senón polos metros que se poden edificar. A repercusión son os Euros que se pagan por cada metro cadrado bruto que se pode edificar. Sempre se cuantifica en $x \text{ €/m}^2$. Entre o valor inicial cando se merca e o final cando se fai a asignación de prezos a vivenda, soen subir en 20% como consecuencia de gastos financeiros, imprevistos na tramitación, que adoita habelos, etc.
- Edificación bruta total: son os metros cadrados que se poden edificar sobre rasante sumando todas as superficies de cada planta. Nella están incluídas as superficies dedicadas aos servizos comúns do edificio como portais, entrada de garaxe en planta baixa, escaleiras, ascensor(es), corredores e, nalgúns casos, a superficie dos patios de luces de existiren. Poden ocupar entre 7 e 15% do total segundo a forma da parcela e a distribución interna do edificio.
- Superficie bruta asignada a cada piso: é a superficie incluída dentro do perímetro exterior delimitado polas paredes exteriores
- Superficie útil de cada piso: é a suma da superficie dos ocios que ten o piso, é dicir, descontando a parte que ocupan os piares, tabiques, chemineas interiores, baixantes e calquera outro elemento vertical que reste espazo libre dentro do piso. Acostuma a representar arredor de 85% da superficie bruta asignada ao piso e arredor de 75% da parte do edificio total que se lle podería repercutir ao piso. Aínda que na división horizontal as partes comúns figuran como tais e non se lle asignan a cada piso particular, si que os custos de construción e a repercusión do terreo edificábel dos elementos comúns se repercuten na súa parte proporcional a cada piso.

- Asignación de prezos a cada piso: adoita existir diferenzas nos prezos asignados polo promotor aos pisos no mesmo edificio, segundo sexan interiores ou exteriores, as primeiras ou as últimos plantas, teñen ou non vistas, sexan máis ou menos soleados, etc. Só usaremos a media dos prezos finais. Os detalles desta asignación de prezos poden ser interesantes pero moi prolixos de estudar: dependen da localización, da zona, de modas, e outros factores bastante subxectivos e non afectan o obxectivo xeral que pretendemos.

- Variábel prezo final: foi a máis difícil de simplificar e definir; despois de moitas deliberacións e aproximacións optouse por definir F (prezo final) como os Euros que se teñen que pagar por metro cadrado bruto do edificio correspondente a cada piso, incluíndo neste prezo a repercusión da garaxe e do faiado. Teoricamente esta simplificación podería nesgar a realidade, pois non computa a variabilidade das garaxes, podería eliminar o sobrecusto nos pisos moi pequenos, asigna unha superficie bruta ao piso bastante variábel, etc. Os datos empíricos dos casos estudados confirman que, salvo en casos nos que o custo do terreo edificábel sexa moi baixo (por debaixo duns 250 €/m^2), esta definición de prezo final funciona máis axeitamente que outras definicións que complican as relacións que buscamos e non aportaron datos máis relevantes que os que se acadaron con estas simplificacións.

- Prezo de execución da construción: é o que custa a construción, sen incluír os honorarios profesionais, gastos financeiros, taxas e impostos e outros gastos. O prezo básico de execución sitúase ao redor dos 500 por m^2 , sufrindo incrementos aproximadamente lineais a medida que a repercusión do terreo edificábel e o prezo final soben, recollida no factor $500+0,2x$.

- Prezo real da construción: é o resultado de repercutir todos os gastos asociados ao prezo de execución: 7% de honorarios profesionais, 4% de ICIO, gastos financeiros, etc. que se fixan, todos xuntos, en 20% do prezo de execución.

- Prezo final da vivenda no mercado: é o resultado de engadir a todos os gastos que se foron producindo, tanto do terreo edificábel como da construción, os gastos xerais da empresa promotora, os impostos, a publicidade, as porcentaxes das inmobiliarias, o beneficio da promoción, etc. Fixámoslo en 32% de todos os gastos anteriores.

O resultado final, baixo estas hipóteses, sería:

$$F = ((1,2x + (500 + 0,2x) \cdot 1,2) \cdot 1,32) \cdot 1,32, \text{ simplificando}$$

$$F = 1,9x + 792$$

Atacando o problema con outro enfoque, o estatístico, os datos recollidos de valores das variábeis x e F en lugares moi variados: Vigo, Vilagarcía, Sanxenxo, Pontevedra, Santiago, A Coruña, Illa de Arousa, Madrid, Tenerife, Lanzarote, Costa do Sol... aparecen con un axuste a unha recta de regresión por mínimos cadrados bastante perfecta, con un coeficiente de correlación moi alto, salvando os casos de valores de x pequenos. Para a nosa sorpresa, a recta de regresión que aparece é $F = 2x + 600$, ou sexa, aumenta a influencia, xa alta na relación teórica, da repercusión do terreo edificábel e baixa o fixo da construción.

Contrastadas as dúas fórmulas con novos datos, unha vez superada a barreira de 300 de repercusión do terreo edificábel, é a segunda a que mellor se adapta. Analizadas de novo as hipóteses das que se deduciron a fórmula teórica, todas as variacións razoábeis, empeoran a súa aproximación aos datos empíricos. Para repercusións baixas, das que atopamos moi poucos casos, a adaptación da fórmula teórica parece mellor.

Queda fóra deste estudo o analizar as discrepancias ou mesmo determinar se é un mero efecto estatístico non significativo, e menos transcribir a aplicación de ferramentas estatísticas máis sofisticadas, que, por outra parte, conducen a conclusións semellantes. O que resulta evidente, nesta aproximación que estamos a facer, é que o prezo final da vivenda funciona dun xeito bastante aproximado en base a un fixo asociado aos gastos de construción, e todo o variábel se pode englobar como dependente da repercusión do terreo edificábel

Vixencia dos textos filosófico-políticos de Ramón Vilar Ponte

Baixo a responsabilidade de Xesús Blanco Echauri, María Pilar García Negro e Goretti Sanmartín Rei, veñen de ser editados textos fundamentais de Ramón Vilar Ponte (Viveiro, 1890 – A Coruña, 1953), contando co apoio dunha institución pública como é Deputación Provincial de Lugo. Este volume primeiro forma parte do que vai ser a edición da obra completa, unha obra que, como lembran os editores, foi “inxustamente esquecida, mesmo vaporizada”. Os textos agora publicados son: *Doutrina Nacionalista* (1921, distribuída a comezos de 1922), *Breviario de Autonomía* (1933), *O Sentimento Nacionalista* e o *Sentimento Internacionalista* (1926) e *A Xeración do 16* (1951).



FRANCISCO RODRÍGUEZ SÁNCHEZ

É Licenciado e Doutor en Filoloxía Románica e Catedrático de Literatura española en Instituto. É autor dunha ampla obra de investigación e ensaio en temas lingüísticos, literarios, culturais e políticos desde unha perspectiva nacionalista

Trátase dunha edición moi contrastada coas fontes máis orixinais e con notas aclaratorias que axudan a unha mellor comprensión dos textos, algúns deles reeditados por primeira vez. Perante eles non é posíbel evitar unha consideración esmagadora: canto descoñecemento e canta falla de avaliación ecuánime existe sobre moitos dos esforzos culturais do noso pasado inmediato. Ademais desta consideración, aparece outra moi significativa: a pouca rendibilidade ideolóxica no conxunto social galego de obras dunha grande importancia analítica para entendermos a nosa realidade e mesmo unha perspectiva do mundo desde unha óptica galega, sobre todo en termos de continuidade histórica. No seu tempo esta obra discursiva de Ramón Vilar Ponte correspondía a unha práctica do nacionalismo e asemade intentaba afondar e popularizar a mesma práctica. Porén, non se mantivo actuante no elo histórico que vai desde entón até hoxe, polo que efectivamente na Galiza parece que temos que estar sempre descubriendo o que xa foi antes descuberto ou andando camiños que xa anteriormente foran andados, coa perda de tempo e enerxía que isto significa. Un tecer e destecer continuos do que moi urxente saírmos a través da única posibilidade existente: a comunicación xeracional do que é o noso saber e a súa renovación e avance.

Doutrina Nacionalista (1921) é un breviario que debía ser lido por todos os mozos e mozas galegos de hoxe, tamén por moitos e moitas adultos interesados na clarificación do pensamento político en termos de utilidade a prol do pobo galego, tamén en termos de política estatal e mundial. Aquí está a explicación do que é unha nación, o significado do nacionalismo, o seu carácter antitético das políticas imperialistas, a artificialidade do Estado Español unitarista e a necesidade da súa recomposición plurinacional... É a fundamentación da visión nacionalista en xeral, a galega en particular, após da Primeira Grande


Guerra, no fervedoiro da independencia de Irlanda e no ascenso do fascismo en Italia. Este libro é demostrativo da vixencia dun pensamento que comeza precisamente na primeira fase do imperialismo, e como resposta xenuína ao seu carácter destrutivo. Vixencia que continúa na fase actual deste imperialismo, a globalización, unha fase hipercrítica, epigonal, e como todas as fases epigonais, especialmente perigosa, embora conteña tamén lóstregos de esperanza. A vixencia, pois, non é precisamente por tratarse dunha abstracción ideal, se non dunha análise concreta de situacións históricas concretas que non mudaron no seu carácter esencial, senón que se afondaron moitas das características precisamente de concentración e opresión.

Lendo *Doutrina Nacionalista* un comproba que o *Sempre en Galiza* non é unha xoia pendurada no ar. Contén os seus antecedentes, un deles ineludíbel é a obra de Ramón Vilar Ponte. O esforzo de Castelao está feito en continuidade co iniciado precisamente polas Irmandades da Fala en 1916, neste caso no que atinxe ao ensaio filosófico-político. Verdadeiramente existe un contraste brutal entre o ensaísmo español e o galego deste período histórico. Ler a Ramón Vilar Ponte ou a Castelao, mesmo a Risco, é a asistirnos a un plantexamento analítico sobre a realidade do que se chama España e a realidade do mundo nas antípodas do que está representado na obra de Ortega y Gasset ou Sánchez Albornoz. Mágoa é que os que se pretenden cultos desprezen ou ignoren aos primeiros e mimeticen o seu pensamento cos tópicos dos segundos. A ausencia clamorosa no sistema educativo desde a Secundaria até a Universidade deste pensamento filosófico-político galego contribúe á colonización mental da nosa mocidade e a súa ignorancia sobre os esforzos da cultura nacional coa conseguinte desvalorización da propia realidade.

A produción ideolóxica política do nacionalismo no plano teórico es-

Doutrina Nacionalista (1921) é un breviario que debía ser lido por toda mocidade de hoxe, tamén por adultos interesados na clarificación do pensamento político en termos de utilidade a prol do pobo galego





tivo aguillada pola necesidade. Desde 1916 fíxose un esforzo planificado con obxectivos precisos, responsabilidades e encargos asinados, elaboración de produtos culturais e difusión dos mesmos. Non doutra maneira é entendíbel a teimosía e regularidade con que Ramón Vilar Ponte, por exemplo, foi producindo o seu ensaísmo ideolóxico-político. Efectivamente, no debate dos anos 20 e 30, era unha cuestión central como harmonizar o sentimento nacionalista e o internacionalismo. En 1926 foi cando Ramón publicou *O Sentimento Nacionalista* e o *Internacionalismo*, como resposta ás inquietudes, desacougos ou desconfianzas que podían existir entre unha cosmovisión marxista e unha nacionalista. Hoxe en día, tendo en conta o retroceso do marxismo como ideoloxía social consciente, deberíamos falar do tópico que advirte da contradición entre ser nacionalista e considerarse individuo da humanidade (expresada en termos idealistas, "cidadán do mundo"). É lóxica esta preocupación. Curiosamente o texto de Vilar Ponte non só esclarece como un verdadeiro internacionalismo é soamente posíbel a partir dunha clara vinculación nacional co sentimento nacionalista, senón que amosa a inviabilidade de escindir loita de clases e loita nacional, nunha correcta aplicación práctica da política. Chama a atención como percorre este ensaio a conxunción da filosofía racionalista Kantiana, idealista e centrada no individuo, co marxismo, coa súa visión materialista e social. Mais unha vez reloce como os nacionalistas máis senlleiros non foron nunca anticomunistas e mesmo simpatizaron coa URSS, non só por un problema de xustiza social senón tamén por representar un Estado Federalista de tipo plurinacional. Esta febra está tamén moi actuante no pensamento de Castelao.

Porén a praxe política obriga non só aos plantexamentos teóricos de carácter estratéxico senón tamén a

clarificacións de carácter táctico e conxuntural. Por iso, en 1933 aparece Breviario de Autonomía de Ramón: para precisar a necesidade dun Estatuto de Autonomía para Galiza na legalidade da II República, como un paso posibilista e unha ferramenta que só os nacionalistas poderían utilizar adecuadamente e mesmo, no caso galego, impulsar só eles. Lendo este libro comprobamos a repetición de tópicos de entón hoxe en día no debate político nacional galego, as discriminacións e deficiencias que Galiza padece na política do Estado. A resposta ten que ser a auto-responsabilidade, o autogoberno, a confianza en nós mesmos.

Estes textos de Ramón son ineludíbeis puntos de partida para unha correcta conformación da conciencia ideolóxica nacionalista. Poden e deben ser actualizados e mesmo rectificadas en algúns aspectos secundarios, pero seguen a alumear poderosamente, non só a realidade nacional galega, senón tamén unha perspectiva antiimperialista e pacifista do mundo. Teñamos ben presente que sen análise e pensamento científico en todos os aspectos do coñecemento non pode haber actuación práctica incisiva e ben orientada. Praxe e teoría necesitanse mutuamente. A praxe nacionalista necesita hoxe máis produción filosófico-política desde a nosa perspectiva. O esforzo que fixeron os homes das Irmandades da Fala no plano teórico-práctico, lembrado por Ramón Vilar Ponte no seu discurso *A Xeración do 16* (1951), cando corrían moi malos tempos, abafados pola derrota e o silencio, debe ser hoxe imitado á altura dos tempos presentes e das circunstancias e necesidades actuais. A coidada edición de Xesús Blanco Echauri, María Pilar García Negro e Goretti Sanmartín Rei destes textos de Ramón Vilar Ponte ten que valer para mellorar a nosa formación e aguilloar a nosa decisión de dar resposta ás necesidades de coñecemento concreto para fundamentar mellor a nosa política ■

De Alexandre Bóveda a Moncho Reboiras

O 12 de agosto de 2006 conmemorábase o asasinato de Moncho Reboiras no marco dun ano que por primeira vez estaba dedicado institucionalmente pola Xunta de Galiza á recuperación da memoria. Reproducimos aquí a intervención que tivo lugar neste acto que como todos os anos tivo como protagonista a lembranza do patriota caído desde a perspectiva da actualidade presente, se ben, neste caso, precisamente un dos acontecementos máis relevantes do momento era a enxurrada de actividades que abrollaban ao redor do rescate da memoria histórica e da homenaxe ás vítimas do franquismo.



XOÁN CARLOS GARRIDO COUCEIRO

Profesor de Filosofía. Autor de diversos ensaios sobre Castelao, Bóveda, García Barros e o nacionalismo galego contemporáneo. É director da revista "Terra e Tempo"

Calquera que pretenda transformar a sociedade ten que partir dunha consciencia histórica da realidade. Para evitar caer no fatalismo e o inmovilismo e para comprender o presente e asumir as potencialidades que temos de cambiar o futuro, é imprescindible coñecer o pasado. E os que apostamos pola identidade colectiva de clase ou nacional como fórmula para superar o individualismo e o solipsismo sabemos que igual que unha persoa amné-



Imaxe do público no acto do 12 de agosto de 2006 na homenaxe a Moncho Reboiras en Ferrol

sica non sabe quen é, un pobo sen memoria é un pobo sen identidade. Por iso, para nos é tan importante a batalla pola memoria e por iso para eles é fundamental perpetuar o esquecemento con toda clase de escusas. Efectivamente, para o nacionalismo a recuperación da memoria histórica da Galiza foi sempre unha loita vital e non unha moda ocasional nin o último recurso que lle queda a unha organización unha vez que desapareceu do mapa político engulida polas súas propias contradicións.

Aquí estamos lembrando hoxe un combatente antifascista como viñemos facendo desde hai máis de 30 anos. O xoves estaremos en Pontevedra lembrando outro combatente antifascista tal como se fixo desde hai 65 anos. Coincide que eran nacionalistas e hai quen nos acusa por isto de sectarios cando estatisticamente non foi o sector ideolóxico máis representativo numericamente nos inmolados na represión. É certo que o mesmo día que caeu Bóveda foi arrastrado polas rúas desta cidade o corpo do seu alcalde Xaime Quintanilla. Mais tamén é certo que este dirixente do PSOE como outros moitos líderes políticos republicanos galegos -fosen do signo ideolóxico que foran- foi lembrado grazas a que se mantivo viva a celebración do día da Galiza Mártir, mentres que para os outros movementos políticos a represión na Galiza era secundaria e marxinal fronte ás xestas bélicas, ou simplemente sentíanse mellor representa-

dos como grupo ideolóxico por outro persoeiro doutras latitudes.

Por iso, a elección de Bóveda e de Moncho Reboiras non é casual, senón que, tendo en conta que a esencia do réxime era a negación da existencia de nacións e de clases sociais no Estado, estas persoas encarnan mellor que ningún a resistencia contra dita negación. Como dicía Castelao a respecto de Bóveda, era a antítese do que representaba Franco. E Moncho Reboiras foi a proba evidente de que a loita antifranquista e a represión transcende a visión restrinxida da guerra. Ambos os dous son a refutación da identificación de Galiza co conservadorismo, coa submisión e a resignación. Eliximos Bóveda e Reboiras entre os máis de 5.000 galegos e galegas caídos por seren quen mellor axudan a lembrar todos eles, lembrar de que na Galiza existiu represión, que non se entregou voluntariamente e de xeito entusiasta ao fascismo como outros quixeron facer ver.

Mais o nacionalismo nunca foi sectorario na recuperación da memoria histórica. O que aconteceu a miúdo é que simplemente quedou só durante décadas facendo ese traballo sen a axuda nin a aprobación das outras forzas antifranquistas que moi pronto apostaron polo que chamaron a "reconciliación nacional" fronte á cal andar remendendo nestas cousas era contraproducente para a súa estratexia política.

Desde 1936 xa saíron publicacións dando conta da represión na Galiza nas que participaron os nacionalistas á beira doutros antifascistas galegos; lembremos os xornais da zona leal como é o caso de "Nueva Galicia" ou a prensa da emigración como "Galicia" de Bos Aires, se ben a testemuña máis contundente do que sufría o país son os álbumes "Galiza Mártir" e "Atila en Galiza" de Castelao.

O galeguismo tamén inspirou a obra "O que fixeron en Galiza" editada en francés no 1938 e atribuída a Luís Seoane. Aquí lémbrese os mártires galegos independentemente da súa filiación ideolóxica. No 1942 cando a Irmandade Galega de Arxentina



No 1942 cando a Irmandade Galega de Arxentina instaura o día dos Mártires Galegos coincidindo co aniversario do fusilamento de Bóveda, inciden en honrar todos os fillos desta Terra que loitaron pola liberdade

instaura o día dos Mártires Galegos coincidindo co aniversario do fusilamento de Bóveda, inciden en honrar todos os fillos desta Terra que loitaron pola liberdade. Abonda ler obras como as de Alonso Ríos e Xerardo Álvarez Gallego para ver o sentimento solidario con todo o republicanismo perseguido do país.

Nunca se fixo sectarismo con este tema, aínda que si se sufriu a exclusión e a marxinação por manterse fiel á a esta liña de recuperación da memoria. Cando o nacionalismo introduciu este debate nos parlamentos e na sociedade, a miúdo foi abandonado á súa sorte e mesmo criticado por quen debía compartir esta inqueda. Con moito esforzo e co vento en contra dunha opinión pública atemorizada e manipulada, desde as institucións municipais –co impulso do BNG– leváronse a cabo iniciativas que hoxe xa no goberno da Xunta permiten avanzar no camiño da memoria, mais non podemos esquecer que a maior parte do que se fixo até hoxe se lle debe a historiadores alleos á academia, a asociacións ou editoriais valentes que sen apoio oficial apostaron por isto.

Aínda así queda moito que andar e hai que tratar de sumar e non restar para alcanzar o obxectivo de botar luz sobre estes anos escuros.

Insistimos en que neste asunto non se pode ser sectario. O nacionalismo foi discrepante coas decisións que tomaron as forzas da esquerda estatal desde o principio da República até o final da Dictadura, mais non

que sempre tratou de confluír foi na condena do franquismo. Unha condena con resultados prácticos. Non como un brindado ao sol, senón que tirando consecuencias dela. Por iso sentímonos defraudados polo proxecto de Lei da Memoria. Sen entrar en ningún punto concreto que agardamos que poidan ser revisados no seu trámite parlamentar, o máis decepcionante é a filosofía de fondo que destila. Pártese de lamentar a circunstancial guerra fratricida para superala nun abrazo delirante entre as dúas Españas, exaltando unha unidade nacional que está por enriba desas disputas domésticas pasaxeiras. Con isto, o problema das simboloxías fascista xa non é que sexa fascista, senón que divide aos españois.

Cando ao fin –supoñemos que pola presión internacional e a necesaria homologación coa lexislación europea– se introduciu no código penal o delito de apoloxía do xenocidio e negación do holocausto que teñen os outros países europeos para perseguiren xudicialmente os grupos fascistas, aquí paralelamente procedeuse a dar remate ao lavado de imaxe que o franquismo xa comezara no 45 para sobrevivir no novo contexto internacional, negando que fose fascista e minimizando a represión que levaba a cabo e que nunca alcanzaría o grao de xenocidio.

Así é que a penas se aplicou o artigo 607.2 do código penal cando un topa o rúeiro cheo dunha nomenclatura que exalta o fascismo e en canto colle

Intervención de Bautista Álvarez na celebración do Día da Galiza Mártir de 2003 en Pontevedra



Ofrenda floral –no 2006– na rúa da Terra onde foi asasinado Moncho Reboiras

un xornal, escoita a radio ou mira a televisión, non facemos máis do que nos topar con figuras como Pío Moa, Cesar Vidal, De la Cierva ... que están todos os días a xustificar o franquismo.

En países como Austria a penalización da minimización da represión nazi figura na constitución –e non no código penal– e as penas chegan até 20 anos de cárcere. En Bélxica estase a debater agora incrementar as penas de prisión ou multas para quen negue, minimize groseiramente, procure xustificar ou aprobe o xenocidio cometido polo réxime nacional socialista alemán, e sobre todo, revisar, actualizar e ampliar o concepto de xenocidio para perseguir con máis eficacia os fascistas.

No Estado Español non temos ese debate porque agora resulta que o franquismo non era fascista. Temos un xeito xenuíno de rematar co fascismo, isto é, negar que fascismo español sexa fascista.

É sabido que nos campos de exterminio nazi morreron republicanos galegos e españois e que o holocausto contaba co beneplácito do franquismo, e neses campos clasificábanse os prisioneiros por orixes étnicas, relixiosas mais tamén ideolóxicas.

Aquí desde o 20 de xullo do 36 fíxose o mesmo. A poucos metros de onde estamos, temos un arquivo militar con miles de causas xudiciais que serven de proba do que é un auténtico xenocidio. En todas elas aparece informes dos cregos, da Garda Civil ou de Falanxe nos que se identifica a filia-

ción ideolóxica do prisioneiro e isto determina a condena que en moitos casos é a pena capital.

Lendo as causas pódese comprobar que foi un exterminio planificado, frío e calculado, dun sector ideolóxico da sociedade. E as causas hai que lelas antes de falar de se o franquismo era ou non fascista. A historia hai que coñecela para chamar as cousas polo seu nome e colocar cada quen no seu sitio, e non é desde logo dándolle nome ás nosas rúas.

Vénnos agora do Estado a moda da recuperación da memoria histórica. Que nos van contar a nos? Láianse con razón de lles ter ocultado un fragmento do seu pasado. O noso problema é que o silenciamento e a ocultación abrangue toda a nosa historia.

Coincidimos con eles nesta etapa e estamos dispostos a traballar conxuntamente con todos os demócratas do Estado que compartan esta teima de destecer o esquecemento. Mais traballar con eles non é traballar para eles. Á Galiza non se poden aplicar os mesmos esquemas e categorías historiográficas españolas se queremos entender o que aquí aconteceu. Nas historias da Guerra Civil Española non hai unha páxina dedicada á Galiza. Os galegos e as galegas teremos que escribir a nosa historia se queremos saír nela, se pretendemos ser protagonistas e non espectadores, temos que desenterrar con moito esforzo un pasado que nos foi agochado co obxecto de asumir as rendas dun futuro que algún día será noso ■

A honestidade dos ASASINOS

xuízo contra o historiador Dionisio Pereira

NIETZSCHE NO DELIRIO DE TURÍN, no seu momento máis lúcido e ao mesmo tempo na euforia da súa loucura, definíase a si mesmo como un asasino honesto. E a verdade é que resulta encomiable que alguén teña o valor de recoñecer os seus crimes, iso si é honestidade. Mais o lóxico é que estes miserables oculten o seu rastro dificultando a xuíces e historiadores o seu traballo.

Mesmo un grande xenocida como Hitler, cando ordenou a solución final ("Endlösung der Judenfrage") xa advertira aos seus subordinados que negaría ter dado dita orde, e logo Adolf Eichmann, o encargado de levar a cabo a eufemística "reinstalación", acolleríase a súa condición de oficial para xustificar que obedecera o que lle mandaban e mesmo recoñecía que non tiña nada contra os xudeus. Carecían da honestidade de dar a cara mais a ningún dos dous Adolf lle serviría de nada a xogada porque foron derrotados e as excusas que puideran dar non lles libraría da condena, e o primeiro xa non agardou sequera a ter a decencia de ser xulgado.

Baixo a aparente democracia que gozamos, as veces prodúcense acontecementos que amosan que quizais aquí o fascismo aínda non foi derrotado de todo, que aínda andan aí, que vivimos de prestado e vixiados; e o máis triste, levamos 30 anos perdoándoos cando o certo é que aquí aínda ninguén pediu perdón. Un destes feitos é o caso do xuízo contra Dionisio Pereira pola súa intervención no Congreso da Memoria de Narón no que presentaba un estudo rigoroso sobre a represión en Cerdedo e no que citaba os nomes que as súas fontes sinalaron como responsables da represión informal neste pequeno concello.

Alegando o dereito ao honor dos mencionados preténdese taparlle a boca ao investigador, e de paso a quen teña a tentación de seguir o seu exemplo.

Ninguén dos citados vive e estamos a falar dun feito de grande relevancia histórica (o máis relevante de toda a historia moderna e contemporánea de Galiza), mais aínda así quere aplicárselle a vía xurídica ordinaria a unha cuestión científica que debe resolverse no ámbito académico que ten as súas propias regras de xogo para determinar a verdade ou a falsidade dunha hipótese.

Non pode pedírselle aos historiadores que fagan a investigación xudicial que deixou sen facer o Estado, para determinar a autoría dos crimes. Tampouco se lle pode esixir que calen as testemuñas orais que recolleron e están a piques de extinguirse. As afirmacións que faga un historiador non teñen porque rexerse polo dereito á presunción de inocencia porque este calificativo refírese a casos que están baixo investigación xudicial e a espera do seu resultado para ditaminar unha condena, mais aquí non se trata de xulgar os feitos senón de contalos. Dionisio non imputa ningún delito a ninguén porque daquela matar non era ilegal e hoxe renúnciase a xulgallo. Mais sería o colmo que os crimes quedaran impunes desde o punto de vista xurídico e se condenaran aos historiadores por exercer o seu labor científico.

Hai fosas comúns onde hai corpos sen identificar e a maxistratura mira para outro lado cando tiñan que actuar de oficio. Mais caen implacábeis sobre aqueles que se atreven a esculcar o pasado coa metodoloxía propia da súa ciencia e sen outros medios e recursos que o seu voluntarismo. Neste contexto —isto non é Alemaña— é por iso tan importante gañar esta batalla que non é a dun individuo determinado senón a loita dun pobo polo dereito a coñecer a súa historia.



Imaxes da intervención de Dionisio Pereira no Congreso de Narón onde presentou o relatorio polo que é denunciado. Acto de desagravio no monumento a varios paseados de Cerdedo que foi destruído nunha agresión fascista. Acto de conciliación no xulgado de paz de Cerdedo no que Dionisio foi acompañado por historiadores e persoas que se solidarizaron coa súa causa que é a causa do dereito a memoria deste país

Pronunciamento sobre o PROXECTO DE LEI DA MEMORIA HISTÓRICA

Manifesto da Iniciativa Galega pola Memoria



Membros da Iniciativa Galega pola Memoria

En relación coa recuperación da Memoria Histórica, valoramos positivamente a aprobación polo Parlamento Galego o pasado 28 de decembro dunha Proposición non de Lei para a “rehabilitación xurídica, persoal e moral de Alexandre Bóveda e de todas as persoas asasinadas e represariadas por defenderen a legalidade democrática, as aspiracións de autogoberno de Galicia e a xustiza social”. Sumámonos á petición do Parlamento Galego para que o Goberno Central inicie “as accións necesarias que permitan a anulación dos consellos de guerra a que foron sometidos”.

Entendemos que a represión da ditadura chega ata 1977 e comprende represións de todo tipo: política, sindical, social, moral, educativa, económica, etc.

Consideramos que o citado Proxecto de Lei debería incluír os seguintes aspectos:

1. Condena do franquismo, que foi declarado en decembro de 1946 pola ONU como un réxime criminal.
2. Recoñecemento explícito da resistencia antifranquista e de todas as persoas que loitaron pola liberdade.
3. Declaración da nulidade dos xuízos franquistas, de todos os procesamentos, sentenza, condenas e sancións, tanto durante a Guerra Civil como na posterior ditadura.
4. Aplicación do dereito internacional sobre as vítimas da represión franquista, incompatible con calquera mecanismo de impunidade, previsto no articulado do Proxecto de Lei: imprescriptibilidade, dereito a saber, dereito á xustiza, dereito á reparación.
5. Consideración dos crimes do franquismo como delitos contra a humanidade.
6. Instar a todas as administracións (central, autonómica e local) para que se retiren dos espazos públicos os símbolos franquistas, dos monumentos, edificios, placas, rúas e prazas e as referencias ás persoas relacionadas coa ditadura.
7. Apoio á conservación e potenciamento dos arquivos da memoria, tanto públicos como de partidos, sindicatos, fundacións e outras entidades.
8. Instar á Administración a que apoie aos familiares das vítimas da represión na busca de información, presentación de reclamacións, etc.
9. Intervención pública das distintas administracións nas labores de localizacións, identificación das fosas de enterramentos das vítimas do franquismo e, no seu caso, exhumación, divulgando os resultados; elaboración dun protocolo de actuación científica multidisciplinar.
10. Revisión dos currículos escolares, fomentando e apoiando a elaboración de materiais sobre o período republicano, sublevación militar fascista, ditadura e resistencia antifranquista.
11. Regulación da apoloxía do franquismo como delito e prohibición de toda exaltación do mesmo.

Ciclo progressista e luta pelo **socialismo** na **América Latina**



Segundo os recentes resultados eleitorais, um novo ciclo político com sentido progressista, democrático e nacional vem se afirmando em toda a região. Registra a ascensão de forças políticas e sociais novas que buscam a afirmação de caminhos próprios.

As vitórias de quatro candidatos situados à esquerda - Lula, Rafael Corrêa, Daniel Ortega e Hugo Chávez, respectivamente em Brasil, Equador, Nicarágua e Venezuela - encerraram o alargado calendário eleitoral que, entre novembro de 2005 e dezembro de 2006, viu realizadas quatorze eleições nacionais na América Latina e no Caribe, na maior concentração de eleições num mesmo período em décadas¹.

Segundo os resultados, a América Latina segue girando à esquerda, se materializando numa maioria quantitativa –e, sobretudo, qualitativa– de vitórias de candidaturas situadas do centro para a esquerda no espectro político. Com isso, afirma-se um novo ciclo - tendência com sentido e características progressistas, democráticas e nacionais - que se espalha por toda a região.

Essa tendência avança sobre o declínio do movimento contrário, o neo-

RONALDO CARMONA

Sociólogo, membro da Comissão de Relações Internacionais do Partido

Comunista do Brasil (PCdoB) e Director do Cebrapaz



liberalismo, que passa a ser repudiado amplamente pelos povos. Exemplo vigoroso desse declínio é o repúdio às privatizações e a consequente defensiva dos ideólogos do neoliberalismo no segundo turno das eleições presidenciais brasileiras. Tal desprestígio das teses neoliberais –todavia hegemônicas no mundo–, contrasta com uma (re)emergência da questão nacional, ou melhor, de embriões de projetos nacionais de sobe-

rania e independência, baseados num novo protagonismo do Estado, como marca principal desses novos governos na América Latina. Registra-se também um declínio da influência dos Estados Unidos em diversos planos: político, ideológico e econômico. Aliás, este último tem como exemplo marcante o estancamento e a agonia de seu projeto hemisférico de "livre comércio", a Alca.

Em síntese, o novo quadro latino-americano registra a ascensão de forças políticas e sociais novas que buscam, em oposição às tradicionais dependência e subordinação às potências exógenas, a afirmação de caminhos próprios.

O quadro latino-americano atual é permeado de singularidades, ineditismos. Pela primeira vez na história, três das quatro maiores economias da região são governadas, concomitantemente, por forças posicionadas do centro para a esquerda. É o caso de Brasil, Argentina e Venezuela, núcleo-duro e motores desse ciclo novo. Também é um ciclo democrático: partidos comunistas participam em nível ministerial de quatro governos (Brasil, Venezuela, Bolívia e Uruguai) - e apóiam um outro (Equador) - dentre dez países sul-americanos. Além disso, nunca houve um ciclo de governos progressistas na América Latina, pelo menos nas proporções atuais².

De conjunto, são fatos novos que tornam a América Latina um importante pólo na cena internacional de resistência à globalização neoliberal e ao mundo unipolar. Junto a países do Oriente Médio, alvo de brutal ofensiva, inclusive no plano militar, por parte do imperialismo norte-americano –que busca redesenhar o seu mapa e o da China que, apoiada no socialismo, passa por um período de transformações aceleradas– a América Latina é parte principal da luta de resistência no mundo.

Além disso, o atual ciclo progressista traz em seu germe um caráter antiimperialista, pois a afirmação de caminhos nacionais, de autonomia,

contrasta, objetivamente com as pretensões do imperialismo norte-americano de estender no tempo seu domínio sobre esses países. A autonomia regional, portanto, é antípoda do domínio geopolítico, econômico e ideológico pelo imperialismo.

Não obstante esse quadro novo há a atuação de travas e condicionantes que buscam incidir em seu desenvolvimento. É um fator de primeira grandeza, que condiciona as mudanças à tendência dominante e hegemônica no mundo: o capitalismo em sua fase neoliberal, sua forma contemporânea. Dessa forma, a busca de alternativas, de caminhos nacionais, adquire, quanto mais avança, um caráter anti-sistêmico, ou anticapitalista. Por isso, a despeito das experiências socialistas do século XX, são caminhos novos, ainda não percorridos, devido a serem apresentados desafios novos para a consecução das mudanças.

E, ainda, a nova América Latina desperta reação do imperialismo norte-americano. É falsa e unilateral a idéia de que –devido ao pântano em que se meteram no Iraque– os EUA estariam em estado de letargia quanto às mudanças em curso na América Latina. A reação não apenas ocorre, como atua em variados planos.

Os sintomas da ação imperialista são variados, diretos ou indiretos. Eles aparecem nas recentes disputas eleitorais mediante violentas campanhas anticomunistas em países como México e Peru com a mobilização de uma poderosa mídia oligopolizada, ou ainda pela utilização desta como instrumento de desestabilização, como o caso do Brasil, com Lula. Na cunha entre Uruguai e Argentina no tema das indústrias de celulose, vão da na utilização de instrumentos golpistas clássicos, como na Venezuela, à atual ofensiva diplomática com a recente viagem de Bush à região. Na cooptação de parcelas das burguesias nacionais, sobretudo as exportadoras, para as assinaturas de "contratos de adesão" à hegemonia estadunidense, como os Tratados de Livre Co-

mércio (caso, na América do Sul, de Chile, Peru e Colômbia) que implodiram a Comunidade Andina das Nações e são foco constante de tensão no Mercosul com os membros menores.

É importante registrar a atual fase do capitalismo, bem como a reação do imperialismo norte-americano, para - a despeito da novidade revelada pela atual quadra latino-americana - não contaminar a análise com precipitações voluntaristas: não se trata, todavia, de um ciclo revolucionário, mas de uma tendência progressista, de resistência contra-hegemônica, que se afirma. Ademais, não resulta em irreversibilidade. Ainda assim, seus avanços gradativos podem criar condições para afirmar passos iniciais da renovada luta pelo socialismo na América Latina.

SENTIDO GERAL DO CICLO PROGRESSISTA. Há um sentido geral a se destacar na atual geração de governos progressistas latino-americanos. Um rumo comum, um corte de iniciativas mais ou menos convergentes - a despeito de, como veremos, terem velocidades e ritmos distintos. Sistematizar os elementos sobressalentes nesta primeira fase das experiências dos governos progressistas é algo pendente, até por serem tão recentes tais experiências. Mas buscaremos a seguir agrupá-las em grandes blocos de iniciativas.

Terras abocando á ría de Betanzos que foi importante e navegábel mentres os aluviós non remataron de cegala. Segundo nos achegamos a ela medra a vide e as árbores froiteiras son máis variadas. En tempos o viño foi case un monocultivo e nos peiraos de Betanzos embarcábanse froitas (pero, camoesa e fada) para a exportación no dicir dos vellos cronistas.

Non hai acordo entre os xeógrafos á hora de definir as terras das Mariñas. Hai quen di que a bisbarra das Mariñas de Betanzos, xunto coa da Coruña e a de Ferrol compoñen o chamado Golfo Ártabro dos xeógrafos antigos. Outros falan dun ambiguo territorio "entre A Coruña e Ferrol". Hai agora moito xeógrafo de libro, burócrata e con pouco coñecemento do país. Botamos de menos a emoción e paixón romántica de Otero Pedrayo, que fixo "pelerinaxe" de Ourense a Teixido e ambicionaba coñecer todas e cada unha das parroquias galegas, interpretando o país galego diante do mapa de Fontán que tiña en Trasalba coa lembranza das viaxes realizadas.

Historicamente falouse de Mariñas dos Freires (con Cambre, o Temple e A Coruña como centros e a memoria dos templarios) e Mariñas dos Condes (con Betanzos como eixe rector). Para outros, as Mariñas dos Condes chegarían até o Pontedeume dos Andrade, condes por antonomasia nestas terras. Mais Betanzos, paradoxalmente, non é terra de condes, aínda que os tivera por veciños, pois de sempre foi unha cidade de reguen-

go e non de señorío, nin secular nin eclesiástico. A súa condición, ademais dunha das cinco e logo das sete cidades cabezas do Reino de Galiza, dándolle o seu nome a unha das Provincias galegas durante todo o Antigo Réxime, outorgáballe un liderado indiscutíbel entre as terras mariñas, moitas delas dominadas ou vencelladas ao poder dos Andrade.

O mapa resultante das Mariñas betanceiras viría coincidir practicamente co do antigo partido xudicial. É dicir, abranguería totalmente ou en boa parte os concellos de Abegondo, Aranga, Bergondo, Cesuras, Coirós, Irixoa, Oza dos Ríos, Paderne, Sada e o propio de Betanzos. Dirase que as terras altas de Abegondo, Cesuras, Oza, Irixoa ou Aranga teñen pouco de Mariñas, e así é; mais a influencia e atracción da cidade de Betanzos como ordenadora da vida socioeconómica e administrativa, historicamente e mesmo na actualidade, xunto coa influencia das concas fluviais do Mero, o Mendo, o Mandeo e o Lambre nas terras máis baixas deses concellos, son factores que levan a falar con pleno sentido (polo menos até hai pouco) de Mariñas de Betanzos. Cun relevo lixeiramente accidentado, As Mariñas dos Condes ou betanceiras abranguen dende a zona costeira (de marisma no tramo final do Mandeo) até os catrocentos metros sobre o nivel do mar nas zonas elevadas. A transición faise en varias escalas doadas de percibir.

Funcionan hoxe organismos ou entidades que, obedecendo a intere-

ses políticos, ou administrativos, non exentos de oportunismo en detrimento da historia e da xeografía, tentan suplantar antigas denominacións. Ocorre así con “Terra das Mariñas”, integrado polos concellos de Abegondo, Arteixo, Bergondo, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada. É dicir, o que sería a área metropolitana que rodea a Coruña. Obsérvase como dalgún xeito, concellos limítrofes ou moi próximos a Betanzos, os de Bergondo, Abegondo e Sada tentan afastarse (ao menos dun xeito políticoadministrativo) de Betanzos. Sada xa viña, dalgún xeito, intentándoo dende os anos vinte do pasado século, favorecida coa ligazón con tranvía coa Coruña e converteuse nunha vila de veraneo e ocio. A construción, ademais, da Ponte do Pedrido (inaugurada en 1942 á que Betanzos se opuxo durante anos en razón de prexuízos á súa ría en declive) evitaríalles a bergondeses e sadenses o paso obrigado por Betanzos nas súas comunicacións coas terras ferrolás e do norte. Dun xeito ou doutro, Betanzos semella reducirse (de non cambiar certas cuestións políticoadministrativas) ao liderado das terras máis altas da súa bisbarra, con Paderne como único concello que toca o mar na desembocadura do Lambre, río que marcaría o seu límite polo norte.

Os ecos lendarios falaban da antiga Brigantium, sempre e pugna coa Coruña. A primitiva poboación, asentada en Tiobre (onde o lugar de Betanzos o Vello reclama a primoxenitura) e trasladada ou axuntada en 1219 polo Rei Afonso VIII de Galiza e León no castro de Untia, en terras mercadas aos monxes de Sobrado, pasou a denominarse Betanzos. Vila que se converteu oficialmente en cidade en 1465.

A pequena cidade de Betanzos, centro indiscutíbel das Mariñas, merece unha visita demorada. Ademais da súa triloxía de igrexas góticas ou de transición ao gótico (San Francisco, Santa María do Azougue e Santiago) o propio Castro de Untia onde se



asentou a vila en 1219, coa súa disposición concéntrica das rúas, partidas radialmente por outras, e estreitas calexas con encanto, lembran o burgo antigo. A casa do Concello, a torre municipal, varios pazos urbanos, casas balconadas ou con galerías..., todo axuda a conformar un centro histórico que foi declarado en 1970 conxunto histórica e artístico e hoxe tenta a súa recuperación. E non foi pouco o que se destruíu.

Da muralla ou cerca que a cinguiu (hoxe na súa maior parte tapada por vivendas que se foron adosando) conserva aínda tres das súas portas que aquí se chaman arcos: Arco da Ponte Nova, do Cristo e da Ponte Vella. Ningunha cidade galega conserva máis portas medievais. A cuarta e principal, Porta da Vila, desapareceu na moda decimonónica dos ensanches como tamén varios soportais. Os brasóns de Castela, de Galiza e o da propia cidade que nela campaban conserváronse



adosados á parede dunha casa veciña. Existiu aínda un portelo menor, a porta do Hórreo, a lembrar o antiquísimo hórreo pertencente aos monxes de Sobrado xa citado no documento fundacional da cidade.

Están logo os edificios civís emblemáticos: a casa gótica dos Vilousaz (a máis antiga da cidade), o Concello, o edificio construído para Arquivo do Reino e que nunca foi, os pazos de Lanzós, Bendaña e Taboada, lembrando liñaxes de avoengo, como outros moitos con sepulcro no antigo mosteiro de San Francisco, o panteón máis importante de Galiza presidido polo mausoleo de Fernán Peres de Andrade "o Bóo", digno dun emperador, co oso e o porco bravo totémicos soportando o peso da caixa. Na Idade Media Betanzos atraía ás grandes liñaxes, ben para construíren o seu pazo ou para seren aquí soterrados. Residencia na vida ou na morte. Daquela foi nomeada Betanzos dos Cabaleiros, alcuña que lle ficou por séculos.

Cidade de costas excesivas, obrigadas para coroar o Castro, con rúas a lembrar vellos oficios e gremios: dos Ferreiros, dos Prateiros, dos Sombrieiros..., ten tamén a súa zona cha e de lecer: o Campo, en alusión á feira que alí se facía e se fai (agora sen gando, claro está), o primeiro e o mediado de cada mes, agás a do primeiro de decembro que pasa ao día anterior. Máis perdido no tempo e esquecido era o privilexio da feira franca anual que duraba todo o mes de outubro. Hoxe lémbrese con ar festivo na feira franca medieval durante tres días de xullo. Nas marxes da gran praza irregular do Campo, presidida pola fonte de Diana Cazadora dende 1867 e convertida no centro neurálxico da vida cidadá, sitúanse os tradicionais Soportais que acollen concorridas terrazas de cafés. Na súa fronte un conxunto de edificios históricos: o edificio Liceo ou Arquivo, pois para Arquivo do Reino foi construído en 1778 sen que chegase a ter esa finalidade e hoxe utilizado para usos municipais culturais; o antigo hospital de San Antón (hoxe xulgados), e o colexio de Orfas. Bótase en falta entre este e o anterior a que foi capela do patrón San Roque hoxe reconvertida nunha oficina financeira. Nun dos laterais da praza, que nunca chega a pecharse e mesmo foi cruzada pola nacional VI ou antiga estrada de Castela, atópase o Cantón pequeno, oficialmente de Claudino Pita, para paseos breves, con boas casas da burguesía decimonónica e onde ten sede o banco máis antigo de Galiza, o Etcheverría. No outro lateral atópase o exconvento de San Domingos, elevado sobre a praza e hoxe dedicado a complexo cultural (museo, biblioteca, arquivo) coa proa característica da torre barroca dende o que se pendura para a súa ascensión o mítico Globo de San Roque cada dezaseis de agosto.

Nos arredores dous santuarios de sona vixían a cidade dende outeiros dominadores: As Angustias, comezando no segundo terzo do século XVIII e onde tiñan a súa romaría as cigarreiras coruñesas, e o renacentista de Nosa

Señora do Camiño ou dos Remedios, comezado a mediados do XVI, que atraía romeiros de moitos puntos. E tamén a parroquial de Tiobre, a lembrar o emprazamento primitivo da vila, co lugar de Betanzos o Vello.

Hai tamén un roteiro de indianos benfeitores, a suplir carencias dun Estado que non era do benestar: as escolas de San Francisco e a Casa do Pobo, lembranza do legado de Xesús García Naveira; as escolas do Asilo (hoxe sen Asilo), o lavadoiro gratuito das Cascas, o colexio para nenas anormais (na linguaxe da época), creación dos irmáns Xesús e Xoán García Naveira; e, como non, o Pasatempo, obra persoal de don Xoán, e tamén a que foi a súa casa na praza que leva o nome dos irmáns e popularmente denominada do Campo. Tamén o Asilo creado polo legado doutro indiano, Manuel Naveira, hoxe dedicado a hotel, case fronteiro ao cruceiro da Cruz Verde onde foi fusilado o sarxento Samitier nos sucesos da revolución galega de 1846 que rematou cos Mártires de Carral.

En Betanzos confluían tres rotas de peregrinación xacobeá e existiron ao longo do tempo varios establecementos hospitalarios ou de acollida. O Camiño do Norte ou Inglés, dende Ribadeo por Vilalba, era percorrido por moitos pasando polo célebre santuario dos Remedios para entrar en Betanzos. O mesmo ocorría co procedente dos portos de Ferrol, O Seixo e Mugardos. Tamén por mar, dende o porto de Fontán, outra rota pasaba por Betanzos. Dende aquí, continuando por terras abegondesas chegaba a Bruma, xunguándose en Cabeza do Lobo á que procedía da Coruña continuando a Compostela.

Ao pé do vello castro de Untia xúntanse o Mendo e o Mandeo que cinguen a vila nun húmido abrazo dándolle a forma de península, máis marcada co antigo curso antes dos recheos para o ferrocarril. O Mandeo é o eixe fluvial da comarca. O río do “longo repouso epilodal das Xunqueiras”, que dicía Otero, até formar a ría, hoxe cegada polo proceso secular de colma-



Ría de Betanzos

taxe, que daba vida e movemento ao antigo peirao betanceiro. Río arriba, mellor en preamar, pódese facer un fermoso e breve paseo até Os Caneiros, a onde chegan as mareas e con elas a famosa xira fluvial agosteña cantada por Novoneyra, na que “comemos e bebemos pra ledicia”. E se hai forzas pódese continuar até o couro de Chelo (propicio ao reo e o salmón) ao pé da Espenuca, outeiro mítico e privilexiado. Aínda os intrépidos poden continuar beirando o Mandeo por paisaxes fluviais dificilmente superábeis en encanto e beleza.

Non debe deixar o viaxeiro de probar o viño máis setentrional de Galiza. Viño “pálido e cordial”, segundo Otero Pedrayo, “viño cadete” para Cunqueiro, “lixeiro de beber” na loa de Manuel María. Afroitado e cun punto de acidez e que non chega aos dous díxitos na gradación alcohólica. O vello rito dos ramallos de loureiro á porta indican na tempada a presenza dunha adega tradicional e convidan a entrar e mesmo levar a merenda que será remollada en grata compañía. No século XVI o viño chegou a ser case un monocultivo nestas terras, asolado a finais do XIX por pragas e pestes que levaron á desaparición e substitución das castes orixinais. Tivo que competir co cultivo obrigado do lúpulo na posguerra e agora faino coa paulatina urbanización dos terreos e o abandono da agricultura. Hoxe o viño de Betanzos vive unha etapa de esperanza, de recuperación de vellas castas e de adap-



O Pazo de Quiroga atópase na parroquia de Mabegondo, no Concello de Abegondo

tación a novos procesos tecnolóxicos, coa urbanización crecente a ameazar vellos viñedos.

Todos os itinerarios mariñáns parten de Betanzos ou levan a el. Camiño de Sada o viaxeiro beirea a xunqueira (hoxe cruzada pola autopista) onde se asenta o pazo de Mariñán, bicado pola humidade do Mandeo final. Ampliado en instalacións e con usos institucionais nos nosos días, foi nos tempos do esplendor barroco unha suntuosa residencia de señorío vencellada aos descendentes de Gómez Pérez das Mariñas e logo á familia de Oca. Mariñán, velaí o topónimo ou xentilicio a lembrarnos que estamos nesta bisbarra ou pequeno país das Mariñas. A pouca distancia érguese a airosa Ponte do Pedrido a comunicar as dúas ribeiras, antano Barca de Pasaxe e hoxe acompañada pola nova ponte ou viaducto da autopista. Son as terras de Bergondo, con castros dominadores de horizontes, como o de Reboredo, Bergondiño ou o outeiro de Babío. Na mitoloxía e nas lendas lémbrese o pazo do Rei Brigo e o topónimo Lubre fala de bosque celta. A igrexa do mosteiro de Bergondo, o Convento, onde pasou a noite o Padre Sarmiento, merece unha visita pola perfección da súa triple ábsida románica. Por Moruxo, onde viviu e morreu a poeta ourensá Filomena Dato, e Ouces, lugar de veraneo e última morada do malogrado Xohán Vicente Viqueira, a onda salgada faise presente e vén bicar as áreas de

Gandarío. Son xa terras cantadas e contadas polo bo patrucio Manuel Lugrís Freire que celebramos nas Letras deste ano. Un Lugrís que, levado da súa querencia localista, reducía aínda esta bisbarra a As Mariñas de Sada, alí onde o seu berce abalou. A "bela e ridente vila", no dicir de Lugrís, trocou o antigo carácter mariñeiro polo dunha vila moderna e máis impersoal. Da Sada pintada por Llorens pouco fica. Desapareceu o tranvía que a unía á Coruña mais conserva o edificio modernista da Terraza que viñera trasladado da cidade herculina para ser lambido pola marea nas preamares, hoxe ben afastadas polo recheo e paseo marítimo, como café e restaurante de moda. Con todo, paga a pena parar a refrescar neste edificio de madeira, ferro e cristal e ollar a luz mariñá a través dos seus coloreados vidros ou gozar das sesións de jazz nas cálidas noites de verán. Un pouco máis adiante está Fontán, antigo portíño con carácter, hoxe practicamente integrado en Sada. Nel estivo un dos dous castelos que campan no escudo da vila. O outro na outra punta da enseada, Corbeiroa, onde estivo tamén a famosa fábrica de lenzos do flamengo Adrián de Roo.

Pola outra banda da ría, o camiño lévanos por Souto e San Pantaleón das Viñas, hortas vizosas, con xunqueiras na ribeira. Estréitase na Pasaxe do Pedrido, cos castros de Montecelo e Fiobre enfrontados. Estamos xa na foz do Mandeo coa pun-

ta da Xurela, de fecundos bancos de ameixa e, no pasado, de ostra. Pola Ponte do Porco, unha das pontes andradinas que lembra a fermosa lenda de Roxín Roxal, o Lambre vai preguiçeiro á ría formando un amplo esteiro. Veñen logo os areais de Miño, o da Ribeira e a Praia Grande, onde (caso único) fixeron desembocar a autopista, e continúaase cara ás terras eumesas e ferroláns.

Saíndo pola estrada de Castela, continuamos vende viñedos até chegar ao lugar de Queirís, onde unha serpeante pista descende ao coto de Chelo, engaiolante entorno fluvial no Mandeo aos pés da Espenuca, até onde sube o reo e o salmón. Pouco despois vén a que ascende até A Espenuca, máxico outeiro e antano obrigado miradoiro mariñán hoxe cegado polos eucaliptos. Vén logo Coirós, mínima capital municipal; un pouco desviado Lesa, un caso raro de gótico rural; Ois e as dúas parroquias: a de Santiago, coas cruces antefixas no cumio que recolle Castelao no seu monumental traballo *As cruces de pedra na Galiza*, e a de Santa María coa lembranza de Frei Pedro Mazás, santo nunca canonizado ao que os mariñáns dedican grandes romarías. Por Ois o terreo faise máis chan, tomándose un respiro para rubir a famosa Costa do Sal (lugar a lembrar neste ano da memoria histórica republicana como escenario de numerosos paseos) onde remata, ou comeza, a bisbarra das Mariñas. Antes, á dereita, unha pista leva até Fervenzas, onde podemos ver un dos cruceiros máis antigos de Galiza. Entre os concellos de Coirós e Oza, é moi interesante morfoloxicamente e tamén polos restos prehistóricos, o monte do Gato, que forma unha falla ou fractura no terreo na súa caída cara ás terras mariñás.

Se tomamos a dirección de Santiago ascendemos á Infesta, estación do ferrocarril que ficou ao lonxe, no alto sobre Betanzos. O lugar segue a ser para os paisanos O Norte, por máis que fiquen máis ben orientado ao



Sur, en lembranza da primitiva Compañía do Norte que explotou a liña férrea. En Guiliade, da parroquia de Piadela, onde fica o que foi pazo do Arcediano de Nendos, unha das meirandes dignidades da igrexa compostelá, cruzamos o Mero. A humilde e medieval ponte Beldoña fica oculta e sóldoso a uns metros. Subindo por Mabegondo deixamos á esquerda os amplos campos do Centro de Investigacións Agrarias e axiña avistamos as torres de Quiroga, aquel xeneral que se ergueu con Riego contra o absolutismo de Fernando VII. En Abegondo, á beira mesmo da estrada, temos o célebre Cruceiro Bonito, de 1787, un dos máis interesantes do país con peto de ánimas incorporado, con abundantes figuras e latíns, que aquel alcalde franquista da Coruña, Molina, pretendeu trasladar sen éxito á capital. Un pouco desviada, a torre dos Figueroa lembra a vella liñaxe mariñá asociada á lenda de mouros. A estrada, vixiada polo Castro Maior que ordena os vales abegondeses, ascende bruscamente por Montouto abandonando As Mariñas.

Deixando Betanzos pola ponte das Cascas, onde os García Naveira contribuíron á hixiene betanceira co seu lavadoiro ao pé do Mendo, se collemos a estrada de Curtis, deixamos á esquerda o pintoresco lugar de Roibeira, coa súa ponte medieval espallándose no río e os muíños hoxe cos rodicios en paro, e a sucesión de lugariños á beira do río que ben merece un paseo, aínda que sexa para



beber na famosa fonte de Píacha. En Porzomillos, ou “O Vinte” en lembranza da feira que foi, á beira da fraga do Rei hai un desvío cara a Cines ou Cis, cunha magnífica igrexa mosteiral e un tímpano co tema da Adoración dos Reis Magos. O mosteiro foi rector de vidas e facendas de boa parte das Mariñas. Hoxe parte das dependencias do convento ou rectoral están dedicadas ao turismo rural. A carón de Cis, a modesta igrexa de Cuiña alberga unhas moi interesantes pinturas murais descubertas por 1970. Son estas terras de Oza dos Ríos, que tomou apelido para diferenciarse do concello de Oza, anexionado logo polo da Coruña. Oza ten unha fermosa igrexa románica e o lugar de Paio lembra a familia Golpe, da que os irmáns Xoán e Salvador foron destacados persoeiros do agrarismo e do rexionalismo galego e poeta o segundo. Na veciña parroquia de Salto viviu e morreu o célebre gaiteiro Rilo, símbolo da enxebreza e temíbel rival do Ventosela sendo xa vello e este aínda novo. De Oza sáese para as terras de accidentado relevo de Cesuras. Aquí e nas terras altas de Oza, por Bandoxa e Rodeiro, afastámonos xa das Mariñas para entrar na planicie de Curtis, que os betanceiros vellos denominaban A Montaña.

Situados de novo en Betanzos e cruzada a Ponte Vella (á súa beira reflexiona gravemente o busto de Antolín Faraldo sobre a frustrada revolución que rematou coa traxedia de

Carral), ascende, beireando o Mandeo, a estrada cara a Paderne, concello que comeza a pouca distancia do barrio do Mandeo. A primeira parroquia é a de Obre, topónimo mínimo que lembra os múltiples rematados en “-bre” que se dan no arco ártabro. Veñen logo Paderne, Vilamourel un pouco apartado e Adragonte. Á esquerda queda Ambroa, con lembranzas do trobador medieval, e o lugaríño de Lambre, beira do río do mesmo nome, con ecos da Lámbrica que algúns sitúan aquí; tamén A Viña, con feira sonada no pasado. O camiño ascende até San Antón, un dos grandes outeiros mariñáns, con capela dedicada a San Cosme e sombría área de lecer. Estamos no concello de Irixoa e un pouco máis adiante é o lugar do Pazo, capitalidade do concello. Dende aquí, unha estrada transversal lévanos cara a Aranga, con célebre romaría pola Santa Cruz de maio e fonte milagreira ao pé do río, e Monte Salgueiro ao encontro do Mandeo, que sofre na Castellana o primeiro encaixe. Cabe desviarse un pouco a Churío, con interesantes restos na igrexa e no adro. Tamén, en dirección oposta, queda próximo o mosteiro de Monfero, de orixinal fachada axedrezada a mesturar xisto e granito, que na súa ruína aínda nos fala das grandezas pretéritas. Fican atrás As Mariñas e a paisaxe comeza a cambiar, tornándose máis áspera e espida cara ás terras de Monfero e, moi especialmente, cara a Serra da Loba ■



Rodolfo Prada entregando a Castelao o primeiro exemplar do "Sempre en Galiza" diante dun busto de Bóveda

dosior

Carta de Castelao a Rodolfo Prada

Un documento excepcional de Castelao (1947)

María Pilar García Negro

Castelao a Rodolfo Prada. Treito da carta do 10 de abril de 1947

Un documento excepcional de Castelao (1947)

María Pilar García Negro

Leitora-leitor: Tes ao teu dispor, a seguir, o coñecemento dun documento excepcional. Esta longa carta de Castelao a Rodolfo Prada é, decerto, un auténtico ensaio explicativo das vicisitudes por que atravesou a tramitación do Estatuto Galego de 1936; o papel das diferentes forzas políticas perante a mesma; o boicote do PSOE; a defección dos prietistas a respecto da legalidade republicana e o seu contubernio cos monárquicos; o incríbel e indigno papel xogado polos galeguistas do interior verbo do Consello de Galiza, do rol de Castelao como ministro no goberno Giral e, aínda, do desprezo da súa propia persoa como político nacionalista galego.

Orgullámonos, na Fundación Baustista Álvarez de Estudos Nacionalistas, de podermos ofrecer, neste número de Terra e Tempo, testemuño tamaño, que vén confirmar de primeira man e por voz autorizada hipóteses e valoracións sobre este tempo histórico por algúns cualificadas de hiperbólicas ou de sectarias. Aledámonos de que, en ben da verdade histórica, se resitúen feitos, persoas e partidos. Resulta irónico, por dicérmolo eufemisticamente, que, no presente, un partido como o PSOE se er-

ga en valedor máximo –hoxe e sempre– do Estatuto, unha especie de pai putativo indiscutíbel, cando o seu papel histórico foi ben outro, como xa Castelao se ocupara de esclarecer nas páxinas de Sempre en Galiza. Relato, o desta obra, dos avatares apuradísimos con que o autor consegue "resucitar" o texto plebiscitado no 28 de Xuño de 1936 e, malia todos os boicotes, facerlle tomar estado parlamentar na sesión de Cortes de Montserrat, de Febreiro de 1937. Este documento, en forma epistolar, corrobora e amplía aquela información.

Canto a un extremo da carta máis confisional –e máis doloroso–, permítasenos referir unha anécdota persoal. Cando, hai vinte e cinco anos, en 1982, lemos o magnífico libro de Valentín Paz Andrade, Castelao na luz e na sombra, e chegamos ao capítulo que el titulou "As feridas que máis doen", non podemos conter as bágoas, por máis que o biógrafo de Castelao só reproducise algúns anacos mínimos desta carta. Líamos e relíamos unha e outra vez: "... esto de que os galeguistas se convirten en interruptores d-unha laboura que eu dirixin e que xa empeza a dar bós froitos, eso non era concebible". Eran, con efecto, as feridas que máis doían para quen entregou e fixo valer toda a súa vida adulta ao servizo da causa da nación galega e da súa dignificación, sen mimetismos, sen complexos, e, aínda por riba, tendo que se defender dos seus antigos correligionarios que xa daquela desertaran de calquer pretensión de restauraren ou manter en vivo o remol do nacionalismo galego.

Local do BNG, mostra da necesaria conciliación entre xestión e ideoloxía



Deseño inicial do libro que logo levaría o nome de "Sempre en Galiza"



Intervención no Día da Galiza Mártir diante do busto de Bóveda

Terra e Tempo espera que a publicación deste documento –como a doutros xa editados e editábeis– sirva para situarmos de vez episodios fundamentais da nosa historia contemporánea, na liña de servizo a ese coñecemento da historia nacional que define e guía a existencia desta revista desde o seu nacemento e para disiparmos de vez, tamén, supersticións, supercherías e, mesmo, complexos de inferioridade como os que Castelao denunciaba ■



CASTELAO a Rodolfo Prada.

Treito da carta do 10 de abril de 1947

“... E agora vexo que vostede é o único que sabe e pode intervir cos irmáns do interior, vítimas de varios complexos perigosos. En fin; eu fico enterado de todo canto vostede me comunica e prégoles que ao chegar á nosa Terra, deixe aclarado o malentendido que se produxo. Espero que esta carta lle leve elementos dabondo para dilucidar as diferencias producidas. Vostede dispoñe absolutamente da miña confianza e todo canto vostede decida –que pode decidir– eu tereino como artigo de fé. Xa sabe, meu querido Prada, que eu non son o que pensan os do interior: un home engreído, terco, que sóo está disposto a servir o que a él se lle ocorre e que non sabe desentranar as verdades que latexan no ambiente político xeral. Eu ben sabía que, de chegar a ser o que Bóveda quería, (por él abraçei a idea de poñerme ao fronte), sería apedreado, pero non sen antes deixar a Galiza en marcha. As pedras xa chegaron a min, antes de tempo, i eso é o que me doi máis (non que me apedreen, senón que se armen de pedras cando aínda empezo a ver o fin da miña misión). Deixei de realizar a miña obra artística e literaria, entregándome á política, sóo pol-o ben da nosa Terra, pois eu máis nome conqueriría evitando enemistades. Todo, todo, estou disposto a facer; pero esto de que os galeguistas se convirten en interruptores dunha laboura que eu dirixin e que xa empeza a dar bós froitos, eso non era concebible. Pois ben; vostede ten de realizar un bó servizo ao meu favor, na seguridade de que eu non-o aproveitarei con egoísmo. Declárolle que estou disposto a non volver a Galiza e a morrer en Bos Aires, na Terra en que me vin mellor comprendido polos galegos; pero dóime que os irmáns do interior se deixen levar polos complexos da súa situación, incurrido en inxusticias e trabucamentos que van dirixidos, en verdade, a todos cantos non están alá, sufrindo como eles sofren. Empecemos, pois, a relación de certos feitos, que voste-




Delegación de Deputados Republicanos nas Cortes de México, vemos no centro sentado con chaqueta clara, ao deputado galeguista Antonio Alonso Ríos

de debe coñecer, mesturados con comentarios, tal como vaian saíndo. Xa sabe cómo é Antón¹ e o susceptible que se sente por veces; pero esta carta non podía ir a él, senón a vostede, como irmán que vai ir alá... de modo que, sendo necesario ou comenente, pode facer uso do que lle diga n-esta carta, advertindo que vai dirixida ao “delegado especial” en viaxe... Xa sabe vostede, meu querido Prada, como ten un que andar templando gaitas... Pero eu asegúrolle, e xúrollo, que nunca manterá un segredo para vostede e que, de falar en vez de escribir, diríalle cousas que ninguén máis que vostede e máis eu saberían. Empezemos, pois.

Mandeille copia do meu informe sobor da crisis do Goberno Giral, pola que se decatarián ahí da importancia ou atrevimento que tivo a miña aitude, acertada ou trabucada, que eso aínda está por ver. Creo que non podía tomar outra, sabendo que de trunfaren os conxurados sería espul-


sada Galiza do Goberno, antramentras que trunfando a política da continuidade institucional, como propuxen e como debeu ser, Galiza consolidaría o seu posto de honor. Os esquerdistas de Hespaña non saben o valor que ten a continuidade dunha política calquera e, pol-o tanto, a que tería unha continuidade da política iniciada pol-o primeiro Goberno da República en eisilio; e por eso prefiren andar dando bandazos, como borrachos, desacreditándose ante as grandes potencias, que non son grandes por teren unha política inflexible, senón continua e conscente, sería e sentida, por riba do egoísmo partidista. Como republicán defendín a continuidade do Goberno avalado pol-as Cortes en México, para persistir na política plantexada ante as Nacións Unidas, que na derradeira Asamblea Xeral empezaron a estimala, e non me arrepiño do que fixen, anque de momento saíramos perxudicados. Como galego atopei-



me desasistido de todol-os demáis elementos republicáns, n-este ambiente de vergoñenta claudicación, infiltrada dende o interior de Hespaña a través dos Pirineus, e non se me ocureu mellor cousa que recoller do chan a bandeira da República, facéndoa miña. No meu informe amóstrome parco ao enxuiciar o comportamento dos vascos, porque sei que non podían romper cos socialistas de Prieto² —e menos para faceren causa común cos galegos— sen que ao mesmo tempo non rompesen a unidade artificial dos partidos vascos, que lograron manter dentro e fora do seu país e sobor da que se sostén o Goberno Aguirre. Non hai dúbida de que unha aitude enérxica dos vascos e cataláns evitaría o desprezo de que foi obxeto Galiza; pero eu sabía que os cataláns non-o farían e que os vascos non-o podían facer (os vascos non-o podían facer en canto para elo someteran o asunto a unha decisión dos seus diversos partidos). Os vas-

cos manteñen indebidamente unha Minoría Parlamentaria, pois non conservan máis que catro ou cinco Diputados a Cortes, cando se necesitan dez, e manteñen esta ficción pol-o feito de que ninguén pideu o reconto dos membros que Euzcadí ten no Congreso (eu son presidente d-un Grupo Parlamentario que ten tantos Diputados como eles e non temos dereito a estar representados no Goberno en virtude da nosa forza parlamentaria...) Jáuregui³ é o encargado de maniobrar con toda caste de concesións para que se lles deixe falar en nome d-unha Minoría desaparecida. Pero, aparte d-esta irregularidade e outras pol-o estilo, eisten causas de tipo moi material, que os obrigan a rebaixar as vellas intransixencias nacionalistas. Os Gobernos autónomos veñen cobrando dos fondos da República 50.000 pesos mexicanos cada mes, ou sexa 300.000 cada un d-eles ao ano, para sosterse como institucións da República e se eu non pod

decir que o Goberno vasco xa esgotara o seu tesouro e xa teñen necesidade de axudas, podo afirmar, en troques, que o Goberno catalán somentes vive d-eso, por eso e cicáis para eso. Esta custión quero aclararlla a vostede, para que d-ela faga o uso que sexa necesario. Cando Barcia⁴ propuxo a redución de todol-os gastos e o pago en francos franceses ao troque oficial, non se lle tocou aos emolumentos que cobraban os Gobernos autónomos; pero abondou que se lles intentase pagar na moeda do país para que se alporizaran con toda caste de armas. Nas vísperas da xuntanza derradeira da ONU, cando Giral⁵ se dispoñía a sair para Nova York, Irujo⁶ dirixeuulle unha carta na que o ameazaba coa retirada da representación vasca se non se lles seguía abonando o “anticipo” en pesos mexicanos (así eles seguirían negociando no marché noir). Os vascos, en privado, decían aituaren así en beneficio dos cataláns, pois a eles, real-



mente, sóio lles preocupaba o asunto como demostración simbólica de respecto ao seu Goberno; pero eu sospeito que os fondos de que dispoñían deben estar esgotados ou dando as boqueadas, como están os da República, e fúndome no intré que Irujo tiña en que Barcia iniciara as negociacións d-un empréstito, queréndome complicar a min n-ese asunto, ao que me neguei por razóns político-moraes. Nótase que os vascos van enchufándose fora da súa caixa de recursos e xa non gastan como gastaban. Alá están todos en San Juan de Luz, envenenándose coa política que lles infunde o Lendakari. O mesmo día en que o asunto do "anticipo reintegrable" se fa plantexar en Consello de ministros, fun invitado a comer con Aguirre⁷, Pi i Sunyer⁸ e Irujo, e os tres pregáronme que interviñese ao seu favor, pois o asunto era de importancia vital para o Goberno catalán. Eles viñan traballando sobor Giral e Barcia, e o mesmo Aguirre e Irla visi-

Folleto editado pola Irmandade Galega de Arxentina dun acto no que interviu Castelao. Como se pode ver pola propia disposición do acto trátase de visualizar a existencia de catro realidades nacionais no Estado español

taban ao Ministro de Facenda; pero a min non me dixeron nada até derradeira hora. Eu non me comprometín a nada concreto, asegurando que faría o que poidese. Intervín no Consello moi brevemente. Velahí o que dixen: "No hay para qué ocultar la solidaridad política que mantenemos los gallegos con los vascos y catalanes, es decir, la solidaridad de un país que ha ganado su derecho a la autonomía con los dos países que ya tienen su derecho consagrado y disponen de Gobiernos propios; pero el motivo que se discute no afecta a la solidaridad política, a los ideales que nos son comunes, puesto que se trata de una cuestión material, crematística, enteramente ajena al interés gallego.

Pero me parece justo advertir que no se halla presente el Ministro que representa a Cataluña –una de las dos partes interesadas- y que el acuerdo que se tome sea a reserva de lo que el Ministro Sr. Santaló⁹ opine y de las razones que aduzca, puesto que llegará a París antes de aprobarse el presupuesto. En cuanto a la proposición formulada por el Sr. Sanchez Guerra¹⁰ (éste pedira que oficialmente, e pol-o tanto no presuposto, non se falara da Generalidad nin de Euzkadi, senón simplemente, do Goberno autónomo tal ou cual) debo declarar que no se me alcanza la intención que lo movió a formularla; y esta, sí, que es cosa que me afecta como gallego autonomista, pues si bien es

Non é que os monárquicos eclipsasen aos republicáns; é que os republicáns consintan que a Monarquía se poña diante da República, facéndose así gratos aos desinios anglosaxóns.

cierto que al hablar en general se puede decir “Gobiernos autónomos”, cuando se habla en particular es preciso darle a cada institución su verdadero nombre; en este caso el nombre con que oficialmente se bautizó. El Gobierno catalán se llama “Generalidad de Catalunya”, nombre tradicional consagrado en su Estatuto, el vasco se llama “Gobierno de Euzcadi” y mañana el gallego se llamará “Junta General de Galicia”. Y por lo tanto me opongo a la proposición del Sr. Sanchez Guera”. Prevaleceu o meu criterio prestándolle un servizo aos cataláns e creo que aos vascos tamén. Pero aínda hai máis; á saída do Consello tiven ocasión de falar con Giral, que me trouxo no seu coche ao Hotel, e díxenlle que a min non me preocupaba a situación económica dos vascos, pero que o Goberno catalán podería sufrir un desastre si se vise obrigado a restrinxir os seus gastos, pol-o que opinaba que podería dársele aos Gobernos autónomos unha metade en pesos mexicanos. Giral mostrouse propicio a este arranxo e deseguida funllo comunicar a Irujo... Creo, pois, que non deixei de prestarlle un bó servizo aos cataláns e creo que tamén aos vascos; pero é o certo que ninguén me dou as gracias. Os cataláns non saben que eu eisisto. Carlos Pi i Sunyer faloume tres veces; Tarradellas¹¹, unha; a Irla¹² fun presentado por Lasarte¹³ na Delegación Vasca e troquei con él tres verbas. Eso é todo. Conste que fun máis de cinco veces ao Hotel en que para Irla e deixei tarxeta. Por fin baixei das miñas pretensións ao extremo de visitar a Tarradellas por tres veces, sen que en ningunha pudesese velo; pero éste veu a verme a min unha vez e con esto acabouse o meu trato cos cataláns... Os vascos portáronse mal cando cheguei; pero dispois déronme mostras de grande amizade e Irujo sigue sendo para min un bó amigo. Pol-o informe da crisis vería vostede cómo se portaron os vascos, xa que os cataláns nin tansiquera intentaron cobrir as formas. Dende logo o informe de

Lasarte é tendencioso e innobre (vostede interpretouno perfectamente). Pero eu necesito de Irujo para manobrar en defensa do noso Estatuto, como verá máis adiante; e por consiguiente, non convén que ahí se troncen as relacións que viñamos sostenendo con vascos e cataláns dentro de... Galeuzca. Ao informe e carta remitidas a Alonso (estaba escrito en borrador antes do día 15 de marzo e non poden pasalo a máquina por causa da miña enfermidade gripal, que me tivo bastantes días no leito) xa se lle poden engadir algúns comentarios máis. Llopis ten varias caras e fala según lle convén: unhas veces en republicán e outras en... non sei se decir monárquico. O caso é que dispois do novo golpe de estado que dou Franco o día 31 do pasado mes, hoxe é a hora en que o Sr. Llopis non fixo outra cousa máis que moquearse do Caudillo, deixando que somentes Don Juan¹⁴ fale en serio. Este titiriteiro xa estivo en Londres (Serra Moret¹⁵, que é outro titiriteiro, saíu de París uns días antes para prepararlle as entrevistas) e anda decindo que él coidaba manter un monólogo cos seus correligionarios ingleses, pero que se produxeran diálogos... N-efeito; houbo diálogos desagradables para él, e todo por que anda cerdeando –por queando, sería mellor-, sen decidirse a servir os desinios antirepublicáns con que foi derrubado Giral. Os socialistas anglo-franceses danlle pé a Llopis¹⁶ para xogar aos equívocos. Dí Blum¹⁷ que a nova constitución do estado Hespáñol inventada por Franco, somentes merece un alzamento de hombreiros ou unha gargallada, e Llopis ceiba gargalladas, deixando que as grandes potencias ergan os hombreiros, como se en Hespaña non houbera ocorrido algo que ben valía a pena de ser tomado en serio. Aínda non se axuntou o Goberno Llopis para eisaminar o caso e redaitar unha nota dirixida ás Nacións que integran a ONU, poñendo a República por diante de todo. Hai como unha consiña para que Don Juan sexa o

que fale n-esta ocasión, cicáis decisiva, poñéndose diante dos republicáns e tapándoos. Eiquí unha radio emisora en castelán, para Hespaña, repite o ardil da BBC de Londres; esto é, atacando a Franco, relatando de miúdo canto fan os monárquicos e prescindindo, en absoluto, dos republicáns, como si éstos non eisistiran. Chegarán a darse por ineisistentes, de continuar o silencio do Goberno Llopis. A min dame mágoa que agora non estea Giral ao fronte do Goberno, pois este sería o mellor intre que se lle podería presentar para encararse coas Nacións Unidas e decirlles o que ven ao caso. Vostede non ten idea do apouvigamento que sofren os eisilados da Franza, todos convencidos de que non hai máis solución que a monarquía. Agora temos eiquí un novo Ministro sindicalista, o Sr. Montoliu, chegado do interior, que ocupa a carteira de propaganda e que anda decíndolle aos periódicos franceses que o proieito da lei de sucesión dado por Franco é cousa que nos convén, porque provocará a unión dos republicáns cos monárquicos. A consiña socialista é que debemos unirnos todol-os hespañoes para derribar a Franco: “Lo primero es derribar a Franco”, “Lo esencial es la Democracia”, “España será lo que el pueblo quiera”, “Servir los mandatos del interior”, etc. Todo menos impoñer a República como cousa primeira. Non é que os monárquicos eclipsasen aos republicáns; é que os republicáns consintan que a Monarquía se poña diante da República, facéndose así gratos aos desinios anglosaxóns. Cicáis os socialistas abriguen a esperanza de gobernaren dentro da monarquía constitucional, como en Inglaterra... E a todo isto, os republicáns específicos, os liberaes, que nada poden esperar do réxime monárquico, déixanse levar pol-a corrente socialista e desexan calisquera réxime con tal de que sexa democrático... Os socialistas, que en 1934 armaron unha revolución por non acataren o trunfo democrático das dereitas, son

agora os que propuñan a unión cos monárquicos. Foran eles leales e capaces de acataren o resultado d-un plebiscito, pero nin eso. Wenceslao Carrillo¹⁸ acaba de decir que non están dispostos a deixarse arrebatado o predominio que en Hespaña lle corresponde aos socialistas. O Segretario Xeral dos sindicalistas díxome a min; como demostración do seu republicanismo, que están dispostos a andaren a tiros cos monárquicos ao día seguinte de implantarse en Hespaña unha Monarquía, e díxome esto despois de declararse partidario do plebiscito. Eu pergunteille porqué non andan a tiros cos falanxistas e pronostiqueille que de gañaren os monárquicos terían que viviren tan sometidos como agora. En fin; aquilo sería un inferno se non se atopa unha solución democrática e republicán, tal como a que propoñíamos nós; pero en todo se pensa menos en estruturar un novo Estado que responda ás realidades permanentes de Hespaña. Perdóeme esas divagacións... Hai un asunto que a min me preocupa e que vai tomando mal cariz. O Goberno necesita o aval das Cortes para ser verdadeiramente lexítimo, pois, pol-o d-agora, non ten outra base legal que o mandato recibido do Presidente da República. Vostede sabe que Don Augusto Barcia e máis eu quedamos en Franza para asistir á xuntanza das Cortes, a pedido de Don Diego¹⁹. Éste asegurounos que as Cortes se reunirían no mes de maio, pero eso é imposible. Eiquí ninguén se preocupa d-eso –nin o Goberno nin os parlamentarios–, porque, pol-o visto, se consumirían os poucos fondos de que dispoñen as institucións gubernamentais; pero a verdadeira razón é outra ou outras. Don Diego teme que as Cortes decidan suicidarse e acabar con todol-os artificios legalistas; o Goberno teme non ser avalado ou que sáia mallado e sen vida; os Gobernos autónomos temen que se agoten axiña os fondos comúns (os cataláns xa manifestaron en letras de molde a súa oposición á xuntanza das



Deputados Republicanos no exilio reunidos nas Cortes de México nas que Castelao deu a batalla para a tramitación do Estatuto e o recoñecemento de Galiza ao mesmo nivel que Euskadi e Cataluña

Cortes, decindo que non é necesaria); as persoas que compoñen a Mesa, a Diputación permanente e a comisión de Goberno interior das Cortes, que cobran 40.000 pesos mexicanos en cada mes e que non se lles pudo rebaxar os emolumentos nin pagarlles en francos, porque estas persoas son soberanas, temen ver acabada a súa lucrativa e cómoda función; etc. Eu quixera que houbera Cortes, porque quería deixar ben marcado no Diario de Sesións o dereito de Galiza e as vicisitudes do seu Estatuto; pero coido que terei que embarcarme para esa sen sacarme a espiña que levo cravada. E, de non levarse a cabo esa xuntanza, cábelles a Don Diego unha responsabilidade por todo canto poida facer ou non facer o Goberno Llopis, pois sóio e existe pol-a súa vontade. En fin; paréceme que xa falei d-abondo d-este asunto. O que lle prego é que vostede se coide de facer chegar aos irmáns do interior a copia do meu informe e, se lle parece ben, algo do que n-esta carta lle digo a vostede. Vostede, como membro do Partido, pode buscar unha vía segura para comunicarnos cos d-alá, cicais a mesma que eu abri e que xa non sei si e existe.

Falamos do comportamento dos vascos e cataláns, e non sería xusto que non comentara eu o comportamento dos galegos eisilados en Franza. A min non viñeron máis que os necesitados de axuda, que eu lle prestei con todo agarimo, sen que un soio dos que petaron na miña porta saíra sen levar o que necesitaba. Lis-

ter visitoume tres veces e sempre coa mesma tocata: “unidade dos galegos en todo o mundo, baixo a dirección do Bloque Nazional Republicán Galego”. Eu defendínme hábilmente e con razóns tan claras que sempre ficamos moi amigos. Ese Bloque non e existe. Ten de Presidente a Portela²⁰, de conselleiros aos tres Diputados e outros persoaxes, e de Segretarios a varios moixantes, entre eles Plá²¹. O seu Centro eiquí é o do Part. Com., sen que endexamáis dea mostras de nada. Non e existe. Os galegos están ben, porque a maoría son mozos e na Franza hai traballo remunerado para todos cantos queiran traballar. Non é verdade o que se conta da miseria en Franza; a miseria, o terror e demáis calamidades pasáronse durante a domiñación e a guerra. Non hai pois, que facer caso aos contos e abonda con atender ás persoas que realmente o necesitan, pois outra cousa é pura maniobra partidista. Os irmáns de Nova York axuntaron 500 dolares para axudaren aos galegos necesitados e, a forza de perguntar, somentes sei de dous eisilados que necesitan axuda: un vello e un manco. Debe haber máis; pero eu non me dirixo ao Bloque porque este pediría os cartos para gastalos en algún periódico liorteiro. Non quixen encarregarme do asunto nin aconsellei que tal cantidade se poña en mans de Trifón²² para seguir facendo política socialista... Xa sabe vostede que do leite condensado que mandaron de Bos Aires ao Ministerio de Emigración somentes os

Todos eles están envanecidos pol-a door que pasaron durante a guerra, e para eles eu son un “americano” que veu a Franza para ser Ministro e chupar do Presuposto...

socialistas o beberon (esto demostrillo documentalmentemente á Federación, sen facer comentarios, pois daquela aínda era Ministro). Sigamos... Coñece vostede a miña correspondencia con Portela e como éste se adhireu ao Consello; coñece, asimismo, a correspondencia que mantiven con Risco²³ e as mostras de complacencia que éste manifestou a prol do Consello. Pois ben; eu escribinlle a Portela ao sair de Bos Aires, pregándolle que me axudase co seu sabio consello para mellor cumprir eu a miña xestión ministerial; volvinlle a escribir dende Dakar, anunciándolle a nosa arribada a Marsella, e, insistindo nas afirmacións do meu respecto e cariño, pedíalle que me asistise coa súa experiencia e sabiduría. Escribinlle a Risco con frases garimosas e comunicándolle o pracer con que o vería. Pero un e outro, que denantes me escribían a Bos Aires (Portela quería que lle editásemos un libro e Risco quería dar unha volta por América antes de entrar en Hespaña), non querían trato conmigo. Portela mandoulle un emisario a Barcia –un masón asturián-, cando desembarcamos en Marsella, e a min díxome que Portela estaba en Bandol e que tería moito gusto en que fose por alá... Nada lle digo de Casares, porque éste non tiña ningunha obriga contraída comigo. Resultou que Portela endexamáis se dou por enterado da miña chegada a Franza e Risco, que vive en París, fixo algo peor. A miña muller non comprendía cómo Risco e a súa dona se mantiñan en silencio aos tres meses de estar nós aquí, e, sabendo que Fernandita (así se chama a muller de Risco) non estaba ben de saúde, quixo darlle unha sorpresa e presentóuselle na súa casa. Recibírona con moito contentamento e Risco manifestoulle sentir tal aborrecimento pol-a política que non viña a verme porque eu era Ministro; pero mandoume por ela un forte abrazo. Ao día seguinte aparece a firma de Risco n-un manifesto político e sigo sin ver a Risco a pesares



Revista Nazi en Español. Basta botarlle unha ollada as súas páxinas para demostrar os vencellos do réxime franquista co nazismo derrotado en Europa. Mais co tempo as chamadas “potencias occidentais” tratarán de mirar para outro lado

de que xa non son Ministro. Coido que Portela levou a mal que fose eu, e non él, o representante de Galiza, e coido que Risco non veu a verme porque é incapaz de disimular a envexa. Seipa vostede que Risco estivo vivindo sempre a costa de Negrín²⁴ e que Portela era negrinista por puro egoísmo, como Casares²⁵. Todos eles están envanecidos pol-a door que pasaron durante a guerra, e para eles eu son un “americano” que veu a Franza para ser Ministro e chupar do Presuposto... O caso é que Portela recobrou as aicións das minas do Rif, que importan moitos millóns, que lle foron entregadas por Negrín, e despois de telas nas mans empezou a sentirse independente e hoxe xa non fala de recobrar a República a tiros, senón pol-a unión de todol-os hespañoes. En canto a Plá compre que me estenda un pouco máis, porque éste era o HOME estimado pol-o comité Executivo do Partido Galeguista. Éste pleiteante era, según os dous derradeiros

informes do Partido, un Delegado especialísimo seu, que compría estritamente as consiñas que se lle daban dende o interior e co que eu debía emparellarme para dirixir dende Franza o movemento galeguista do exterior e disciplinalo para unha obediencia ríxida, amén de recadar fondos para o sosteñimento e auxe do Partido. Eu recibín o informe derradeiro aos tres meses de chegar a París –o anterior recibírao en Bos Aires nas vísperas da miña saída- e Plá non se dirixira a min; pero andaba manobrando con elementos do Bloque para que me pediran contas e vixiaran a miña xestión ministerial... Teño no meu poder unha carta do chamado “Segredariado” do Bloque, que seguramente foi escrita por Plá, na que se pretendía que eu os informase das miñas actividades como Ministro representante de Galiza. Escuso decirlle que a esta carta non respondín, pois sóio desprezo merecía. Por aqueles días foi cando eu respondín

Cheguei a Franza para representar a Galiza no Goberno da República. Os galegos siñificados esperáronme con pedras nas mans, a moita distancia de min, facéndose os xordo-mudos




Exiliados republicanos desfilando polas rúas de París

ao informe do Partido, na forma que coñece vostede e cúa resposta tan mal lles sentou aos mozos do Comité. Pois ben; despois d-un silencio de cinco meses, mantido pol-o extraordinario Plá, recibo unha carta d-éste, chea de insolencias e tolerías, da que vou a sacar algúns treitos: “efeitivamente, nin estaba conforme coa base política do Ministerio galego que se creaba, nin co sistema adoitado para presentar o candidato ministerial, nin co voso nomeamento para rexir dito Ministerio”; “...encomenza unha acción de crítica pra a xestión ministerial e, d-un xeito velado por agora, intentase que no desprestixio d-ésta, sexa envolto o Partido Galeguista e o que é peor o Galeguismo, coido chegado o intre de apelar aos vosos sentimentos galeguistas, a vosa condición de afillado pra desfacer o malentendido creado e defender os intereses do Galeguismo, que están por riba de vostede, do Partido e de min...”; “Penso que poidera ser que vostede matinará que existía na Franza unha Delegación ou outro Orgaismo responsable do Partido, e que estos, de non saber vostede a súas señas ou mesmo sabéndoas, debían porse en contacto con vostede á súa chegada a Franza. Si é eisí, debo manifestarlle

—xa que vexo que a Dirección do partido, non parece, houbo de comunicarllo- que na Franza non eisiteu nin eisiste nin Delegazón, nin Representazón do Partido, nin persoa que ostente, mesmo limitadamente, función que lle autorizasen a dirixirse no seu nome”. Velahí algo que non obraba no meu poder cando lle escribin a Santiago Pol²⁶, pois n-aquel entón eu non contaba máis que co silencio de Plá e as súas liortas. Claro está eu non fixen caso das cartas tardías que me dirixiu o extraordinario Plá; pero en vista de que eu o desprecei, empezou a mandarme escritos e máis escritos, co fin de entablar relación conmigo, i en cada novo enxendro filosófico-político vai baixando a cabeza. Vexa vostede cómo até chegou a morder o Partido, por se así eu picaba o anzolo: “Dende fai tempo a Dirección do Partido non trata de xustificar ante os seus afillados a liña política que serve de eixo á aitividade do Partido no Interior e a compracenza en certas tesis e contaitos non deixan de ser sospeitosos para aqueles que desexáramos ver ao Partido como cabezaleiro diño d-unha democraza galega, republicán, nazonal e resistente...”. Nin así me considerei obrigado e escribirlle; pero entón Plá valeuse

dos vascos —Rezola²⁷ e Lasarte- para solicitar de min unha entrevista, ao que me neguei en redondo. Vexa o que me di en carta recibida onte: “Todo elo é pasado. Si vostede quere. Si agora tiña intrés en ter con vostede unha entrevista e, mesmo, honrarme con unha boa relación con vostede no campo da política, debo indicarlle que a miña entezón estaba —e está- en ir a ela ceibe de toda reserva mental e de calquera outro xénero respecto de vostede”. Pol-os treitos que lle transcribo verá que nin o Comité do Partido tiña razón para impoñerme o emparellamento con Plá, nin eu obrei de lixeiro reaicionando contra unha tan torpe indicación; pero das consiñas que os irmáns do interior me mandaron falaremos máis adiante. O caso foi que eu prometín aos intercesores vascos contestarlle a Plá, aadvertisíndolles que de ningunha maneira erguería a este galeguista até o punto de ficar convertido en persoaxe para que, ao ausentarme eu de Franza, poidera él ter unha representación para tratar con eles politicamente os asuntos que a Galiza lle intresaran. Os vascos, meu querido Prada, querían contar eiquí con un galeguista da catadura de Plá, fácil ao soborno, para seguiren manobrando na política xeral según lles conviñese, pois aínda lles queda moito por facer. En fin; eu escribinlle a Pla, e velahí un treito da miña carta, na que lle digo que él e máis eu nada temos que facer en común: “Cheguei a Franza para representar a Galiza no Goberno da República. Os galegos siñificados esperáronme con pedras nas mans, a moita distancia de min, facéndose os xordo-mudos e desexando verme caído para apedrear-me. Vostede foi un deles. Vostede pasou cinco meses finxindo iñorar a miña eisistencia, e de súpeto decidiu vixiar a miña xestión ministerial... Os galegos da Franza —vostede entre eles- nin se mostraron agradecidos ao Goberno Giral nin se ofreceron ao representante de Galiza, como fixeron os demais galegos do mundo, menos os prietistas de



Convite de José Giral a Castelao. Non parece que se poida acreditar a inimidade entre estes dous políticos na que tanto se ten insistido senón ao contrario, semella que a honestidade de ambos os dous e a lealdade á democracia, facía que se entenderan bastante ben a pesares das diferenzas ideolóxicas

México. Os galegos da Franza tam-pouco reaccionaron ante a inxusta expulsión do representante de Galiza no Goberno Llopis, como fixeron os demais galegos do mundo, menos os prietistas de México. ¿Qué conto, pois, é o que agora me quer contar vostede a min? Agora xa é moi tarde para que eu poida confiar nas boas intencións de vostede. Soio pasei as horas máis ingratas da miña breve misión ministerial e soio quero estar até a miña saída para América. Seguro estou de ter cumprido co meu deber de galego e republicán. Acompañarame no entanto a propia conciencia, que nunca sería insensible ante unha reitificación do proceder de vostedes, pero que xa non fia en sim-

ples promesas". O apartamento de todol-os galegos siñificados da Franza, a súa indiferencia ante o problema de diñidade que plantexaba o ter Galiza un representante no Goberno e ser inxustamente expulsado, perxudicoume moito moralmente, porque dá pé para que os nosos nemigos sigan decindo eiquí o que sempre dixeron: que Galiza non sinte a necesidade da autonomía e que eu non representaba máis que o desexo d-unha minoría insiñificante. Certo é que Llopis recibeu as protestas dos galegos de América; pero eiquí somentes son eu o que protesta... Fágalle ver aos irmáns do interior cómo Franza non pode ser o centro de dirección política do galeguismo e dígalle que

a voz auténtica de Galiza no exilio somentes está en América. O caso dos cataláns e os vascos, n-este caso, non é equiparable ao dos galegos. Eles están ao pé dos seus países, como nós estaríamos morando en Portugal. Xustamente, en Franza ten ún a sensación de atoparse detrás de Hespaña, lonxe de Galiza, tendo antre nós e o noso país o mundo abismal que nos impide toda posible comunicación. En troques, América está diante de Hespaña, perto de Galiza, na verea de enfrente, perto da Terra. Non importa que eiquí estea o Goberno da República e os Gobernos autónomos, porque Galiza ten unha personalidade tan diferenciada que até n-este caso somos diferentes ao resto dos hespañoes.

Os irmáns do interior, pol-o que se vé, nin leron os meus estensos informes nin tansiquera leron o meu libro. Somentes lles preocupa a ideoloxía miña, para contradecila con profundacións tan lóxicas como as que antano envenenaban a Risco. Semellan uns pequenos Cambós, que pretenden adiviñar o futuro, sen preocupárense gran cousa dos cimentos en que haberá de asentarse ese futuro. Non se decataron do que nós fixemos para prever as continxencias do porvir, tanto mirando a Hespaña como á nosa Terra. Por min o Estatuto tomou estado parlamentario na sesión de Montserrat, cuios incidentes e dificultades deixei relatadas no meu libro. Por min ficou nomeada a "Comisión del Estatuto Gallego" na derradeira sesión de Cortes celebrada en México, provocando unha discusión parlamentaria que nos foi favorable e que nos serviría de moito se a República trunfase. Do que ocorreu en México teñen alá un informe de vinte plegos. Eu soupen en México que o arquivo das Cortes estaba en París, a onde fora levado dende Barcelona cando se perdeu a guerra, e tiveron moito coidado de non decirllo a ninguén. Sóupeno por algo que se lle escapou a Don Diego diante dos Diputados galegos que fóramos a sau-



Misa de campaña dun Batallón Vasco durante a guerra. Os vascos utilizaron a relixión ao seu favor influíndo sobre o propio Vaticano

dalo. Ninguén podía supoñer que o Estatuto Galego estivese fora de Hespaña, porque ninguén sabía que o Arquivo das Cortes saíra, en caixóns, uns días antes de perderse Barcelona, pois somentes por esta iflorancia se nomeou a Comisión estatutista. De saberse a verdade non acadaríamos aquel trunfo, pois o mesmo Prieto manifestou que a Comisión era simbólica posto que non podía dictaminar sobor d-un documento que obraba no Arquivo das Cortes, deixado en Hespaña... Eu tiña algunha esperanza de poder presentar, ante a Comisión, o Estatuto, é decir, as actas do plebiscito e demáis documentos acreditativos d-aquel acto. Para eso –dispois da derradeira Sesión- falei con Irujo en México e con Aguirre en Nova York, a fin de que Leizaola averiguase eiquí o paradeiro do noso Estatuto, levando as investigacións con moito sixilo para que non-o fixeran desaparecer. Os vascos non me deron razón do asunto, porque Irujo e Aguirre non compriron as súas promesas ou porque Leizaola é un pasmón. Escribinlle a Portela para que se botase sobor de Cuevas –o Oficial Maor do Congreso, seu amigo- a ver onde estaba o noso Estatuto; pero Portela non se moveu e contestoume c-unha vaguedade demostrativa da súa indiferencia para todo canto non lle afeite a él persoalmente. En fin; cheguei a París, e sen perda de tempo visitei a Don Diego. Foi unha entrevista que durou tres horas, moi cordial, moi interesante, na que sellamos unha boa

amistade e un entendimento que se revelou en intimidades como a de invitarme tres veces a comer na súa casa, cousa que non fai con calquera. Díxome que tiña encuadernados os Diarios de Sesións e que lle faltaba o de Montserrat, onde constaba a presentación do Estatuto Galego, e o da sesión seguinte. Tamén me contou que mandara traer, en caixóns, o Arquivo das Cortes, e que non sabía onde estaba, nin lle era doado afirmar que as súas ordes foran cumpridas, pois Cuevas non se deixaba ver para preguntarllo. En vista das novas de don Diego e das súas dúbidas comencei a inquedarme, pois a min tamén me faltaba o Diario de Sesións de Montserrat i era imposible que, de tel-o recibido, non-o gardara; pero inquedábame máis o paradeiro do Estatuto, vendo en todo elo a man de quén xa o quixera facer desaparecer en Madrid, a mesma man que suprimiu a Comisión de Estatutos na sesión de Valencia e logo negouse a dar representantes para reorgaizala dispois da sesión de Montserrat; é decir, a man dos socialistas de Prieto. Non vou a contarlle por onde me metín nin qué encrucilladas atravesei para chegar á verdade; direille somentes que o Diario de Sesións de Montserrat e o seguinte non foron publicados, téndose publicado o d-unha sesión posterior; direille, asimesmo, que o Arquivo das Cortes (en verdade, Arquivo da República) foi queimado en París durante a domiñación dos alemáns, e, pol-o tanto, queima-


da está a documentación do noso Estatuto. Don Diego soupo por min todo esto e ficou pensativo e disgustado, pedíndome que non planteara o asunto en Consello de ministros nin lle dera estado público. Moitas noites pasei, meu querido Prada, dándolle voltas á cabeza. Don Diego, sen que-relo, aparecería complicado na queima do Arquivo, pois nin o preservou nin se preocupou dos papeis oficiaes, sendo como era, Presidente das Cortes. Eu non podía comprometer ao Presidente provisioal da República e contenteime con telo amarrado e disposto ao meu favor en vista da miña cordura e serenidade... Pero non me durmin nas pallas. Falei segredamente con Fernández Clérigo²⁸ para que

As tropas franquistas retiran o letreiro da sede do Goberno Vasco




Documento desclasificado do FBI sobre Castelao

inquirise de Cuevas a verdade com- preta. Cuevas queimou, efectivamen- te, o Arquivo; pero foi autorizado para eso e, pol-o visto, conserva a debi- da autorización, negándose a decir quén foi o autorizante. Cuevas pudo salvar a pelexa, pero non foi capaz de salvar os papeis que estaban baixo a súa custodia como Oficial Maor do Congreso. Este Cuevas foi quén su- primeu a Comisión de Estatutos, “porque non había ningún Estatuto presentado”, e foi quén, encarregado por Don Diego para ir a Madrid en procura d-ese documento, para darlle estado parlamentario, voltou a Barce- lona sin él, decindo que desaparece- ra do Arquivo. Fernández Clérigo ase- guroume que él non se lembraba de que o noso Estatuto fose lido en nin- gunha sesión de Cortes e que Cuevas tampouco tiña idea de semellante feito (esto díxome sen que eu llo per- guntase, prevendo que eu lle pedira unha certificación). Debo engadir que Ferrer, o Presidente de Minoría Parla- mentaria de Esquerra de Cataluña, somentes afirma que “lle parece” que o Estatuto Galego foi presentado en Montserrat; en canto Jáuregui, Presi- dente da Minoría Vasca, está empe- ñado en decir que o noso Estatuto non foi lido en Montserrat, senón en San Cugat... Dende Fernández Clérigo –Presidente aitual das Cortes– até os nosos amigos vasco e catalán, non vexo eu aquela firmeza a lealdade que me incitarían a tirar pol-a manta e descubrir a empanada. Abonda decir que ninguén recorda tampouco cómo a Minoría Socialista se negou a dar representantes para a Comisión de Estatutos, creada por acordo das Cortes en Montserrat para dar dicta- men do Estatuto presentado n-elas. Moito cuspe tiven que engulir, mor- dendo a lingua, para non empeorar a nosa situación. O mesmo Giral, que en todo se portou lealmente conmi- go, tal como eu merecía, non estima- ba oportuna a intervención do Gober- no, pois entendía que era un asunto escrusivo das Cortes. Afortunada- mente sobrarán testemoios, se o ca-



so chega, para demostrar a presenta- ción do noso Estatuto, pois abonda- rían as reseñas dos xornaes d-aquel tempo. Temos ademáis, o Diario de Sesións de México, onde se dá por feita esa presentación, sen que nin- guén se atrevese a dudar d-ela. So- mentes agora, eiquí, na Franza, sa- bendo que desapareceu o noso Esta- tuto, xurdiran dúvidas e chegaríase a negar o que moitos saben e todos te- ñen a obriga de saber. O intre e o lu- gar non son propicios para erguer protestas. Mellor é o silencio rencoro- so e alertado. Non necesitamos nin- gunha certificación da Mesa do Con- greso, e, se o Estatuto desapareceu, sempre serán responsables as mes- mas Cortes, se n-elo houbese respon-

sabilidade ¿Qué mellor certificación que o debate parlamentario de Méxi- co encol da constitución da Comisión do Estatuto Galego? En canto ao do- cumento en sí, pode reconstruírse ma- ñán, indo ás actas das Xuntas Provin- ciales do Censo Eleitoral e presentan- do o Estatuto proposto pol-os Axun- tamentos que varios xornaes de Galiza publicaron. Eu quixera, claro está, que a Comisión parlamentaria emitira un informe favorable ao noso Estatuto; pero nin hai hoxe maneira de axuntar os membros que a com- poñen, nin contaríamos coa súa incli- nación ao noso favor, na medida que se necesita. Está visto que a ofensiva contra o Estatuto Galego ven de lon- xe e conta con forza sobrada para es-



Documento desclasificado do FBI sobre o Consello de Galiza

nova edición da Carta fundamental da República xunto cos Estatutos autonómicos, levase un prólogo seu, algo que o autorizase. Estando n-esto chegou de súpeto Jáuregui, que é da Diputación permanente, e matínouse que a edición fose lanzada pol-as propias Cortes, levando o prólogo de Don Diego, quén chegou a prometerlo. Pero de súpeto Jáuregui e o mesmo Irujo empezaron a recuar. Jáuregui dixo que plantexara o asunto e que Fernandez Clérigo e outros membros da Permanente se opuxeran. Vimos a maneira de poder reconstruír o documento queimado, para os efectos xurídicos, e Jáuregui prometeu o que vexo que non comprirá. Irujo, dispois de ser Ministro de Xusticia, prometeume que se dirixiría á Xunta Xurídica Asesora demandando un informe encol do Estatuto Galego, isto é, perguntándolle aos técnicos si o tal Estatuto cabe nas prerrogativas constitucionales, sinalando aqueles puntos en que os rozan. Así -decía Irujo- vai tomando consistencia a letra do documento desaparecido. Habendo boa fé i estando todos decididos a concederlle a Galiza o que democráticamente demandou, todo se arraxaría; pero estando todos de punta contra Galiza, teremos moito que loitar. Eu confíaba, máis que en ningunha outra cousa, no discurso que tiña mentes de pronunciar nas Cortes, e por eso estou eiquí, sufrindo a todo sufrir, física e moralmente. Aínda non se sabe se haberá Cortes ou non-as haberá; pero no mes de xulio xa sabermos todo canto compre saber respecto ao porvir que lle espera á República. O feito indubidable é que eu comprin co meu deber de Diputado galego, gardando, mantendo e defendendo a vontade de Galiza no exilio, i eso é o que os irmáns do interior deben coñecer, pois non importa que os

magarnos, sen que por parte dos elementos galegos, agás de nós, se note a menor preocupación por este asunto. Non é que eu coide que teñamos necesidade do Estatuto, calquera que sexa a solución que se atope para o problema hespañol; pero hai que ocuparse d-él, porque así o eixe a nosa dinidade e porque así se vai creando conciencia do noso dereito e das nosas reivindicacións. O feito de non publicarse o Diario de Sesións de Montserrat nin o da sesión siguiente, quer decir que alí tomouse algún acordo que non conviña mantelo no futuro (a acta da sesión de Montserrat aprobouse na sesión seguinte e por eso deixaron de publicarse os dous Diarios e quén sabe se, pol-a mesma causa, se

queimou o Arquivo das Cortes en París!) Don Diego, que é home agudo para entrar nas intencións alleas, non vé a razón de tantas anomalías e desbota que sexa pol-o noso Estatuto; pero eu estou seguro de que non foi por outra cousa. En fin; algo compría facer e falando con Irujo pensamos que sería comenente publicar a Constitución do 31, xunto cos Estatutos, e así metíamnos o noso, anque levase unha nota advertindo que aínda non fora aprobado. Eiquí non se atopan exemplares da constitución e por eso nós pensamos que poderíamos dar os catro documentos n-un mesmo folleto; pero con carácter oficial. Para eso Irujo e máis eu -cada un por separado- falamos con Don Diego e chegamos a pedirlle que a

meus desvelos resulten inúteis. Máis inúteis poden resultar as preocupacións do Partido Galeguista e ninguén tería dereito a desprezalas.

(día 12)

N-este intre acabo de coñecer a nota que o Goberno lanzou, por fin, sobor da lei de sucesión franquista. Eu apupei a Irujo decíndolle que non concebía o silencio de Llopis nin a compli- cidade dos seus compañeiros ministros, sobor de todo, dos republicáns específicos. Dinlle a miña opinión en- col dos términos en que debían pro- testar as Nacións que teñen recoñeci- do ao Goberno, ante as que, sen reco- ñecelo, son amigas e aquelas que pre- domiñan na ONU pol-a súa forza i están intervindo descaradamente na política de Hespaña, favorecendo ca- lisquera solución, sempre que non se- xa a republicán. Irujo chegou a tomar nota escrita das miñas opinións repu- blicáns. O caso é que a nota dada pol- o Goberno Llopis somentes insiste en que non debe estabrecerse en Hespa- ña ningún réxime antes de coñecerse a vontade do povo. Todo, todo, menos declararse nemigos do plebiscito e mostrándose intransixentes na defen- sa da República. Tamén acabo de sa- ber, a cencia certa, o resultado das en- trevistas de Llopis en Londres –entre- vistas que tiña preparadas Giral-. Dixé- ronlle que para defender a República non se necesitaba outro Goberno que o de Giral e manifestáronlle que a úni- ca solución posible e aceptable era a da monarquía. Llopis aceptou, con verbas obscuras, a idea do plebiscito. Pero eu digo e repito que aquel repu- blicán que acepte a fórmula plebiscita- ria ten a obriga de acatar o seu resul- tado, de modo que os republicáns que se aveau a xogar a República no azar eleitoral terán que entregala aos gaña- dores no caso de perderen o xogo. E se os republicáns son os que propuñan a idea lanzada pol-os ingleses, son uns imbéciles ou uns traidores. Para deca- tarnos mellor do resultado adverso que tivo a visita de Llopis abundará con saber que, estando éste en Lon- dres, concertouse un tratado comercial



Documentos internos sobre a conspiración monárquica e carta de Tarradellas mencionando a Castelao que da conta da atmósfera que se respiraba nese momento

con Franco... está visto que a política única que se debía seguir era a que propuñaba o Goberno Giral, a quén os ingleses respetaban como político leal e sério, anque por todol-os meios tratan de inutilizalo, pois eles sóio arelan a restauración da Monarquía e os republicáns que lle fan o xogo gratui- tamente sóio será retribuídos co máis profundo desprezo.

Agora será ben que lle diga algo sobor das miñas relacións co Comité do Partido. Eles din saber todo e somentes coñecen as mentiras que corren no interior e no desterro; pero non saben as verdades ocultas, porque esas hai que intuílas, adiviñalas. Eles van a Madrid, á “fonte limpa” como decían os galegos alleiros, e pescan novidades... Non creen en nada que contradiga o que se dí nos Comités subterráneos de Madrid. Non saben que a Alianza Democrática é unha entidade parida pol-a Intelligence Service, que obedece, creo que gratuitamente, ás consiñas inglesas. Coidan que dar un informe aos ingleses é tanto como gañar a súa amizade, e se o trato cos ingleses é moi segredo, entón tórnase vanidosos. Eu ademiro certamente aos ingleses e nada teño de común cos seus nemigos, nin tansiquera me deixo engaiolar por esa eutrapelia que se chama o “latinismo”, pero a min sempre me pareceu que os ingleses non aprecian a quén os serve incondicionalmente. Pero deixemos esto... Os párrafos da carta de Paco, dirixida a voste- de, son indifantes. ¿Qué eu estou en mellor situación económica que eles?

Estou tan ben, que non saio dos cabarets, nin necesitei nin necesitarei axuda de ninguén vostede sábeo; pero non é fino envexar a miña facenda... como non sería fino que eu lles dixese que salvei a vida por estar fora de Galiza cando estalou a guera... ¿Qué “to- dos lo tenemos en gran aprecio, y buena prueba de ello hemos dado”? coido que Paco eisaxera o favor que me dispensaron; pero se quixeran cargar na miña conta o sufrimento e prisión dos tres irmáns lucenses, eu diríalles que caeron nas poutas da policía por andaren en malas compañías... ¿Qué Paco tivo que xustificarme moitas veces ante os seus irmáns? ¿Qué non saben nada absolutamente de min? Qué o mundo que me rodea ten unhas carac- terísticas distintas das que eu creo ver? Qué eu me produzo con total error? Imos ver se todo esto é certo. Pol-a Anduriña mandeilles, antes de sair de Bos Aires, un longuíssimo infor- me que tiña respota, e que non ma de- ron, como si non tiveran obriga de dar- lle ao Ministro galego as informacións que lles demandaba. Endexamáis atenderon as indicacións que eu lles fi- xen, desestimándoas con olímpico desprezo. Eles querían verme fora de Bos Aires, fondeado en París, e, pol-o visto, sóio terían valor as verbas que eu lles mandase dende eiquí. Cicáis por eso mesmo me mandaron a París un Informe que leva o número 1. En realidade, o Comité Executivo do Part. Gal. chámalle “informe” ao que en boa lei se debe chamar “instrucións”, “or- des”, “ucase”, pois nada ten de infor-



Publicación de Venezuela que da conta da ascendencia de Castelao sobre a comunidade galega desterrada

mativo respecto ao que no interior ocorre. Eu pedíalle datos necesarios para unha mellor xestión ministerial, pensando, ademais, en que eles disfrutasen independentemente dos fondos que o Goberno destina á resistencia no interior. Pois ben, no Informe nº 1 sóio se referían ao meu emparellamento con Plá e á necesidade de disciplinar o Galeguismo desterrado, dende París, creando unha Delegación do Partido eiquí e aproveitando a miña

calidade de Ministro. Decíalles eu, dende Bos Aires, que non tronaran a vía aberta dende ahí, pois eu tería que comunicarme con eles segredamente, sen pasar pol-a aduana dos vascos, nin de ninguén. Tiñamos un conducto noso, propio, que eles podían e debían ensanchar, e a Andruíña voltaba moitas veces a Bos Aires sen unha soia letra d-eles. Son indecibles os apuros que pasei para non descubrir ante os compañeiros de Consello a indiferen-

cia que amostraban ante a nosa situación. Non sabía eu cómo decir que o Part. Gal. se negaba a recoñecer o Consello de Galiza. E semellante desestimación do Orgao máis lexítimo que tiña Galiza no exilio, endexamáis foi explicada. Isto terán que esplicalo mañán, cando eu, fronte a eles, en Asamblea do Partido, lles pida conta e renda das contas, pois tamén eu teño dereito a acusar (esto se algún día volto a Galiza, que o duvido moito). Chegaron a decirme que deixase a Presidencia do Consello de Galiza, coa intención de matalo e valéndose d-unha treta que, ademais de innobre, era parva, posto que partía d-un descoñecemento absoluto da miña ben coñecida diñidade. En canto a eso de que eu me mantiña hermético a pesares da súa insistencia en saber de min, debo decirlle que recibín o Informe nº 1 ao que contestei o día 30 de Nadal e hoxe é o día en que somentes recibín unha cartiña particular de Santiago Pol, queixosa dos meus palmetazos, pero do Comité nada recibín. ¿É que nada tiñan que decirme? Vexamos... Soupen polo Seg. Xeral do Partido Sindicalista que os vascos e cataláns tiveran unha entrevista con Alianza Democrática en Madrid, sen asistencia de ningunha representación galega. Soupen que os vascos e cataláns querían ingresar en Alianza, repetindo no interior a comunidade que no exilio representa o novo goberno, poñéndose na vía claudicante. Soupen que Alianza eixeulle a previa anulación dos Estatutos e dos Gobernos autónomos, como se xa estivéramos no período constituínte, deixando as pretensións vascas e cataláns para o que decidira o povo hespañol. Os vascos e cataláns non aceptaron a proposición de Alianza e, a xuício do meu amigo cenetista, os galegos fixeron moi ben en non presentarse xunguidos aos seus compañeiros de Galeuzca. Sabe vostede que Galeuzca foi a Madrid, fai xa moito tempo d-esto, con obxeto de ingresar en Alianza, e que non puideron entenderse, porque se lles eisixeu o abandono das conquistas autonomistas e porque,

ademáis, querían levalos a un estado de indiferencia para o réxime republicán e o Goberno que mantiña no desterro a representación da República. D-esto temos nós a acta que se levantou, na que resalta o republicanismo dos vascos, a politiquería vacilante dos cataláns e a cuquería dos galegos, intresada, n-este caso, en non disgostar aos sindicalistas, que alí levaban a voz cantante. Alianza é, pois, unha entidade centralista, non sei se por intrínseco propio ou comunicado. Digo esto último porque Serra Moret –servidor gratuito ou retribuído das consiñas inglesas- quixo falar do problema catalán ante un elemento sinificadísimo do Foreign Office e dixéronlle que o problema das autonomías rexionaes debe aplazarse para dispois..., coincidindo, claro está, coa aitude de Alianza. A todo isto na BBC anunciaron xa unhas emisións en língoa catalana, vasca e galega; pero elo terá, naturalmente, un intrínseco folklórico, que autorizará á desestimación do aspecto político-autonomista, como compre en calisquera monarquía hespañola constitucional... A ruptura de Galeuzca no interior, prácticamente levada a cabo coa entrevista con Alianza, obrígoume a plantexarlle aos vascos unha nova custión. Falei con Lasarte e Rezola (este derradeiro é o que veu a París con Piñeirño²⁹) e non poideron ou non quixeron sacarme de dúvidas. Falei con Irujo, que nada sabía, e aos poucos días entregoume a seguinte nota que lle remitiron de San Juan de Luz: “Para aclarar algunas afirmaciones que hizo V. el día pasado, acerca de las reuniones que han tenido lugar entre vascos, catalanes y Alianza y en las que no participaron los gallegos, le tengo que decir, que antes de dichas reuniones estuvieron los nuestros con los gallegos, a quienes previamente, y con mucha antelación y explicación clara del objeto de la reunión, se había convocado para tratar del asunto antes de estar con Alianza y ponerse de acuerdo. En esta reunión previa los gallegos hicieron una amplia exposición de la situación política en que se encuentran y de ella resultaba



Castelao trataba habilmente de manobrar coas distintas faccións para levar as reivindicacións galegas adiante. Mesmo trata de evitar o enfrontamento co Bloque Republicán Nazonal Galego de Lister colaborando no seu xornal, aínda que estaban distanciados ideolóxicamente

que, no habiéndose llegado a plasmar y dar realidade a un Consejo representativo de las fuerzas democráticas de su país, no se encontraban en posición de intervenir en las negociaciones con Alianza. Los vascos y catalanes llevaron estas negociaciones de acuerdo con ellos y dándoles cuenta del desarrollo de las negociaciones. En todo momento tuvieron los gallegos el apoyo incondicional de los vascos". Este asunto coído eu que debía serme comunicado sen perda de tempo, para coordinar as aitividades galeguistas do interior coas do exterior; pero eles non están obrigados. Paco foi a Madrid para ensanchar o negocio... e con eso xa dixo d-abondo. Claro está que a nota vasca ten a mesma feitura, o mesmo

estilo, idéntica innobreza, que a que Lasarte mandou a Basterrechea para explicar o seu comportamento durante a crisis (nada dí do resultado que conquisaron as negociacións con Alianza, que foron desastrosas); pero algo hai de verdade no relato dos vascos. Acabouse en Galiza, pol-o que se vé, aquela alianza de todol-os partidos que aitúan alí e da que se nos falaba nos primeiros informes, cando o Part. Gal. fora autorizado para levar a voz da nosa Terra en Galeuzca..., e, como no anterior non se pudo chegar á creación d-un Orgao representativo, queren que o Consello de Galiza desapareza, e teñen o descaro de consideralo fracasado e indioño do seu recoñecimento. Eles confésanlle aos vascos o seu fracaso,



Cadáver de Manuel Azaña. Moitos estaban interesados en enterrar tamén a República, mais Castelao teimaba en manter a foto fixa que deixaba ese réxime con tres Estatutos que supoñían tres realidades cun status diferenciado sobre o que partir

pero non a nós, e por riba pretenden aleccionarnos coa súa perspicacia política. Acusoume Piñeirño, n-unha carta político-filosófica, de que eu fora moi lonxe na ideoloxía nacionalista, porque, como o meu galeguismo non tiña que contemplar a concordia dos diferentes partidos aituantes en Galiza, podía avanzar canto quixera. Eles mantíñanse no plano a que os obrigaban as realidades sensibles do país, e por eso eran máis comedidos... Agora resulta, según parece, que eles foron perdendo o predicamento conquerido nos primeiros tempos e reducíndose aos límites do Partido, a pesares do seu comedimento ideolóxico para poñerse a tono coa ideoloxía dos demais Partidos. Eles son os que fracasaron, según revela o informe vasco, e queren que nós sigamos o seu camiño, abandonando o noso, que tanto nos aproisimou ao trunfo. Nós non-os fechamos no Partido, indo abertamente á concordia dos diversos elementos políticos de Galiza no exilio, sen agachar endexamáis a nosa ideoloxía, senón, ao contrario, infundíndolla a todos. Dirán eles que se trataba de emigrados, “antigos residentes”, como din os refuxiados políticos; pero eso aínda resultaba máis dificultoso para que abrazasen a idea nacionalista. Nós non fixemos política de Partido, pero sí, a política ideolóxica e programática do Partido Galeguista, cultivando primeiramente o patriotismo natural de todo emigrado e conducindo así o seu ánimo cara un fito reivindicador, que, como mínimo, reclama a autonomía político-administrativa de Galiza. Nós non fracasamos e agora pretenden que fagamos no exilio unha política de Partido, para que fracasemos. E por riba inda se atreven a decir, por boca de Paco, que non sabemos ver o mundo que nos rodea... ¿Qué resta do ucace

Xa me contento con escribir o segundo tomo de “Sempre en Galiza”, no que relatarei todo canto fixemos até a miña saída do Goberno republicán, e despois morrer acougadamente na Galiza ideal

que me lanzaron? Qué ocurriría se eu obedecera cegamente os mandados do noso Comité? Non é certo que me informaran como era debido nin que me escribieran como eu merecía. Mentiron ao decirme que Plá era Delegado do Partido e que era un home disciplinado e diño da meirande confianza, porque o mesmo Plá se encarga de desmentilos por escrito. Minten probablemente ao decir que me teñen en moita estima, cando nin tansiquera me coñecen... Eles o que queren é xogar aos comités como agora está de moda en Hespaña –Alianza non é outra cousa máis que un Comité-. En verdade resulta cómodo aituarse dende un Comité, mandar dende un Comité, recibir diñeiro para soste-lo Comité, manter relacións con outros Comités, firmar comunicados moi serios en nome do Comité (esto é o que tamén lle agrada a Seoane³⁰, Villaverde³¹, Vázquez e até Núñez Búa³², como tamén lle agrada a Lino e outros galeguistas oficiais); pero resulta que o Comité sempre estorba, coa súa falsa autoridade, aos que traballan con éxito ao mesmo fin que eles, con tal de que non lle pidan a venia para traballar, en venia que endexamáis lle concederían, porque a xente do Comité son como os burócratas folgazáns... Perdóeme este desafoño íntimo, pois, en verdade eu quixera que os irmáns do interior se deixaran de parvadas e comprenderan esta simple cousa: que nós debemos respetar o que eles fagan alí, enterándonos de todo e admitindo que algunhas veces teñamos dereito a dar un parecer; pero que a política do galeguismo desterrado correspóndenos a nós coa mesma categoría que a eles lle concedemos para dirixiren a que está ao seu alcance. Ou esto ou manterse en divorcio absoluto, establecendo unha competencia, cicáis proveitosa, entre a Galiza real e a Galiza ideal. Pola miña parte, e tendo sufrido eiquí a infección pesimista dos republicáns hespañoes, que nin folgos teñen para soste-lo unha simple bandeira, xa me contento con escribir o segundo tomo de “Sempre en Galiza”, no que relatarei

todo canto fixemos até a miña saída do Goberno republicán, e despois morrer acougadamente na Galiza ideal. Advírtolle que teño moito que decir n-ese segundo tomo, para o que fun recollendo ideas e pensamentos aínda non espresados, sobor de todo, no que se refire á vocación autonomista e federal de Galiza. Creo que será un libro tan estenso como é o outro e que completará a espresión enteira dos meus desvelos políticos. Ficamos, pois, en que Paco estaba en Madrid o día 8 de marzal e que a entrevista dos vascos e cataláns con Alianza celebrouse o día 20, e, pol-o tanto, Paco foi a Madrid para entrevistarse cos vascos. ¿Coida vostede que se ampliou o capital da sociedade galeguista, como él di? Ampliaríase, pero non con aicionistas diños de entraren na nosa sociedade. Reputo que a declaración de impotencia feita por Paco é a causante do noso desvalimento ante os vascos e cataláns, perxudicando, claro está, o creto do Consello de Galiza. Eles chegaron a decirme que a nosa acción exterior repercutía no interior –así, non levaban outra idea ao demandaren un Ministro galeguista que a de aproveitalo en beneficio do Partido cando nós viamos n-elo un ben para Galiza-; pero tamén é certo que as accións do interior repercuten no esteiror, e que o comportamento do Part. Gal. pode perxudicar o desenrolo da Galiza ideal. Paréceme que d-este tema xa lle digo d-abondo. Agora outra cousa: recibín carta de Piñeirño, enviada dende o encerro en que se atopa. Mandouma por conduto dos sindicalistas. O treito máis importante é o que sigue: “A opinión democrática ancea a desaparición de Franco, pro o certo é que non ve claro o camiño para conquerilo. Fai máis de ano e medio que se acabou a guerra e a situación de eiquí sigue sendo a mesma. Esta realidade fixo evolucionar fondamente a opinión democrática do interior predispoñendoa ao abandono de toda postura política que non teña unha base de efectiva “viabilidade”. A opinión política de eiquí parte do suposto evidente de que a Franco somentes se



Esquela de Castelao distribuída en Galiza. Tardaríase décadas en saber o labor que estaba a facer este político nacionalista por este país. De feito, aínda hoxe se ignora coa complicidade dunhas institucións que existen grazas en grande parte a el

poderá derrubar contando con forza no interior e co apoio diplomático de Inglaterra no exterior. Deica agora os demócratas hespañoes habían confiado máis ou menos na forza “legal” da lexitimidade republicán, cuio instrumento político é o Goberno Giral. Dende fai unhas meses comezouse a dudar da eficacia que poidera acadar o Goberno Giral, xa que ao non contar con forza efectiva no interior nin con axuda diplomática de Inglaterra, cousas ambas que están na conciencia de todo o mundo, non poderá levar a cabo a difícil empresa de derrubar e substituír a Franco. Por iso ninguén espera a solución do problema por ise camiño. Pero non é iso soio, sinon que a opinión do interior sabe perfectamente que abandonada a si mesma será incapaz de derrubar a Franco, xa que ningún réxime totalitario se pode derrubar pol-o camiño da insurrección interna (de carácter popular); por iso tampouco hai ninguén que pense seriamente en orgai- zar unha revolución pra restabrecer a República. Partindo de istas consideracións chégase axiña a ista conclusión: No interior a única forza que pode derrubar a Franco –que é o Exército– somentes é utilizable pol-as Dereitas; no exterior a axuda diplomática de Inglaterra somentes se ofrece a unha

coalición interior de dereitas i esquerdas (vexa como Piñeiriño fuxe de decir “monárquicos e republicáns” e conténtase con decir “dereitas i esquerdas” co que revela un pecado de pensamento) que someta a un plebiscito o problema de futuro réxime político de Hespaña ¿Cal é, pois o camiño a seguir? O de chegar canto antes a isa coalición e, eliminado Franco, afrontar o problema de reconquistar electoralmente a Democracia”. A carta é moi garimosa (dime que os visitou o “Fidalgo de Trasalba” falándolles de min con moita emoción) e pode supoñer o efecto que me causaría a min, que non fago outra cousa máis que pensar n-eses rapaces, atribuíndo a desourentación do noso Comité á ausencia de Piñeiriño. Pero non hai dúbida de que, cos mesmos elementos evidentes que manexa na súa carta, pode chegarse a outras conclusións. Hespaña é un gran presidio e os presidiarios non teñen aquel estado de ánimo axeitado para buscar unha solución permanente e definitiva do problema hespañol. Somentes pensan na liberdade e pagaríana a calisquera precio. Por eso eu sempre digo que os que estamos no desterro e ceibes de cadeas, somos os únicos que podemos discurrir e buscar a solución. De non ser así é que non somos diños da

liberdade que disfroutamos. E os nosos irmáns do interior, como todol-os moradores da Hespaña franquista, foron envenenados pol-o morbo anglo-prietista ou pol-o soviético, preferindo, como é natural, o que lle ofrece a liberación a máis curto prazo e con menos violencias. Os socialistas eisilados foron minando a vontade dos republicáns até sometelos á súa claudicación ou vacilación, dicendo que no eisilio somentes se debe servir o mandato das forzas do interior, e con esto non somentes se servía o intrés monárquico propuñado pol-o Foreign Office, senón que se deixaba de comprir a sagrada misión dos desterrados hespañoes. Non é, pois, nada estrano que os nosos irmáns sexan vítimas da mesma influencia que sofren os demáis hispanos. O estrano dos galeguistas é que acepten as realidades creadas po-los demáis e que eles non traten de inventar algunha realidade propia, para im- poñela, ou, pol-o menos, lanzala ao marché noir da política interior. Eu soupen, por informes oficiais e confidenciaes, que do interior lle chegaban ao Goberno, que Alianza era adocida nemiga das autonmías rexionaes e que ningún Comité dos que alí se orgaizaron, admite o restabrecimento dos Estatutos. A enemiga contra Cataluña e Euzcadi está hoxe, nos meios republicáns de Madrid, como nos mellores tempos da monarquía Borbónica. Eu empecei sabendo isto por Torres Campañá³³ e por un axente que foi a Madrid levando a representación do Goberno. Por eso agradecía o xesto de Giral, posto por riba do anacrónico madrileñismo, desprezando todo canto non se axustase aos preceptos republicáns. Falei con Irujo d-esto e díxenlle que se enterase da verdade. Os vascos non queren creer que os desestimen en ningunha parte; pero eu soupen que Just³⁴, o actual Ministro da Gobernación, tiña informes idénticos aos que recibira Torres Campañá i entón invitei a Irujo novamente a enterarse do que tanto lle conviña saber... O resultado que tivo a entrevista con Alianza proba que no interior hai enemiga contra as



Filgueira Valverde e Franco. Unha imaxe que vale máis que mil palabras

autonomías, tal e como eu lle predixera a Irujo. Pois ben; de todol-os demócratas –subraiemos estas verbas–, son os sindicalistas os que máis se distinguen contra das autonomías, moito máis que os socialistas, pois éstos somentes se opoñen ao Estatuto Galego, antramentras que os sindicalistas arrasan con todos, pensando máis en Cataluña i Euzcadi que en Galiza. Resulta que os nosos irmáns do interior viven amachembrados cos sindicalistas, sen conqueriren dos galegos que militan n-este grupo outra cousa que unha simpatía condicionada e prácticamente nula, pois sempre poñeran a Galiza baixo as diretrizes madrileñas e baixo a oposición que o pacto da UGT e a CNT im-

poñerán. Os nosos irmáns incluso caeron en prisión por andaren na compañía dos sindicalistas. O caso é que, para contestarlle a Piñeirño teño que utilizar a vía sindicalista, privándome de manifestarlle o meu verdadeiro pensamento. Tampouco podo dirixirme dende eiquí ao Comité do Part. Gal. sen utilizar a vía vasca, privándome de decirlles a verdade clara e termiñante. Isto de non termos nós unha vía propia dende Franza (non podía nin utilizar o conduto do Goberno) evidencia a razón que eu tiña para decirlles que non abandoaran o correo das Anduriñas. Agora mesmo se ve que o meu informe sobre da derradeira crisis ministerial somentes pode chegar a Galiza dende

ahí. En fin; abonda co dito e co que vostede pode imaxinar sobre do meu relato e comentarios.

Cicáis vexa vostede a Ramón antes de saír éste para Bos Aires. Entéreo de todo. Coido que debe andar con moito coidado si é que quer retornar. A época non é a que nós desexaríamos; pero de ningunha maneira debemos opoñernos á ida de Ramón a esa. Eu sairéi a mediados de xulio e, pol-o tanto, chegaremos a Bos Aires no Agosto. Sairemos por Marsella no “Campana”. O retorno farémolo na compañía de Barcia, que se está portando decentemente, e podo adiantarlle que se sente moi identificado conmigo. Con motivo das nosas enfermidades, o home desviveuse por sernos útil, tanto él como Rita, que é francamente boa. Non necesito fondos. Teño diñeiro d-abondo para resisitir até xulio, pois aínda que eiquí a vida está pol-as nubes, pagábbanos ben e nós somos aforradores. Tanto, que é seguro que aínda nos sobraré algunha cantidade. Por certo que vostede podía enviarme a dirección da persoa da súa confianza en México, para xirarlle dende eiquí o que me sobre. A min convíñame xirar en pesos mexicanos e vostede pode xa advertirlle ao seu axente que vai recibir unha cantidade que él debe reservar a nome de vostede. Mándeme, por favor, a dirección da persoa que pode servir. Será unha miseria; pero eu non estou en condicións de andar tirando diñeiro, anque sexa en cantidade irrisoria. Outro asunto que me intresa moitísimo é o seguinte: Necesito que vostede retorne a Bos aires co libro de Brañas “El Regionalismo” e o discurso que pronunciou na apertura de curso da Universidade compostelán o ano 92. Coido que alguén llo pode emprestar ou pol-o menos deixarlle sacar copia. O discurso académico é curto; o libro estenso. Pero do libro pode sacarse copia d-aquelas partes máis importantes. Sei que Filgueira Valverde³⁵ ten as dúas cousas e que Vilarelle pode arrincarllo. Fágame ese favor, pois necesito ambos textos para o meu segundo libro de “Sempre en Galiza” ■



¹⁶ RODOLFO LLOPIS FERRÁNDIZ (Callosa de En-sarriá, (Alacante), 27 de febreiro de 1895 - Albi, Francia, 22 de xullo de 1983) foi un dirixente socialista e pedagogo español. Cursa estudos na Escola Superior de Maxisterio. É profesor da Escola Normal de Ciencia. Ingresou no PSOE en 1917. Cofundador da Federación de Traballadores do Ensino de UGT. Foi Deputado por Alacante en 1931, 1933 e 1936. Director Xeral de Primeiro Ensino durante a República, no ministerio dirixido por Marcelino Domingo, foi coñecido por estender a construción e equipamento de escolas primarias por toda España. Durante a Guerra Civil, ocupou o cargo de Subsecretario da Presidencia do Goberno con Francisco Largo Caballero. Foi contrario ao Goberno de Juan Negrín e denunciou o acaparamento de poder polo PCE. Exiliouse en Francia trala guerra e en 1947 foi elixido Presidente de Goberno da República española no exilio. No Congreso do PSOE no exterior en 1944 foi elixido Secretario Xeral e ocupou este cargo ata 1974,



data na que se celebrou o coñecido como Congreso de Suresnes. Foi tamén presidente da UGT no exilio, mantendo a súa infraestrutura. O 3 de xuño de 1951 foi asinante do Acta de Fráncfurt en virtude da cal creábase de novo a Internacional Socialista.

Dentro do PSOE mantivo a tese da defensa da organización exterior fronte aos novos dirixentes do interior que pugnaban por combater a ditadura desde España. Conflitivo, apartouse do PSOE tralo Congreso de 1974 que elixiu a Felipe González como Secretario Xeral, creando durante un tempo o chamado PSOE (Sector Histórico). En 1976 regresou a España, presidindo un congreso do partido. Ao ano seguinte presentouse como candidato ao Senado, nas listas da Alianza Socialista Democrática, sen éxito. Volveu a Francia, onde morreu en 1983.

¹⁷ LEÓN BLUM (9 de abril de 1872 - 30 de marzo de 1950) foi un político francés socialista que chegou a desempeñar o papel de Primeiro Ministro.

Naceu en París, no seo dunha familia xudía de clase media. Estudou dereito na Sorbona e se graduó en 1894. Traballou no Conseil d'État, no que tivo unha carreira brillante (as súas contribucións ao dereito da responsabilidade do Estado, por exemplo, manteñen vixencia ata a data). Paralelamente, estudaba unha segunda carreira de crítico literario. Pronto se converteu unha das figuras literarias máis importantes de Francia (colaborou, en efecto, coa prestixiosa Revue Blanche).

Blum demostrou pouco interese na política ata o Caso Dreyfus de 1894, que tivo nel un efecto traumático como en tantos outros xudeus franceses. Facendo campaña como dreyfusista entrou en contacto co líder socialista Jean Jaurès, a quen admiraba. Comezou a participar no diario socialista, L'Humanité, e uniu-

se a SFIO (socialistas). Pronto se converteu no principal teórico do partido.

En xullo de 1914, tralo estallido da Primeira Guerra Mundial, Jaurès foi asasinado, e Blum tomou un papel máis activo na dirección do partido. En 1919 foi elixido membro do comité executivo, e tamén representante por París ante a Asemblea Nacional francesa. En 1920 traballou duramente para evitar a ruptura entre partidarios e detractores da Revolución Rusa, pero os máis radicais se separaron, levándose L'Humanité con eles e fundaron o Partido Comunista Francés.

A actitude dos comunistas fronte ao Pacto xermano-soviético foi criticada por Blum, quen se distanciou entón deles. Baixo Vichy, durante a Segunda Guerra Mundial, foi perseguido por Pétain e despois detido e condenado. As autoridades francesas entregárono aos nazis, e foi deportado en marzo de 1943 a Buchenwald. Liberado polas tropas aliadas en maio de 1945, Blum volveu á política e dirixiu o último goberno provisional antes da instauración da Cuarta República, de decembro de 1946 a xaneiro de 1947.

Retirouse a Jouy-en-Josas (preto de Versailles), onde morreu o 30 de marzo de 1950 aos 78 anos.

¹⁸ WENCESLAO CARRILLO ALONSO. (Valladolid, 1889 - 1963). Político, sindicalista e xornalista español.

Obreiro fundador en Xixón (Asturias), afiliado á Unión Xeral de Traballadores con catorce anos, xunto ás Mocidades Socialistas de España case desde a súa fundación por Tomás Meabe. Militante do PSOE desde 1905.

Activo membro do sindicato socialista, foi detido en numerosas ocasións entre 1910 e 1917. Abandonou o seu posto como traballador e dirixente sindical en Asturias por unha praza de redactor no Socialista en 1923. Ao mesmo tempo accedeu á dirección de UGT e foi partidario de impulsar acordos coa ditadura de Primo de Rivera antes que enfrontarse ao Capitán Xeral, convencido como outros dirixentes sindicais nas bondades do proxecto paternalista do ditador. En 1929 comezou a criticar abertamen-

te a ditadura, á vez que UGT iniciaba unha separación do réxime.

En 1931 presentouse, e foi elixido, concelleiro do Concello de Madrid, sendo un dos membros do mesmo que proclamou a Segunda República na Porta do Sol. Nas eleccións das Cortes constituintes da República, foi elixido deputado ao Congreso pola provincia de Córdoba, e reelixido en todas as consultas posteriores.

Sendo membro xa da Executiva do PSOE, e logo de sufrir a represión durante os primeiros meses de 1936, trala sublevación militar que deu lugar á guerra civil foi nomeado subsecretario de Gobernación no goberno de Francisco Largo Caballero. Ocupou máis tarde diversos cargos gobernantais, participando na sublevación de Casado contra Juan Negrín para forzar un acordo con Franco no final da guerra. Este feito lle gañou a inimizade definitiva do seu fillo, Santiago Carrillo, membro entón das Mocidades Socialistas Unificadas e dirixente despois do Partido Comunista de España

Antes da caída de Madrid, conseguiu fuxir e instalouse en Bélxica. Foi dirixente da UGT no exilio durante catro anos tralo final da Segunda Guerra Mundial.

¹⁹ DIEGO MARTÍNEZ BARRIO (Sevilla, 1883 - París I de xaneiro de 1962). Fillo de obreiro, moi novo afiliouse ao Partido Radical. Mostrouse oposto á ditadura de Primo de Rivera e introduciuse en 1930 no Comité Revolucionario o que lle custou un curto exilio en Hendaya e París a raíz da sublevación de Jaca. Trala proclamación da República foi



nomeado ministro de Comunicaci3n e m3ais adiante de Gobernaci3n. En 1933 ocupou a presidencia do consello de ministros. Durante o bienio cedista fundou a Uni3n Republicana. Nas elecci3ns de 1936 obtivo o triunfo na candidatura da Fronte Popular en Madrid. O 3 de abril foi elixido presidente das Cortes. Ao producirse o levantamento do 18 de xullo, Azaña enc3rgalle formar goberno pero tras infrutuosas negociaci3ns cos sublevados renunciou a devandito cargo. Durante a guerra presidiu as Cortes. Trala ca3da de Barcelona pasou a Francia. En 1940 pasou a Cuba e logo a M3xico. En 1945 foi nomeado presidente da Rep3blica no exilio establec3ndose en Par3s ata a s3a morte en 1962.

²⁰ MANUEL PORTELA VALLADARES (Pontevedra, 31 de xaneiro de 1867 - Bandol, Francia, 29 de abril de 1952) foi un pol3tico liberal de ideolox3a centrista. Foi ministro durante o reinado de Alfonso XIII e chegou a ser presidente do goberno durante a II Rep3blica Espa3ola. Fillo de Juan Portela Dios e Teresa Valladares Rial, quedou orfo de pai con s3 dez anos. Foi acollido pola s3a t3a, Juana Portela Dios, muller do impresor Jos3 Vilas. Este matrimonio gozaba dunha situaci3n econ3mica desafogada, o que lle permitiu estudar no colexio de xesu3tas de Camposancos na Guarda, para posteriormente seguir a carreira de dereito na Universidade de Santiago de Compostela. Graduouse en 1889 na universidade compostelana. Ata 1899 residiu na cidade de Pontevedra, onde traballou como redactor do Diario de Pontevedra, exerceu de xuz3 municipal e foi decano do Colexio de Avogados. En 1898, con s3 31 anos, conseguiu praza como rexistrador da propiedade en Madrid. Instalado en Madrid, entrou no mundo da pol3tica da man de Montero R3os sendo elixido deputado a Cortes en 1905. En 1910 foino de novo polo distrito lugu3s da Fonsagrada. En 1909 foi fundador, xunto con outros intelectuais e pol3ticos, da Liga Agraria de Acci3n Gallega que liderar3a Basilio 3lvarez, con quen o uniu unha grande amizade.

Home de confianza de Jos3 Canalejas, foi nomeado en 1910 Gobernador Civil de Barcelona e dous anos m3ais tarde fiscal do Tribunal Supremo. En 1923 exerceu como ministro de Fomento do 3ltimo gabinete liberal de Garc3a Prieto anterior 3 ditadura de Primo de Rivera. En 1924 fundou en Vigo El Pueblo Gallego, peri3dico democr3tico que abriu as portas a intelectuais republicanos e galeguistas e fixo camp3a a prol dunha rexeneraci3n da vida pol3tica espa3ola. En 1930, Portela Valladares foi un dos asinantes do chamado Pacto de Barrantes, no que participaron os m3ais destacados l3deres republicanos e nacionalistas do momento, entre eles Alfonso Daniel Rodr3guez Castelao, con quen compart3a a necesidade de autonom3a para Galicia e a quen o unir3a unha mutua relaci3n de amizade e confianza. En 1931 contraeu matrimonio coa arist3crata catal3 Clotilde Puig i Mir, que lle deu o t3tulo de Conde de Br3as e lle proporcionou unha importante fortuna. Durante a Rep3blica foi desde 1931 a 1933 parlamentario por Lugo e en 1936 sa3u elixido pola provincia de Pontevedra. En 1935, baixo o goberno dereitista de Alejandro Lerroux, foi gobernador xeral de Catalu3a (marzo-abril 1935) e ministro da Gobernaci3n en d3as ocasi3ns. A finais de ano, o presidente da rep3blica Alcal3 Zamora encomendoulle a presidencia do Goberno. O goberno centrista que presidiu exerceu as s3as funci3ns ata a toma de posesi3n en febreiro de 1936 do goberno resultante das elecci3ns xerais. A pesar das presi3ns golpistas dos grupos dereitistas reco3eceu a victoria da Fronte Popular e entregou o poder 3s vencedores lex3timos o 19 de febreiro. Tras estalar ese mesmo ano a Guerra Civil, Portela Valladares permaneceu leal 3 Rep3blica, sendo fiel 3 s3a ideolox3a liberal e reformista. Dende Barcelona, onde o colleu o alzamento do 18 de xullo, retir3r3ase a Niza, Francia, para posteriormente retornar a Espa3a e ofrecer os seus servizos 3 goberno republicano de Ju3n Negr3n. Participou nas cortes de Valencia reunidas en outubro de 1937.

Finalizada a contenda en 1939, viuse obrigado a sa3r de novo para Francia, onde foi preso pola Gestapo. A3nda que o r3xime franquista instalado en Espa3a solicitou a s3a extradici3n, esta non foi concedida. Faleceu no exilio en Bandol, Marsella, en 1952.

²¹ XO3N XOS3 PLA FERN3NDEZ, (Viveiro, Lugo, 1906) Farmace3tico local e dirixente do Partido Galeguista na Mari3a. Tivo un importante papel no nacemento no Bloque Republic3n Nazonal Galego, xunto con Enrique L3ster e Portela Valladares. Durante a Guerra Civil foi delegado do corpo de Carabineiros. Tam3n foi un colaborador importante do xornal galego "Nova Galiza", editado primeiro en Madrid e logo en Barcelona. Neste 3ltima cidade 3 onde ti3a a s3a sede Solidaridade Galega Antifeixista, agrupaci3n da que era o seu secretario de asistancia. 3 remata-la Guerra foxe a Francia, onde se incorpora 3 maquis, establec3ndose despois la Liberaci3n en Montauban. Tam3n estivo na n3mina dos Servicios de Informaci3n do PNV. En Francia tam3n participou no Fronte Liberador Gallego, vencellado 3 loita guerrilleira constitu3do en Toulouse a finais de 1944 e promovido por L3ster e o PCE. Non deixou de manifestar, tanto 3 PG do interior como o propio Castelao, a s3a disconformidade coa actuaci3n pol3tica do ministro galeguista. Para entender a pol3mica con Pl3a comprender o Terra e Tempo n3 134.

²² TRIF3N G3MEZ SAN JOS3 (Zarat3n, Valladolid, 1889 - M3xico, 1955) foi un Pol3tico e sindicalista socialista espa3ol. Aos catorce anos ingresa como aprendiz nos talleres de ferrocarr3s. Formado pol3tica e sindicalmente na UGT e o PSOE, en contacto cos dirixentes socialistas. Secretario xeral do Sindicato Nacional Ferroviano de UGT (1918-1934). Presidente da Casa do Pobo de Madrid (1927-1933). Vocal da Comisi3n Executiva da UGT (1920-1932) e despois Secretario achego (1932-1934). Elixido en 1931 concelleiro por Madrid (nas elecci3ns que traen a Segunda Rep3blica) e o mesmo ano Deputado a Cortes, renovando o escano en 1933.



Destacouse nas organizacións socialistas no exilio. Ao finalizar a Guerra Civil Española se exilia en Francia, e desde alí reorganiza a UGT. Cando se celebra o I Congreso de UGT de España no Exilio (novembro de 1944), é elixido presidente, cargo que ocupa ata a súa morte. Co goberno Giral foi Ministro de Emigración do Goberno da República no exilio (1945-1947).

Trala dimisión de Indalecio Prieto, o Congreso Extraordinario do PSOE elíxelle para presidir a Comisión Executiva (Toulouse, marzo de 1948), e o XVIII Congreso renóvalle no cargo (Toulouse, agosto 1952).

Participa na creación de organizacións sindicalistas internacionais, a FSM, en 1945, e a CIOSSL, en 1949. O seu labor de divulgación da represión a que estaban sometidos os traballadores españois foi fundamental para espertar a solidariedade do sindicalismo internacional.

²³ MANUEL MARTÍNEZ RISCO Y MACÍAS, (Ourense, 1888 - París, 1954) Amplia estudos en Holanda e Alemaña, e ós 27 anos acadou por oposición a cátedra de Acústica e Óptica da Universidade de Zaragoza e despois na Universidade Central de Madrid. Deputado a Cortes pola Acción Republicana de Ourense durante a República (1931-33). Nas Cortes foi un gran defensor da autonomía para Galicia. En Izquierda Republicana chegou a ocupar postos de responsabilidade. Durante a Guerra Civil dirixiu a fábrica de instrumentos de Óptica creada polo goberno republicano. Trala Guerra Civil vai para Francia onde continúa o seu labor de investigación e chega a ser presidente da Academia de Ciencias de París. Alí chegou a desempeñar altos cargos na súa especialización, traballando coa categoría de "Maitre de Recherches" no Centre National de Recherches Scientifiques. Dirixiu tamén a Asocia-



ción de Profesores Universitarios no exilio e era vicepresidente da Liga Internacional dos dereitos do neno. Foi tamén conselleiro do Bloque Republicán Nazional Galego. Destacan as súas obras: "La asimetría de los triples de Zeeman" (Madrid, 1912 e 1914), "Estudios Generales sobre aberración esférica de orden superior" (Madrid, 1927). Morre en Francia en 1954.

²⁴ JUAN NEGRÍN LÓPEZ (1892-1956) Nacido no seo dunha familia da burguesía canaria terminou moi nova o bacharelato e o seu pai enviouno a Alemaña a estudar Medicina. Se doutorou en agosto de 1912. O estalido da primeira guerra mundial forzou o seu regreso a casa. A súa traxectoria profesional e académica consolidouse en 1922 cando quedou vacante a cátedra de fisioloxía da Facultade de Medicina na Universidade de Madrid. Ata 1929 non iniciou a súa actividade política no PSOE. Coa chegada da República Negrín resultou elixido deputado polas Palmas e empezou a desenvolver un labor silencioso a nivel parlamentario. Nas Cortes de 1933 foi vicepresidente da minoría. En 1934 tras alcanzar a acta de deputado por Madrid concedéuselle a excedencia de cátedra. Cando estalou a guerra civil Negrín era unha personalidade coñecida pero non de primeira fila. En setembro de 1936 Indalecio Prieto suxeriu o seu nome como ministro de Facenda no goberno de Largo Caballero. A súa xestión constituíu un éxito establecendo as bases da economía bélica republicana. Na crise de maio de 1937 Azaña suxeriulle que se encargase de formar goberno. O nomeamento causou unha gran sorpresa na España republicana. Con escasas simpatías cara ás autonomías e decidido a manter a autoridade do Estado, viuse forzado a depender do apoio comunista pero sen descoñecer nunca as súas

posibilidades de manobra. O seu inquebrantable actitude foille apartando progresivamente de Azaña e de Prieto a quen desprazou do goberno. Asumiu entón a carteira de Defensa tratando de chegar a un compromiso con Franco. Combateu a desmoralización republicana e cifrou as súas esperanzas en que o conflito español se elevase a escala europea. Illado e acosado polos seus numerosos inimigos, pareceu perder a súa capacidade de resistencia nas semanas que precederon ao golpe do coronel Casado. Se exiliouse a Francia considerádoselle como o lexítimo xefe de goberno. Ao estalar a segunda guerra mundial os franceses pensaron en deterlle para aplacar a Franco. Trasládouse a Inglaterra días antes do armisticio con Alemaña e permaneceu alí o resto do conflito. Ao término da guerra viaxou a Francia e México. Volveu despois a Francia outra vez e morreu en París en 1956.

²⁵ SANTIAGO CASARES QUIROGA (A Coruña, 1884 - † París, 1950), político galego e avogado. Líder e fundador da Organización Republicana Gallega Autónoma (ORGA), participou no Pacto de San Sebastián (1930), en representación da Federación Republicana Gallega. En decembro dese ano, é enviado a Jaca como delegado do comité revolucionario republicano na clandestinidade para evitar a sublevación que preparaban un grupo de militares republicanos. Non chegou a tempo, polo que a sublevación tivo lugar, sen éxito ningún. A consecuencia desto, foi encarcerado. Coa chegada da república foi nomeado Ministro da Mariña no goberno provisional e máis tarde Ministro de Gobernación. Elixido deputado polas Cortes Constituíntes pola ORGA, seguiu sendo Ministro de Gobernación durante o goberno socialista-republicano presidido por Manuel Azaña. Elixido deputado de novo en 1933, e en 1934 (a ORGA pasa a chamarse Partido Republicano Gallego) une o seu partido co de Azaña e outras forzas para crear a Izquierda Republicana, partido que se integraría no Frente Popular. Tralas eleccións de 1936 é nomeado Ministro de

Obras Públicas. Tralo acceso de Azaña á presidencia da República, Casares Quiroga é nomeado Presidente do Goberno e Ministro da Guerra. Como presidente, organiza o referendo sobre o Estatuto de Autonomía de Galicia de 1936, o terceiro que se presenta despois dos de Cataluña e País Vasco, o cal é aprobado o 28 de xuño do mesmo ano.

Segue sendo presidente do goberno cando se produce a sublevación militar do 18 de xullo de 1936 que desembocaría na Guerra Civil Española. Afírmouse tradicionalmente que se negou a entregar as armas as organizacións obreiras, polo que dimitiu e foi substituído por Diego Martínez Barrio de forma interina e por José Giral definitivamente. Así a todo, as memorias de Manuel Portela Valladares (inéditas até 1972) e as da súa filla María Casares, coinciden en afirmar o contrario: foi o presidente da República, Manuel Azaña, quen cesou a Casares o mesmo 18 de xullo de 1936 porque este último quería entregar as armas ao pobo.

Non ocupou ningún cargo máis durante a Guerra Civil, marchando a Francia antes da súa finalización. Morreu no exilio en 1950.

Santiago Pol era o alcume baixo o cal se encubría o secretario político do PG. Cargo que en principio ocupou Ramón Piñeiro, e logo, unha vez detido este, sería substituído entre outros por Francisco Fernández del Riego.

²⁶ JOSÉ DE REZOLA ARRATIBEL. Personalidade política guipuscoana, nacido en Ordizia o 18 de abril de 1900 e morto en San Juan de Luz (Laburdi) o 26 de decembro de 1971. En 1914 ingresa no Partido Nacionalista Vasco. Licenciado en Dereito, exerce como avogado na súa cidade natal, á vez que comeza a súa actividade política como membro do Secretariado Vasco en San Sebastián, sendo elixido para o "Gipuzko Buru Batzar" en 1932-35. Ao estalar a guerra en 1936 encárgase da Comisaría de Guerra da Xunta de Defensa de Gipuzkoa polo PNV. En xullo deste ano, participa con Irujo, Lasarte e Amilibia, nas negociacións que levaron á rendición aos cuarteis donostia-

rras de Loiola. Comeza, con Cándido Saseta, a organización das primeiras Milicias Vascas. Ao constituírse en outubro de 1936 o Goberno Vasco é nomeado secretario xeral da Consellería de Defensa, comezando a súa colaboración con José Antonio Aguirre, que durará ata o final da guerra. É feito prisioneiro en Santoña en 1937; condenado a morte, a pena élle conmutada por cadea perpetua. Pasará por varios presidios ata o seu exarceración en 1943. Estándolle prohibida a súa residencia en Ordizia, trasládase a Madrid, onde será durante tres anos o máximo responsable da resistencia vasca. Colabora con Peio Irujo, Jesús Insausti e Koldo Mitxelena. Tralo Pacto de Baiona (1945), convértese no primeiro presidente do Consello Delegado e da Xunta de Resistencia. É detido varias veces polas súas actividades clandestinas. Este mesmo ano 1945, é detido en San Sebastián, logrando evadirse e pasando a Iparralde. De novo no exilio e malia a súa saúde, resentida polas súas estancias no cárcere, desprega unha intensa actividade. Entre 1946 e 1951 é un dos principais colaboradores de "Radio Euskadi", emisora clandestina e órgano radiofónico da resistencia en Iparralde. Trala dimisión de Xullo Jauregui é nomeado Secretario Xeral do PNV posto que ostentará durante máis de 12 anos. En 1963, trala morte de Landáburu, é nomeado vicepresidente do Goberno Vasco. Levou Rezola a cabo un destacado labor cultural á fronte de "Euskal Kulturaren Alde" e de "Sabindar Batza". Home progresista e europeísta, participou en representación do PNV e do Goberno Vasco, nos organismos e asembleas do Movemento Europeo e da Democracia Cristiá.

²⁷ LUÍS FERNÁNDEZ CLÉRIGO (Madrid 1883 - México 1948). Avogado. Maxistrado do Tribunal Supremo. Deputado a Cortes de Acción Republicana por Madrid en 1931. Deputado de Esquerda Republicana ao Congreso dos Deputados por Madrid nas eleccións do 16 de febreiro de 1936. Subsecretario do Consello de Ministros. Vicepresidente das Cortes Españolas.



Exiliado en México. Entre as súas obras destacan: as edicións críticas de «O Príncipe» de Maquiavelo e «Eloxio da tolemia», de Erasmo, «Estudo sobre o dereito de familia na lexislación comparada», «Aspectos de Quevedo» (1947) e «Petrarca e Miguel Anxo» (1947).

²⁸ RAMÓN PIÑEIRO LÓPEZ naceu en Lánca (Lugo) en 1915. Despois de cursar na capital de provincia o Bacharelato elemental, volta á súa vila para axudar nas tarefas agrícolas familiares e en 1930 comeza a traballar en Sarria. En 1931, ano da proclamación da República, terá a oportunidade de asistir nesta vila a diferentes actos electorais. Un ano despois Piñeiro regresa a Lugo para estudar o Bacharelato superior e, influído por un mitin do recentemente creado Partido Galeguista, Ramón participaría na creación da Mocidade Galeguista de Lugo, sendo elixido na altura secretario de Cultura (máis tarde chegaría a desempeñar o cargo de presidente). A partir deste momento Piñeiro entra nun período de intensa actividade política que o levaría a exercer en 1936 como secretario do Comité Provincial do Estatuto de Autonomía organizado polo Partido Galeguista.

Tras a guerra civil comeza a cursar Filosofía e Letras en Compostela e Madrid. Porén, Piñeiro, máis preocupado pola reagrupación clandestina do galeguismo, abandonaríase definitivamente estes estudos. Cando a finais de 1945 os nacionalistas cataláns, vascos e galegos deciden tratar co goberno republicano exiliado en Francia, Piñeiro será designado como representante galego naquela xestión. De regreso sería detido e condenado a seis anos de prisión, dos cales cumpriría tres, de 1946 a 1949. Xa libre, Piñeiro voltará a Galiza e desde entón vaise esforzar en mudar radicalmente a estratexia galeguista, prescindindo da opción políti-

ca e reducíndoa cara á intervención cultural, o que provoca a desvertebración do Partido Galeguista. Froito deste posicionamento, coñecido como "piñeirismo", será a fundación en Vigo de Galaxia (1950), a primeira iniciativa editorial galeguista de posguerra. Como director desta empresa e codirector da revista Grial, Piñeiro dedicárase á promoción e difusión da cultura galega. Desde a mesa do seu gabinete de Xelmírez fomentará entre a mocidade o imposibilismo dunha reactivación política galega e dedicárase á escrita. A súa breve produción ensaística (mesmo a de carácter lingüístico-literario, como a que se recolle en Olladas no futuro, de 1974) ten como punto de partida o pensamento filosófico: Siñificado metafísico da saudade (1951), Pra unha filosofía da saudade (1953), A saudade e Rosalía (1962)... No ano 1967 ingresa na Real Academia Gallega cun discurso titulado "A lingoaxe i as língoas" (1967). Xa en época democrática sae electo deputado independente do Parlamento de Galiza polas listas do PSdeG-PSOE e desde 1983 até a súa morte, acontecida en Compostela en 1990, Ramón Piñeiro será presidente (o primeiro) do Consello da Cultura Galega.

²⁹ LUÍS SEOANE LÓPEZ, Bos Aires, 01/06/1910 - A Coruña, 05/04/1979) Naceu nun fogar de emigrantes galegos en Bos Aires. Retorna a Galicia en 1916, cos seus pais, Luis S. Seoane Brocos e María López Mosquera. Na Coruña realiza os seus estudos primarios ata que se traslada a Santiago de Compostela en 1920, onde estuda o bacharelato no instituto de Ensino Secundario Xelmírez. Estando en Compostela inicia tamén os seus primeiros pasos como escritor coa obra de teatro "El percerbe en su tinta", así como a súa verdadeira vocación pola pintura.

Logo, en 1927, comeza os seus estudos de Dereito e Ciencias Sociais na universidade compostelán. Os seus primeiros debuxos son expostos no trínque dun comercio da Praza do Toural e en 1929 fai a súa primeira exposición na "Sala de Amigos da Arte". Na súa tapa univer-

sitaria participou activamente na FUE, ademais foron anos que os seus debuxos ilustran os xornais e revistas máis comprometidas da época en Galicia como, "Resol", "Ser", "Claridad", "Universitarios", "Yunque", "El Pueblo Gallego", etc. Ilustra tamén "Mar ao Norde" (1932), "Cantiga Rolán (1932) e "Corazón ao vento" (1933), de Iglesias Alvaríño. A vida intelectual de Santiago daquela era moi intensa e as tertulias do "Café Derby" e as do "Español" concentraban a diario ós máis coñecidos intelectuais galegos. Nesas cafés fixo amizade con Cuadrado, Maside, R. Dieste, Eiroa, Manteiga, Manuel Antonio, Amado Carballo, García Sabell, Cunqueiro, Fole, Suárez Picallo e Alfonso R. Castelao. En 1934, e xunto con Suárez Picallo e Boedo, montan un estudio de avogados laboristas na Coruña. Tamén dirixiu o semanario de Suárez Picallo "Ser" desde abril a decembro de 1935. Afiliase ó Partido Galeguista dentro do que forma parte da corrente de esquerda marxista que orientaba o seu amigo o deputado Suárez Picallo. Durante a campaña do plebiscito polo Estatuto de Autonomía e nas eleccións do 36 participa ilustrando a campaña electoral con carteis solicitando o voto para a autonomía. Co levantamento de Franco en xullo de 1936 foxe a Portugal, dous meses despois, xunto co seu irmán Rafael e despois conseguen saír cara Arxentina a mediados de outubro. Neste período casou coa súa curmán María Elvira Fernández López (Maruxa). Ó chegar a Bos Aires súmase ás entidades que estaban organizando a solidariedade dos republicanos. Así, incorpórase á "Federación de Sociedades Galegas", institución fundada por Antonio Alonso Ríos. Empeza tamén a colaborar no xornal "Crítica" dirixido por Natalio Botana. En Bos Aires o exilio e os emigrantes galegos en América e Europa son tema central da súa obra. Alí tamén cofundou xunto con Cuadrado, Blanco Amor, Sánchez Guisande, Antonio Baltar, Rey Baltar, Villaverde e Bermúdez Abende a "Logia Antolín Faraldo". Naquela época resolveron fundar editoriais e tamén impulsan a "Fundación do

Fogar Galego para Anciáns". Durante a súa primeira etapa do exilio vincularase tamén ó mundo intelectual arxentino formando parte das tertulias do "Café Tortoni". Escritores e artistas arxentinos como Ernesto Sábato compartían cos exiliados Alebert, Casona, Colmeiro, Lorenzo Varela, Dieste, Maruja Mallo, etc. Outra das tertulias que contará coa presenza de Seoane e a maioría dos exiliados galegos foi a que se xuntaba no restaurante "Casa de la Troya" de propiedade dos irmáns Villaverde. Con Arturo Cuadrado fundará unha serie de editoriais entre elas, Dorna, Hórreo, Emecé e Botella al mar. En Emecé o primeiro que recupera é "Cincoenta homes por dez réas" de Castelao. Tamén fundará con Lorenzo Varela e Cuadrado a revista literaria "Correo Literario", participa da fundación a Editorial Citania, Cuco-Rei e a revista "Galicia Emigrante" (1954-1959) e o programa de radio que leva o mesmo nome. Colabora tamén na Editorial Losada e en 1956 e cofundador de AGUEA. En Bos Aires traballou no Consulado de España, publicou relatos en "Crítica", traballou de periodista en "El Diario". Cofundou ademais o semanario político "Claridad". Nos 60 regresa a España para crear con Isaac Díaz Pardo o complexo artístico de cerámica de Sargadelos, orixe de Edicións do Castro, e crean o Museo Carlos Maside, proxectos que xurden do Laboratorio de Formas con orixe no exilio arxentino. En canto as principais exposicións nas que participou pódense destacar a celebrada no ano 1929 nos "Amigos del Arte" en Santiago de Compostela e no ano 1949 en "Twenty Brook Street" de Londres. En 1950 no "Instituto de Arte Contemporáneo" de Lima, "Arte Bella" de Montevideo e na "Sociedade Hebraica" de Bos Aires. En 1956 na "Galería Sudamericana" de Nova York. En 1963 na "Dirección Xeneral de Belas Artes" de Madrid. En 1967 nas Galerías "Buchholz" de Múnic e a Galería "Boisser" e de Colonia (Alemaña). Morre na Coruña en 1979.

³⁰ ELPIDIO VILLAVERDE REY (Vilagarcía de Arousa, Pontevedra, 16/11/1887 - Bos Aires, 27/11/1962) Realizou os primei-

ros estudos na súa vila natal e os seus primeiros traballos foron nos negocios do seu pai. Marchou a Arxentina sendo novo, e durante a travesía no transatlántico protagonizou un conato de motín xunto co poeta nacionalista Antón Zapata, contra as vexacións das que eran obxecto os seus paisanos que viaxaban enfermos. En Bos Aires Villaverde traballou por recomendación de seu pai en distintas oficinas comerciais. Ó pouco tempo retornou a Vilagarcía de Arousa, onde foi presidente da Cámara de Comercio. Pronto comezou a súa actividade política militando nas Irmandades da Fala, que daquela fundaron na Coruña Antón Vilar Ponte e Lugrís Freire. Posteriormente participou na fundación da Organización Republicana Galega (ORGA). Por este partido foi elixido como primeiro alcalde republicano de Vilagarcía. Desempeñou o seu cargo con honestidade e moito apoio por parte dos seus veciños. Co bienio negro Villaverde sufriu todo tipo de persecucións e incluso detencións domiciliarias. Estivo durante varios meses preso no cárcere de Cambados. Co triunfo da Fronte Popular en 1936, Villaverde obtivo un escano de deputado a Cortes pola provincia de Pontevedra, por Izquierda Republicana, e formou parte, como tal, da Comisión Pro-Estatutos de Autonomía. O estalido da Guerra Civil colleuno na súa vila. Villaverde tentou organizar a resistencia, pero a precipitación dos acontecementos fixo que desistira da súa intención. Colleu un barco que o levou a metade da ría, para logo fuxir, xunto con outros republicanos barbazáns, nun barco de pesca rumbo a Portugal. Ó chegar a Lisboa foi detido o barco e tivo que interceder-lo embaixador republicano, Claudio Sánchez Albornoz. Alí comezou a colaborar con el. Villaverde, xunto co embaixador, partiu nun barco inglés rumbo a Francia. Deste último país saíu para Madrid para poñerse ó servizo do goberno da Fronte Popular. Foi un dos membros fundadores do Batallón de Milicias Populares Gallegas. Ó remate da guerra pasou a Francia e ó pouco tempo partiu para Bos Aires con toda a familia no barco "Massilia". No mesmo barco

viaxou Arturo Cuadrado e Amparo Alvar. Chegaron en outubro de 1939. Ó pouco de chegar abriu un café ó que lle chamou "Casa de la Troya". Pronto se converteu nun lugar frecuentado polos republicanos e os nacionalistas da época. Alí organizábase unha das tertulias máis destacadas onde colaboraban, entre outros Dieste, Seoane, Cuadrado, Lorenzo Varela e Blanco Amor. Como o local era frecuentado por pintores galegos (Colmeiro, Seoane, Castelao...). Villaverde propúxolles que enchesen as paredes con murais. En outubro desprazouse xunto con Castelao ata México para participar no Parlamento Español no exilio. Como deputado e membro do Consello de Galiza Villaverde foi convidado á toma de posesión dos presidentes do Uruguai e Chile. Participou no Primeiro Congreso da Emigración Galega realizado en Bos Aires en 1956. Cando morre Castelao, Villaverde encabezou xunto a Suárez Picallo e Alonso Ríos o Consello de Galiza. Elpidio Villaverde morre o 27 de novembro de 1962. Foi enterrado no mausoleo do Centro Gallego.

³¹ XOSÉ NÚÑEZ BÚA. (Ourense, 1903 - La Plata, 1981) Mestre, avogado e xornalista. Director do colexio León XIII en Vilagarcía de Arousa. Secretario de Propaganda do Partido Galeguista e vicepresidente da Deputación de Pontevedra en 1936. Ó comenzo da Guerra Civil, Valentín Paz-Andrade axudouno a cruzar-la fronteira de Portugal. En Bos Aires, cidade á que se exilia en 1936, colabora en Galicia Emigrante, co nome de J. D'a, escribindo tamén en Galeuzca. Promotor do Instituto Argentino de Cultura Gallega de La Plata e secretario da A. G. U. E. A, creada en 1956. Tamén foi colaborador de "El Día" e "El Provincial" de La Plata e de "El Tiempo" e "Comercio e Industria" (Pergamino). Os seus traballos xornalísticos están recollidos no libro "Revoeira. Homes. Feitos. Verbas" (Montevideo, 1971).

³² MANUEL TORRES CAMPAÑA? - México 1968. Profesor. Deputado por Madrid do Partido Republicano Radical en 1931 e de Unión Republicana en 1936. Exiliado en Francia e México. Ministro de Gobernación (UR) do primeiro Goberno de José Giral Pereira (IR) da II República no Exilio (VIII-1945 / III-



1946). Ministro de Interior do segundo Goberno de José Giral Pereira (IR) da II República no Exilio (IV-1946 / I-1947). Ministro de Emigración do primeiro Goberno de Alvaro de Albornoz e Laminiana (IR) da II República no Exilio (VIII-1947 / II-1949). Autor de «A gran fraude franquista» (1957).

³³ JULIO JUST JIMENO (Valencia - Port Vendres. (Francia) 1976) Deputado por Valencia en 1931 polo Partido Republicano Radical e en 1936 por Esquerda Republicana. Ministro de Obras Públicas (1936-1937). Exiliado en Francia durante a ocupación alemá, estivo no cárcere e internado nun campo de concentración. Foi tradutor nos organismos internacionais dependentes da ONU. Ministro de Defensa e Interior do Goberno de Rodolfo Llopi Ferrándiz (PSOE) da II República no Exilio (II / VIII-1947). Ministro de Gobernación do primeiro Goberno de Alvaro de Albornoz e Laminiana (IR) da II República no Exilio (VIII-1947 / II-1949). Ministro de Acción no Interior e no Exilio do primeiro Goberno

Felix Gordon Ordax da II República no Exilio (VIII- 1951 / I-1956). Ministro de Xustiza e Acción no Exilio do segundo Goberno Felix Gordon Ordax da II República no Exilio (I-1956 / IV-1960). Vicepresidente e Ministro de Emigración e Interior do Goberno de Xral. Emilio Herrera Linares da II República no Exilio (V-1960 / II-1962) Ministro de Emigración e Interior do Goberno da II República no Exilio de Claudio Sánchez Albornoz (III-1962 / II-1971). Vicepresidente e Ministro de Emigración e Interior do Goberno de Fernando Valera Aparicio da II República no Exilio (II-1971 / VIN-1977).

³⁴ RAMÓN OTERO PEDRAYO naceu en Ourense, no seo dunha familia fidalga, culta e liberal. Cursou o Bacharelato en Ourense e a licenciatura en Dereito e Filosofía e Letras en Madrid. De volta á súa cidade natal pasou a ser unha das figuras máis dinámicas do ambiente cultural do Ateneo, xunto con Vicente Risco, Florentino Cuevillas e Primitivo Rodríguez Sanjurjo. Con este grupo, completamente desligado da cultura e política galegas, Otero dará os seus primeiros pasos na literatura, intervindo na redacción da revista *La Centuria* (1917-1918). Pouco despois, a instancias de Antón Losada Diéguez, o grupo tomaba conciencia da problemática do país e ingresaba nas fileiras do galeguismo. En 1919, Otero gañou as oposicións a cátedras de ensino medio e axiña foi destinado ao Instituto de Ourense. A partir de agora vai dedicarse ao cultivo das nosas letras nos ámbitos máis diversos, distinguíndose como un dos máis insignes polígrafos galegos. Colabora en diferentes xornais e revistas, desenvolve unha intensa actividade na sección de Xeografía e Historia do Seminario de Estudos Galegos e principia o seu labor como escritor. A súa primeira obra narrativa foi a novela curta *Pantelas, home libre* (1925), á que seguirán *Os camiños da vida*, *Arredor de si*, *A romaría de Xelmirez...* Tamén cultivou Otero o relato breve e o ensaio, fundamentalmente de carácter histórico, xeográfico e literario, ao tempo que se revelaba como orador de extraordinarias cualidades, espontáneo e exuberante.

Participa na fundación do Partido Galeguista e sae elixido, en 1931, deputado das Cortes Constituíntes. No seo do Partido, Otero situábase ideoloxicamente no bando conservador, mais acaitou a decisión da maioría cando esta optou pola integración na Fronte Popular. Ao comezar a guerra civil, a pesar do seu talante conservador e relixioso, Otero foi expedientado, cesado como catedrático de instituto e retirouse á casa familiar de Trasalba. Desde alí colaborou puntualmente na prensa americana, en publicacións madrileñas e cataláns e, xa a mediados da década de corenta, con maior asiduidade en diferentes xornais galegos.

En 1949 foi restituído na súa cátedra de Instituto e no ano seguinte gañou a cátedra de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela. Participou tamén na fundación da Editorial Galaxia, para a que entregará a colección de relatos *Entre a vendima e a castiñeira* e numerosos traballos que foron publicados na revista *Grial*.

Na capital galega vai morar ata 1958, etapa na que servirá de guía á mocidade galeguista que está a xurdir nos ambientes universitarios e contribuirá á súa vertebración. No momento do seu falecemento, en 1976, era considerado unanimemente o patriarca das letras galegas, creador dunha vasta e plural obra literaria e ensaística, e un grande exemplo da resistencia galeguista na longa etapa da ditadura. Home dunha vastísima cultura, Ramón Otero Pedrayo integra, con Risco, Castelao e Losada Diéguez, o denominado Grupo Nós.

³⁵ XOSÉ FERNANDO FILGUEIRA VALVERDE naceu en Pontevedra en 1906. Realizou estudos de Dereito, Filosofía e Letras (alcanzando o título de doutor) e Psicoloxía nas Universidades de Santiago de Compostela e Zaragoza. En 1923 formou parte do grupo de fundadores do Seminario de Estudos Galegos, onde dirixiu a sección de Historia da Literatura. Desde ese momento e até a súa morte, acontecida en Pontevedra en 1996, o erudito pontevedrés mantería unha gran actividade na promoción de iniciativas culturais.

Filgueira Valverde iniciou o seu amplo labor docente en 1927 no Instituto de Ensino Medio de Pontevedra. En 1935 gañou unha cátedra no Instituto Balmes de Barcelona e posteriormente exerceu en Lugo e na cidade do Lérez, da que foi alcalde. Pola súa dedicación ao ensino recibiría o alcume do "vello profesor". Con motivo da orientación cara a Fronte Popular do PG, Filgueira encabeza a escisión da dereita galeguista. Logo, co golpe, aliñárase co Franquismo.

Membro numerario da Real Academia Galega desde 1942 e correspondente das Reais Academias de Historia, de Lingua e de Belas Artes de San Fernando, en 1972 foi nomeado vocal do Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela. Dirixiu ademais o Museo "Rosalía de Castro", o Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos e o Museo de Pontevedra. No bienio 1982-83 exerceu o cargo de Conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia. Na década de trinta foi colaborador habitual de *El Pueblo Gallego* e *Logos*, publicación esta última en que mantería unha sección de comentarios bibliográficos asinados co pseudónimo J. A. Para alén destes artigos, a súa obra literaria atinxe a narrativa, a poesía, o ensaio e o teatro. Así, na súa produción figuran o libro de relatos *Os nenos* (1925) e a semblanza *O vigairo* (1927); o texto teatral *Agromar. Farsa pra rapaces* (1936) —estreado en 1932—, de novo asinada por J. Acuña; as antoloxías *Cancioneiriño de Compostela* (1932) e *Cancioneiriño novo de Compostela* (1969), en que recolle composicións do medievo e etapas posteriores que fan referencia á capital galega, ou o volume de prosas literarias *Quintana viva* (1971). Porén, a maior achega de Filgueira Valverde constitúena os seus traballos no campo da investigación. Moitas destas prosas, espalladas pola imprensa diaria, foron recollidas polo autor nos nove volumes editados baixo o título xenérico de *Adral* entre os anos 1979 e 1996. As súas achegas ao coñecemento da lírica medieval verían a luz en 1992 no libro *Estudios sobre lírica medieval: traballos dispersos* (1927-1987).

Nova mocidade emprenedora

Nova sabedoría do rural

Hai moito máis que innovación, produción e calidade.
Hai moito máis que boas oportunidades para a
mocidade que elixe traballar no novo rural.
Hai outra filosofía de vida.... unha nova sabedoría.
E ti... se sempre volves ao rural ...
Por que non ficas a traballar nel?



novas axudas
á incorporación da mocidade á
actividade agraria
e mellora das explotacións

<http://mediorural.xunta.es>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



Infórmate e establécete no rural.



galiciacalidade

www.galiciacalidade.es

cos ollos pechados



Só os mellores produtos e servizos se elixen cos ollos pechados.
En Galicia Calidade seleccionamos as marcas de maior prestixio.